27 xaneiro
febreiro
marzo 1970

GRIAL

D. GARCÍA-SABELL: Castelao, ou Galicia ó axexo

M. RODRIGUES LAPA: A questão do "Amadis de Gaula" no contexto peninsular.

MICAELA MISIEGO: As orixens vikingas do príncipe Hamlet.

F. BOUZA BREY: El Estado suevo en Galicia y su organización interna.

M. CASADO NIETO: O Xénesis. Versión galega da "Vulgata latina".

R. CARBALLO CALERO: Il Canzoniere di Don Lopo Liáns.

AMADO RICÓN: Encol dun poema galego esquecido de Benito Vicetto.

VIGO

© EDITORIAL GALAXIA, S.A.
Reconquista, 1 - VIGO
I.S.B.N. 84-7154-611-6 (Obra completa)
I.S.B.N. 84-7154-619-1 (Tomo VIII)
Dep. Legal VG-234-1988

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 27 — XANEIRO, FEBREIRO, MARZO 1970

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Castelao, ou Galicia ó axexo, por D. GARCIA-SABELL ... 1
A questão do "Amadis de Gaula" no contexto peninsular, por M. RODRIGUES LAPA ... 14
El Estado suevo en Galicia y su organización interna, por F. BOUZA BREY ... 29
As orixens vikingas do príncipe Hamlet, por MICAELA MISIEGO ... 40

ESCOLMA

O Xénesis. Versión galega da "Vulgata latina", por MANUEL CASADO NIETO ... 56

PENEIRA DOS DIAS

Il Canzoniere di Don Lopo Liáns, por R. CARBALLO CALERO ... 75
Encol dun poema galego esquecido de Benito Vicetto, por AMADO RICÓN ... 79
Os santos en Galicia, por FR. GUMERSINDO PLACER ... 90
Lembranza da revista "Nós", por SALVADOR LORENZANA ... 97
Vacaciós de amor, por TERESA OTERO SANDE ... 101
¿Living Theatre?, por M. SYS. Trad. COSME BARREIROS 105
El poeta Feliciano Rolán, por JUAN JOSÉ DOMENCHINA 108

LIBROS, por *Xohán Ledo, Victoria Armesto, B. Losada, Xosé Ramón Barreiro Fernández, L. T. B., M. P. A., M. Torres*, e *P.* ... 111

O REGO DA CULTURA ... 125

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

CASTELAO, OU GALICIA Ó AXEXO

CASTELAO COMO SÍMBOLO

Castelao é hoxe, con Rosalía, a máisima figura representativa do ser de Galicia. Castelao é un símbolo.

¿Por qué? Porque Castelao representa *a outra cara* de Galicia.

Rosalía é a reaición galega frente ó enigma da eisistencia. Castelao é a reaición galega frente ós problemas vitales e concretos da nosa terra. Rosalía é un sere pescudador. Castelao é un sere testemuñante. É un testemuño.

Rosalía dinos: ¿Por qué eisiste a disgracia? ¿Qué senso ten a morte? ¿Resólvese todo na nada? Ou, por outra banda: ¿por qué o noso idioma non vai servire, non vai sere tan válido como outro calisquer? ¿Por qué as nosas xentes han de terse por despreciables, os nosos costumes por bárbaros i a nosa terra por ineisistente? ¿Por qué tudo isto?

Xa sabemos cáles foron as contestas rosaliáns. Algunhas delas tan xeniales, tan drásticamente radicales, que aínda hoxe resoan nos nosos ouvidos, e aínda hoxe poseen un enorme tesouro de verdade e de beleza.

Castelao, pola súa parte, non se pergunta ren. Sinxelamente, amostra o que hai. E si algo se pergunta non é tanto pra obter unha resposta canto pra *facernos ver* —sempre *facernos ver*— deica qué punto a nosa indixencia de pobo escuro purra polas inquisiciós que son, en sí mesmas, unha vergonza coleitiva.

UNHA NOVA CRASIFICACIÓN ANTROPOLÓXICA

Penso que entre tanta crasificación antropolóxica como hoxe eisiste (xa en 1955 a Dra. Stourzh-Anderle tiña catalogado varias dúceas) falla unha ó meu ver decisiva. A que con-

sidera, dunha banda, ó home que pescuda as orixens. E, pola outra, ó home que testemuña a realidade.

Cecais non teña habido sazón histórica como a aitual na que ises dous tipos de criatura humá aparezan con tanta acuidade e con tanta insistencia. Máis que nunca, é a nosa unha época que separa ós homes —cando istes son verdadeiramente homes e non números innominados dunha coleitividade— en individuos que pescudan as orixens i en individuos que amostran as realidades. Heidegger na Filosofía, Freud ou v. Weizsäcker na Meiciña, van Gogh ou Kandinsky na Pintura, ou Rilke na Lírica son bons exempros da pirmeira categoría de seres indagadores. Wittgenstein na esfera do pensamento, Erwin Strauss na Clínica, Paul Klee na Plástica, Godfried Benn, ou Joyce, ou Musil na Literatura, poderían sere paradigmas da segunda crás, a dos seres *apresentadores*.

Uns e outros poseen moitos puntos de fecunda tanxencia. En certas zonas entrambos estamentos entran en relación comunicativa. Pois uns e outros tratan de entender a realidade, de comprendela e, por ende, de aituar sobor dela, de dominala, de sometela á enerxía moldeadora do esprito.

O que acontece é que as súas necesidades —xa que non os seus fins— difiren radicalmente. O buceador dos fondos abisales, o mineiro que marcha tras o nacemento do filón, faino porque non vive, non sabe vivir sin un derradeiro fundamento. Ó fallarlle o apoio inteleitoal da transcedencia, ou si se quere, a presenza inquedante pro asentadora do Ser, ista caste de homes síntese insegura. Entón intenta, por medio do pensamento, atopar máis alá das aparencias os comenzos, e máis alá do inmediatamente dado, o sustento da realidade. Nunha verba, percura dar con todo aquelo que constituie principio, orixen, pirmeira emanación, cousa fundamentante. Ou que ven sendo o mesmo: raigaña, e non froito.

En troques, o apresentador, o testemuñante, arela entender a realidade dende os fenómenos. Dende o que xurde, dende o que se nos amostra. A iste impórtalle o froito, e chouta, despreocupado, sobor do humus misterioso que oculta a raiceira. Non é que o individuo testemuñante eluda a rexa obriga de acceder ó recolleito i escondido. Non. O que acontece é que acredita na virtude redentora *da presencia*. Pra violentar aquelo que nos arrodea —homes, cousas, ambiente— a pirmeira condición é poder agadoupar niso mesmo que nos circunda. A realidade hai que a atrapelar, hai que sorprendela nos seus intres siñificativos. I entón, soio entón, será posíbel con-formala. O moldeado da realidade supón, denantes que outra cousa, a cazata da realidade. A poda non modifica a raiceira, pro sin dúbida modifica os froitos. O home testemuñante non vai direito á raigaña, mais a obriga a traveso do que ela produz.

Velahí, pois, o que distingue, asegún eu penso, a unha e outra crás de criaturas espritoales.

Teño a evidencia de que si eisaminásemos a situación aitual da cultura europea dendes ista perspeitiva, chegaríamos a concrusiós sorprendentes, novas i estranas. I eisí veríamos que, contra toda aparencia, individuos que pasan hoxe por sere os pescudadores do orixinario, por exempro Einstein, son, en verdade, cazadores de evidencia, ou o que é o mesmo, mostradores do que hai, testemuños xeniales do que se nos apresenta. (E deixemos fora do noso alcance a aguilloada do tema).

As facianas do testemuño

Veño de decir que Castelao é un ser testemuñante. Regresemos, por tanto, ó testemuño. E demos un paso adiante no noso camiñar inteleitivo. Pra iso formulemos unha nova pergunta, a sabere, ¿qué estroitura posee a mostración, qué senso ten o testemuño?

Nunha pirmeira instancia, testemuñar é apresentar algo, a traveso dún mesmo, á consideración dos demáis. Niste senso amplio tan testemuño pode ser un cadro abstracto —que constituie en sí mesmo unha realidade ouxetiva— como a reprodución fotográfica dunha paisaxe ou dunha figura determinada. Nembargantes, nós, sin necesidade de maiores aproisimaciós discursivas, axiña notamos que hai unha considerable diferencia entre ún e outro modo de testificación. No caso da fotografía —e si o que a fai non intenta outra cousa que obter unha proba documental— o suxeto limítase a usar asépticamente dún artificio téinico que lle asegura a reprodución óptica do tema buscado. E o que o fotógrafo nos entrega, a favor dise artificio téinico, é a visión neutra e indiferente dun cacho de realidade. Nós, dediante da foto, sabemos que aquélo é realmente aquélo —esguello cidadán, arbre entre arbres, bulto humán anónimo— e ren máis. Nise *ren máis* vai implícita a iñorancia do que pasa no seo individual do suxeto autor do documento. Non se nos dí nada da posible adecuación entre o que se nos ofrece i a intimidade de quén o ofrece. Eu podo sentir noxo hacia determinado moimento arquitectónico, pro nada impide que a miña fotografía dise moimento seña, en sí mesma, demostrativa e contundente. Eu penso e sinto unha cousa. A miña fotografía, a que eu fixen, cala ise pensamento e ise sentir. Permanece allea a entrambos. É *ren máis* que unha fotografía.

En troques, o pintor —seña abstracto ou seña figurativo— intenta representar, intenta facer presente a traveso da esterioridade cromática *depositada* no lenzo, a súa propia interioridade máis ou menos inefable. Agora ben, eiquí *a correspondencia* entre as duas instancias —cadro e intimidade per-

soal— eisiste sempre. O que sucede é que pode ser moi estricta, moi cinguida ou, sinxelamente, froxa, laxa. Pro agora isa relación xa non nos é indiferente. Porque ela mesma é a que define o valor supremo da obra de arte, a sabere, o grado non da súa *verosimilitude,* senón o da súa *autenticidade.* (E por iso un cadro pode sere auténtico inda que non seña real). Con efeito, cando a ligazón entre a obra de arte i a persoa que a creou é verdadeiramente indisoluble, decimos que a obra é auténtica. Cando tal trabazón cáseque non eisiste, decimos que a obra é inauténtica. Levado iso ó plano do testemuño, afirmaremos que no pirmeiro caso *a mostración* é veraz, e no segundo, falsa. Mais o falso non pode solicitar a nosa adhesión, namentras que o verdadeiro a eisixe ou, para sere máis esaitos, nola arrebata. Estamos poseídos pola obra artística na medida na que ela nos obriga a recoñecela como testemuño dunha realidade fonda e verdadeira: na do entronque do individuo creador co mundo por ele creado. De ahí o efeito como hipnótico dun bó cadro ou dunha música verdadeira. Entregámonos a ise noble facer, deixámonos levar polo seu encantamento e, dise xeito, *confiámonos.* A confianza nace dunha verdade real que, no testemuño, non percisa de máis probas que as que constituie a súa propia, honesta presenza.

Eisí, pois, o testemuño é antropolóxicamente verdadeiro cando o seu contido pode insertarse, sin violencia, por unha banda na realidade testemuñada e, pola outra, na realidade testemuñante. O testemuño é unha doble chave —una chave maestra— que se instala entremedias do mundo i a persoa pra abrir, simultáneamente, entrambas estroituras. Quén testemuña de algo, faino tamén de sí mesmo. Porque, entre outras razós, a realidade testemuñada obrígao e constríñeo. A realidade testemuñada, testemuña, á súa vés, sobor do testigo, é testigo do testigo.

O TESTEMUÑO DE CASTELAO NA SUA OBRA

Vexamos agora en qué consiste o testemuño de Castelao sobor de Galicia e cómo *se corresponde* ca súa propia textura persoal. Cómo ele testemuña a Galicia e cómo Galicia —presentada por Castelao— depón testemuño sobor dele.

Pra iso vou a virarme a fai anos abondo. Xustamente cincoenta. ¿Por qué? Porque nisas datas —entre 1916 e 1918— Castelao prepara medio centenar de dibuxos que espón por Galicia adiante co designio de que Galicia esperte e cobre concencia de sí mesma. Máis tarde, en 1931, ises dibuxos editaránse nun álbum, gracias ó coidado dun fato de amigos do artista. Ise álbum, entón famoso e hoxe cáseque descoñecido —en especial prás xeneraciós mozas— é o volume tidoado "Nós".

Pro non é somentes o descoñecemento dise álbum o que me empurra a ocuparme hoxe dele. Impórtame sobor de toda isa obra por catro motivos: Un, porque nela está, espreso e vivo, todo o drama vital, humán e coleitivo da nosa patria. Outro, porque nela está testificado o ser radical do home que se chamóu Alfonso R. Castelao ou, como a nós os galegos nos gusta decir, Castelao sin máis. En terceiro lugar, porque o contido da obra, a súa tremenda realidade, aínda sigue hoxe viva no país —a meio século do seu testemuño. E, derradeiramente, porque nela acubilla á súa vés, virtual, pro moi evidente, toda a producción artística posterior de Castelao, dende os libros de "Cousas" deica "Os dous de sempre", "Retrincos", "Un ollo de vidro", "Os vellos non deben de namorarse" ou, agora mesmo, os "Dibuxos de negros". "Nós" é unha suma anterior ós sumandos.

Moi en esquema, coido que ista obra pode dividirse nos seguintes apartados: Pirmeiro un Prólogo no que se declara, pola vía visual, a intención profunda do libro. Logo, as diversas facianas, as fazulas da vida galega, que eu colocaría baixo istes epígrafes: 1.—A vida decote. 2.—A inxusticia. 3.—A miseria do pobo. 4.—O drama da emigración. 5.—A afirmación galega. 6.—O sarcasmo derradeiro.

Cáseque abonda con falar do Prólogo: A morte leva na súa oca entrana o esquelete dun neno con un tiro na cachola. As mans da morte erguen pra riba, con ademán litúrxico, a outro picariño ateigado de vida. Ó fondo, encimada sobor da morte, unha estrela solitaria.

O neno oferecido —que é o día— i a estrela esenta —que é a noite— son os signos premonitorios dun novo ciclo na esistencia coleitiva de Galicia. É un escomenzo, un albisco de escomenzo. I é, ó tempo, unha profesión de fe. (Como anos máis tarde o será "Alba de groria").

A "vita nuova" de Galicia ten de ser amosada pola morte. Dunha banda temos as figuraciós da finitude: a osamenta infantil, a caluga furada; o seo duro, mineral, estéril, enxoito. Por outra banda, as imaxens da xermolación e da colleita —o que endexamáis acaba: o ser tremecente e ledo que trenza as pernas con inicial esbozo de muiñeira —baixo o cómplice parpadeo da lumieira noiturna, do vagalume celeste.

Veleiquí, pois, o punto de partida. Rescatemos o que se nos ofrece, semella decirnos o artista, denantes que os dedos descarnados da morte apreten, unha vegada máis, as carnes delicadas.

Trátase, por tanto, de espertar ó sofrido corpo coleitivo. O que sigue logo é a presentación, a traveso dos ollos, da *forma* dise corpo comunitario.

ANÁLISIS DO CONTIDO DE "NÓS"

O pirmeiro que chama a atención en "Nós" é, xustamente, *o que nele non hai.* Ó meu xuicio, dúas son as cousas que nele non hai. Pirmeiro, sentimentalismo. Nada nises dibuxos amosa ca pretensión de bater superficialmente sobor da sensibilidade do contemplador. As figuras humáns de Castelao non recraman o doado choromiqueo, nin a branda compasión. Recraman outra cousa, a sabere, a cólera. (E nisto Castelao emparella con Rosalía). Ou piden o sorriso empatizante, por riba da dor que eles espresan. Iste sí que é humorismo. I eiquí sí que o noso dibuxante se afasta do vieiro eisistencial do poeta. Que epenas, ou xamáis, botóu man do humor xenuino.

Pro tamén Castelao se afasta da nosa Rosalía en outro aspeito, o da falla de alusiós anguriantes á transcendencia, ós probremas da transcendencia. Inda máis, cando Castelao a alude é pra tratala ca sinxela familiaridade confidencial da vella parella paisán:—"¡Que San Roquiño nos liberte de médicos, abogados e boticarios!" Eiquí a custión non está en clamar a Deus mesmo como a unha instancia incomprensible. Unha instancia —tal en Rosalía— que cala e permite a disgracia. Non. Eiquí do que se trata é dunha súplica aldeán e, como tal, con todo o seu realismo, encamiñada a unha instancia concreta e coñecida.

Craro está que tamén no álbum se nos oferece o sarcasmo do demo que, ca lupa na man, ouserva, sardónico, a leve esfera flotante do noso planeta. Pro ista é outra familiaridade de tipo literario, formulada por un labrego ou un mariñeiro que se houbesen inteleitoalizado. En derradeiro termo é tamén unha versión visual, ó revés, do famoso verso de Curros: "¡Si éste é o mundo que eu fixen, que o Demo me leve!".

De ahí se non pasa. Non se dá o pincho prá nada, o xenial pincho que deu Rosalía. Castelao permanece apegado ás inmediateces da terra. Castelao non sigue un vieiro metafísico como fixo Rosalía. E xusto por iso mesmo entrambas criaturas se complementan. E cecáis tamén por iso, como dixen no principio, entre os dous compoñen a totalidade da figura espiritoal de Galicia.

Engadamos máis: Entrambos son verdadeiros porque entrambos ven as cousas en profundidade. O que acontece é que a profundidade dún e doutro son de calidade distinta. A fondura de Rosalía é máis radical, no senso literal da palabra *radical,* é decir, máis da raigaña, máis do orixen primeiro. De ahí a perforación rosaliá dende as cousas á súa siñificación transcendente —ou á súa ausenza de siñificación transcendente. Rosalía pertenece á cras dos rastreadores do orixi-

nario. Castelao, pola súa parte, ve as cousas dende o seu valor siñificativo como tales cousas. Dende a súa inserción nunha realidade que as ademite ou que as refuga, pro que non pode negalas. Castelao ten un propósito concreto, inmediato, cinguidamente humán, e a ele endereita todos os seus espedientes artísticos. Castelao vai ó arbre, fai a poda, e pretende cambear os froitos. Pensa que, dise xeito, cambeará, sin dúbida, a raiceira mesma. Por iso Castelao é un exemplar esgrevio da cras dos presentadores da realidade.

Agora, chegados a iste punto da nosa pescuda, cabe que perguntemos: e si en Castelao, que é un amosador da realidade, non hai sentimentalismo, nin hai anguria eisistencial, ¿qué é o que hai? ¿Cál é a realidade que Castelao nos amostra? Dito doutro modo: ¿cál e o denominador común dos seus conmovedores e tremecentes dibuxos? Veleiquí, niste intre, a nova custión.

A Galicia de Castelao

Non ten volta, e non percisa de maiores demostraciós, que o denominador común da obra de Castelao é Galicia, de que Castelao *opera* sobor de Galicia.

Mais demos un paso avante, camiñemos outro treito e perguntemos: ¿e qué é Galicia prá Castelao? ¿Qué é Galicia dentro da entrana testemuñante de Castelao?

Pois é unha coleitividade humá natural con características propias —idioma, costumes, cultura, psicoloxía, historia, etc., etc.,— que, por múltiples razós, estaba —i está— afogándose na súa propia sustancia. Un pobo que se atopaba en trance de asfixia. Os faitores que condicionan o abafamento de Galicia como suxeto aitivo da súa propia historia, xa os mencionamos: centralismo, caciquismo nas súas máis variadas formas, estreiteza económica, abaixamento da língoa —tamén nas súas máis varias e refinadas formas—, iñorancia, probeza, etc.

Non é mester que eu faga un repaso cronolóxico dos espedientes da rebelión máis ou menos aberta, pro sempre viva, que Galicia praiticóu pra se defender dos seus males. Iso é historia, e aínda que tal historia a nós os homes de Galicia nos interese moito, sobor de todo porque de sempre se ven falseando, o que agora solicita a nosa atención é a realidade galega que, ó cabo de voltas e revoltas, a Castelao se lle aparecía cando hai 50 anos inicióu a súa tarefa aguilloadora da concencia coleitiva do país. Por riba dos avatares históricos, ou sería máis esaito decir, baixo eles, o pobo, o pobo verdadeiro, isto é, os labregos i os mariñeiros, —o pobo desvalido— tiña tres cousa, e isas tres cousas eran as que Castelao *veía*

como unha aititude comunitaria, como unha constante de aititude comunitaria. Con isas tres cousas o pobo defendíase *instintivamente.* As tres cousas, as tres armas *siñificativas* eran a língoa, o humor i a espera. Non se crea que trato de facer lirismo fácil, nin de gabar supostas resiñaciós coleitivas —que, por outra banda, endexamáis houbo. Ren diso. O idioma, o humor i a rexa espera constituen caraiterísticas antropolóxicas do galego, que, ó longo de séculos, teñen mostrado a súa indudable eficácia. Tanta foi que, gracias a elas, Galicia non puido sere aniquilada. Galicia é Galicia porque a súa xente fala o idioma materno, porque a súa xente se atrincheira frente á adversidade, no humor, instancia humá que, como ten demostrado Celestino Fernández de la Vega, é algo máis que unha verba vouga, i é tamén algo máis que unha mera propiedade psicolóxica de segundo grado. Galicia seguíu sendo Galicia porque soupo non perder fé en sí mesma, é decir, porque soupo ter confianza, cando non podía facer outra cousa, na espera. Ou o que é o mesmo: na nonentrega. Nunha palabra, porque a língoa, o humor i a espera son unha couraza tripartita que funciona como un todo íntimamente trabado.

Eisí, por exemplo, o sorprendente fenómeno da conservación aitiva do idioma —despóis de cinco séculos de forte acoso ó mesmo—, é, en derradeira instancia, unha espresión aitiva, *a forma aitiva disa capacidade de agarde eisistencial.* Pois si o pobo persistíu en falar galego, en usar o galego, a pesares de tódalas persecuciós pasadas, a pesares do seu vello descreto social —hoxe felismente en vías de desaparición— é porque o chan coleitivo, a ialma da coleitividade eisí o eisixía. Porque era un dereito difícil de forzar. Unha propiedade difícil de arrincar. Unha propiedade que o pobo galego endexamáis entregóu. E se non achaque tal persistencia idiomática ó aillamento da vida rural, ou á súa incultura. Pois agora, cando o enquistamento esvaece, cando a cultura se espalla, a utilización da língoa propia cunde en forma acelerada e asoballante. O que indica que na espera campesía había algo máis que autismo iñorante. Que a súa vixencia era algo máis que túzara aititude aldeán. Nunha palabra, Galicia soupo *aturar.*

Ista é pois a realidade que Castelao atopa cando un día, na súa mocedade, decide abandonar a carreira de médico e adicarse ó arte. E cando, ó fin, resolve facer dise arte unha arma de loita. O que atopa pode resumirse eisí: Un país con craras dimensiós propias, pro con toldada concencia coleitiva.

E agora xa estamos en condiciós de respostar á nosa derradeira pergunta: ¿Qué é Galicia dentro da entrana testemuñante de Castelao? Pois é unha patria, é a patria. Iso é

o que hai no album "Nós". Pro apresurémonos a engadir: unha patria delongada, tristeira, iñorante, carcomida, ausente. Unha patria, pra decilo con verbas do propio artista, que "s'esperguizaba d'un longo sono". Unha patria, en suma, semidormida. Unha pantasma.

A SEGUNDA REALIDADE DE "NÓS"

E dise xeito chegamos a outra cousa que hai no álbum e que por sere a máis de perto, a máis evidente, se non vé, non nos percatamos dela no grado abondo como pra que, ela mesma, se nos convirta en custión, a sabere, que o que o libro nos ofrece son emociós plásticas. Ou, para sere máis esaitos, vivencias sustentadas pola visión.

A anguria polo despegue do terruño, a resiñación, o aturar a vida i as súas miserias, a vileza do que manda, a invalidez coleitiva, a retranca paisán, o fervor milagreiro do pobo, non son descritos con palabras, aínda que en palabras se reclinen. *Son apresentados á contemplación do leitor.* As léndas remiten ós dibuxos e neles atopan xustificación e cabal cumplimento. Os xogos das liñas i os perfiles, o que é imaxen, vive con vida autónoma, e aínda ó faría igoal sin o báculo do pé escrito. Os dibuxos falan, poseen enerxía locutiva en sí mesmos. ¿Qué ten acontecido eiquí?

Castelao aluca ó seu derredor. I o que vé arríncalle ó seu corazón dór, ou cólera, ou furia xusticieira, ou fonda, conmovedora tenrura. (Isto deradeiro sobor de todo cando contempra ós nenos, ós picariños —que son o porvir). A realidade fai a súa *chamada* a traveso das figuraciós. A ialma de Castelao é visiva, eidética. Xurde, como en todo artista creador, xurde como en Rosalía, o *eco*. Na ligazón da invocaión óptica —carregada de siñificaciós— i o eco *co-respondedor* —a vivencia do artista— realízase a ialma de Castelao. O seu esprito toma forma. Non hai confusión, nin perplexidade ningunha. A siñal da esterioridade é unívoca. E unívoca vai resultar a obra, é decir, a intimidade da criatura humá feita ouxeto, cousificada.

Por iso é sumamente revelador que os contos breves de Castelao, as súas "Cousas", representen relatos con dibuxo, relatos "ilustrados". E mesmo a súa narración de máis amplio formato, "Os dous de sempre", seña unha novela na que o escritor taracea uns espresivos dibuxos que forman corpo consustancial ca obra escrita.

Pro aínda hai máis: os textos de Castelao son textos *visuales*. Véxase como exemplo rápido, iste comenzo de "Os dous de sempre": "A tía Ádega vive n'unha casa pequerrecha, sempre ben encaleada, c'unha balconeta de madeira, an-

tre dúas fiestras xemelas, e unha porta de dúas follas. A casa ten fisonomía de moneca, con ollos, nariz e boca, e logo un caparuchete de tellas na cabeza. Cando a tía Adega cerra unha fiestra, a casa chisc'un ollo".

Os textos, por ende, son textos ópticos nos que se presencia máis que un desfile concatenado de ideas —unha *ideación*—, unha brillante teoría de imaxens, afables ou sobrecolledoras, asegún os casos, pro sempre imaxens.

Ista característica da ialma de Castelao, o seu estilo vivéncial i espresivo a traveso das formas plásticas, é un dos faitores que esprican a enorme popularidade da súa obra en Galicia. Porque isa obra vai direita ó corazón dende os ollos. O home galego é, por esencia, visual. E pola ollada capta o mundo. Ca mirada valora o mundo e, dende a ollada, comulga con ele. O dito de Rosalía moribunda, "Abride a ventana que quero ver o mar" é, como teño dito en outras sazós, enormemente siñificativo.

E por iso o testemuño de Castelao é auténtico. Porque encaixa perfeitamente na realidade profunda de Galicia. Mais, pola súa banda, isa realidade insértase, con total axuste, na realidade íntima da ialma de Castelao. Por sere auténtico, o testemuño é veraz. Por sere veraz, é veraz deica o fondo, arrapaña a nosa adhesión. Castelao e Galicia, Galicia e Castelao testemuñan entre sí. A obra é agora a chave que abre os penetrales de entrambas realidades. A obra merece, pois, a nosa confianza. O pobo xa a ten dado.

O pobo, ó igoal que o seu fillo esgrevio, é tamén de caste figurativa, plástica, olladora. Todo o noso, repito, vai no alucar. E o que Castelao nos ofrece é, no senso máis riguroso do vocablo, unha visión. (I eu matino, o teño matinado moitas vegadas, que o drama de Castelao na América, en Bós Aires, era o *non poder ver* a terra de Galicia, a súa terra. E aínda o pensar que, anque lle fora dado voltar a ela, *xa nona vería*, porque ó final da súa vida estaba cáseque ceguiño de todo).

A DIMENSIÓN INTELEITOAL NA OBRA PLÁSTICA DE CASTELAO

Agora ben, ista mostración da realidade galega, ¿é escrusivamente plástica, formal? De ningún xeito.

Nela hai unha elaboración inteleitoal cuias fases, dende o miradoiro fenomenolóxico, poden sere esbozadas eisí: *Visión* da vivencia do próximo. Traslado disa visión á intimidade do artista. En-carnación dela dende o esprito de Castelao deica o lápis que traza os seus primeiros contornos formales. Con isto a visión toma corpo, a visión de Castelao *visualízase prós demáis*. Mais niste intre compre engadir unha lénda ó dibuxo. Hai que concretar en palabras de conceito o que xa está dito

Ano 1918

—¡Non me fan xusticia, Señor!

en voces plásticas. A forma visiva vai de seu porque é o propio do artista. É o espontáneo, o que non percisa de mediación ningunha. En troques, a forma literaria debe ser elaborada. Ela é ouxeto dunha coidadosa, dunha moi severa seleición estilística. Entón Castelao opera por eliminaciós sucesivas, reiteradas, matinadas unha e outra vegada.

Pra iso Castelao dispón dun módulo certo: a eficacia. E ista, pola súa banda, virá dada pola frase que resulte máis direita e máis popular. O que o dibuxo diga poderá sere esquemático, ou ricaz en plegues, perfiles e matices. O que diga o texto ó pé do dibuxo haberá de sere sempre, indefeitiblemente, breve, incisivo, cortante. O trazo da pruma escrituraria asuxétase a unha soia dinámica: a da liña recta. De ahí que os textos de Castelao non estorben á visión, e sexan máis ben como plataformas que apoian a presenza da imaxen.

I eisí, a simbiosis figuración-literatura, é en Castelao a resulta dun ensamblaxe parsimonioso, ben calculado. Que logo o conxunto resulte vivo, vivaz, fresco e espontáneo débese, sin dúbida, á forza suasoria, á forza convincente do artellamento entre o que se vé i o que se espresa.

En resume: temos en Castelao unhas primarias, iniciales emociós plásticas moi naturales. A partir delas, escomenza a tarefa do pensamento espositivo. Xurde un verdadeiro proceso de rillamento, de rumia mental cuia derradeira misión é catalizar o florecemento vibradoiro da forma. A literatura i a plástica, en Castelao, catalízanse mutuamente. Castelao pasouse a vida *facéndonos ver* emociós e *corporizando* as nosas propias reaiciós.

Pra percatarnos de todo isto, lembremos ó vello petrucio —un dibuxo do álbum "Nós"— que prega, inerme, desamparado, menesteroso, a un Cristo dun cruceiro de pedra. Axionllado dediante dele, moi a rás do pequeno e inxenuo Crucificado, estende ele as súas mans en íntima oración. Son unhas mans enormes, deformadas polo traballo, espresivas como útiles humanizados. Unhas mans nas que aflora o máis recolleito do esprito do anciano, as súas dóres, as súas resiñaciós, as súas fidelidades. Por iso elas son, en verdade, as protagonistas da escea. Elas piden, elas pregan, elas claman en silencio. Non necesitamos máis. Abonda ista maravilla plástica pra que dentro de nós sintamos rebulir unha inqueda presenza feita de conmovida simpatía e de arela de axuda. Calisquer cousa que se engada no plano literario corre o risco de resultar superflua. Ou o que é pior: retórica. A declamación dramática pode derramar o verdadeiro patetismo da composición.

As mans —iso que Kant chamóu "o cerebro esterno do home", iso que cecáis é a máisima dimensión humá do home—

as mans, din todo o que se teña que decir. O que a boca esprese logo non pode sere unha oración ó uso, nin tampouco unha longa requisitoria. Ten que sere unha rápida sentenza de vello labrego. Unha pechada queixa, un laio familiar. I entón xurde ista frase soberana: —"¡Non me fan xusticia, Señor!". O miragre da creación artística xa se logróu. ¿Por qué? Pois porque a súplica, levada polas mans, tense trocado, gracias ás verbas, en confidencia. Á humanización das mans súmase a humanización da boca. Deica ise intre, un crente dirixíase ó seu Deus. Agora un amigo fala a outro amigo. As fendas do granito sagro corresponden as enrugas, tamén sagras, da figura campesía. A chama i o seu eco forman unha unidade. A escea pasa de sere eso, escea, a sere un espazo onde a ialma do artista e a ialma coleitiva *acontecen, realízanse*. O testemuño abre e declara unha verdade profunda máis alá de todo posible conceito.

O Castelao de Galicia

Vivencia dramática. Corporización figurativa da mesma. Depuración espresiva da linguaxe. Veleiquí *a forma* que asume o testemuño galego de Castelao.

Mais agora aínda cabe perguntar: ¿e por qué isa forma e non outra calisquer? Pois sinxelamente porque ela é a que eisixe o esprito de Castelao. Porque nela Castelao *realiza* o seu testemuño sobor de Galicia, e *realiza* o testemuño sobor de sí mesmo.

Porque ele é, como os seus dibuxos, como a terra que ele amóu, un ser movido pola emoción. E un ser necesitado de que isa emoción colla corpo, adequira corporeidade e poda conxugarse logo cun unha sentenza ben perfilada. Porque nele, como na súa terra, prima o afeitivo. I o afeitivo que se ve, que é visión realzada pola ironía ou polo aldraxe feroz, pola gracia labrega, ou polo espanto labrego.

Castelao era unha criatura estremada que podía decir cousas atroces co sorriso nos labres e unha derradeira cordialidade compasiva e contaxiosa. Castelao testemuña, i a chave que abre o testemuño abre tamén a intimidade persoal —o núcleo encoberto da persoa— do testemuñante. Castelao, figurador espontáneo e decidor refreisivo, forte e tenro, lírico, espranzado, humorista, apaixoado e tráxico, é unha das facianas —cecáis a máis humá— do noso pobo. Ele atopóu a Galicia en durme-vela e pretendeu que a vixilia se cumprise. De ahí os iniciales dibuxos. E de ahí todo o seu arte posterior. Castelao axexaba. É o mesmo decir que Galicia axexaba tamén.

E xa, con isto, nos achegamos á derradeira inquisición. ¿De ónde arrinca isa adicación constante de Castelao ó seu pobo? Porqe en Castelao o que é arte, arte espido, non per cisa de maiores esplicitaciós. Abonda con lembrar que isa tarefa emerxe da estroitura antropolóxica, tan complexa, que se chama *o aito creador*. (Algo sobor disto teño eu escrito a propósito, por ex., de van Gogh, e tamén de Rosalía). Voltar a ocuparme de tal custión sería ire un tanto estramuros da intención xeneral diste pequeno estudo, a saber, o configurar o bulto humán de Castelao asegún as eisixencias da cultura do noso tempo.

E pergunto outravolta: ¿de ónde arrinca a adicación constante de Castelao ó seu pobo? Pois eu penso que o que é, en Castelao, arte con misión coleitiva —o de *arte comprometida* me non gusta ren; a palabra *compromiso* é a máisima palabra alcaiota da linguaxe aitual— o arte con misión coleitiva de Castelao, digo, arrinca da súa propia concencia moral. Castelao sentíase identificado ca súa xente —mesmo cando a denostaba. Castelao víase a sí mesmo como un artista con *proxeición popular*. O ofrecer logo o seu arte como estribo pra que Galicia puidese auparse nele e albiscar amplios horizontes, constituía nele un deber auto-imposto. *A adicación de Castelao a Galicia é un valor ético que se realiza a traveso do arte.* Por sere un valor ético está máis alá dos avatares biográficos do ser persoal que foi Alfonso Daniel R. Castelao. Por iso as soluciós políticas que Castelao señala pró futuro de Galicia van evolucionando ó longo da súa eisistencia: movimentos de reivindicación agraria nun estremo, socialismo humanista no outro. Pro o seu arte non cambea de signo en toda a vida. Tan radical é o primeiro dibuxo de "Nós", como o derradeiro do derradeiro negriño do Harlem, realizado no desterro, e xa perto do final da súa curva biográfica. O esencial é invariable. O aicidental configúrase de acordo cas eisixencias da realidade circunstancial. (O que non quere decir que non apareza nisa aicidentalidade unha constante. Pro isa constante ven definida pola adicación ó pobo —co cal xa estamos de novo a carón dos valores morales).

O esencial é invariable. I o esencial, en Castelao, era o seu arte como espresión, como unha esgrevia espresión máis do ser sustancial de Galicia. Ise ser sustancial que ele, o gran patriota, arelaba espabilar. Ele, o axexador das sazós boas. O pescudador das sazós prometedoras. O amosador das sazós con futuro. Quen axexa, algo agarda. Eisí, tamén, Galicia, a axexadora adeprendida por Castelao.

D. GARCÍA-SABELL
Santiago

A QUESTÃO DO "AMADIS DE GAULA" NO CONTEXTO PENINSULAR

No passado mês de Novembro recebi do Centro Português de Vigo o honroso convite de vir a esta cidade fazer uma conferência sobre um tema de minha escolha, integrada nas "Jornadas Galaico-Portuguesas". Permitam-me os senhores promotores que lhes diga sinceramente não estar bem de acordo com o título da série: eu preferiria que se titulassem "Galego-Portuguesas". Aquele "Galaico" e uma expressão arcaica, eufemística, que pretende enobrecer um conceito que dispensa qualquer nobilitação.

Tive certa hesitação na escolha do tema, que não desejaria fosse apenas literário, mas que envolvesse problemas concretos, ainda hoje vigentes, pontos de fricção, digamos, no complexo hispánico. Então acudiu-me a controvérsia do *Amadis de Gaula*. Parece uma opção algo disparatada, anacrónica, mas, no fundo, não é assim: a questão do *Amadis* tem sido objecto de polémica acirrada entre 3 povos peninsulares, o português, o galego e o castelhano, que nela têm manifestado tendências e sentimentos que procuraremos analisar com objectividade. Todos esses povos têm reivindicado para si a honra dessa obra literária peninsular, com argumentos que exporemos resumidamente.

Mas, pergunta-se: valerá a pena alguém, e muito menos 3 povos, engalfinhar-se por causa de um livro? Responderemos que vale: o *Amadis de Gaula* é um monumento de arte que, durante séculos, na Europa ocidental, condicionou a literatura e a existência. Foi um livro de cabeceira, que formou gerações de homens no culto da verdade, da beleza, da honra e da protecção dos fracos e oprimidos. Cervantes sabia bem porque o poupou no fatal escrutínio que se lê no "Don Quixote". É pois um desses livros raros, por que vale a pena uma pessoa ou um povo bater-se denodadamente, contanto que o faça, como o fazia o próprio Amadis, de ânimo limpo e com boa tenção. É mister que assim seja, para correr tudo bem no melhor dos mundos.

Vou dar-lhes muito resumidamente o entrecho do romance:

ARGUMENTO DO AMADIS: Filho natural da princesa Elisena e do rei Perion de Gaula, Amadis, à nascença, é posto a vogar numa arca, encontrada por Gandales, cavaleiro escocês, que resolve criar o menino, a quem põe o nome de Donzel do Mar. Um dia passa pela Escócia Lisuarte, que vai tomar posse do reino da Grã-Bretanha, levando consigo sua filha Oriana. Como vem fatigada da viagem, Lisuarte pede ao rei que a conserve junto de si. Dão-lhe para a servir o Donzel do Mar, que então estava na corte escocesa. As duas crianças, ele de doze, ela de dez anos, amam-se para toda a vida. Armado cavaleiro, Amadis corre em busca de aventuras, protegendo os fracos, os oprimidos, as donzelas. Servindo o rei Perion na guerra contra o rei da Irlanda, aí conhece que é seu filho. Chega à côrte do rei Lisuarte e nela permanece algum tempo a rogo da rainha e de Oriana. Depois de outra aventura, em que Lisuarte e Oriana são aprisionados por manejos do bruxo Arcalaus e libertados por Amadis e seu irmão Galaor, Amadis vai, com licença de Oriana, ajudar Briolanja a recuperar o seu reino de Sobradisa. Briolanja enamora-se perdidamente pelo herói, que resiste. Oriana sabe do caso, que lhe é mal contado, arde em ciúmes e desprende-se de Amadis, que abandona a cavalaria e vai ser ermitão na Penha Pobre, sob o nome de Beltenebrós. Esclarecido o equívoco, Oriana arrepende-se, e os dois amantes vão gozar as delícias do seu amor no castelo de Miraflores. Amadis e seus irmãos, Galaor e Florestam, crescem em prestígio na côrte de Lisuarte. Começa então a urdir-se contra eles uma conspiração, armada pelos conselheiros do rei. Resulta dela o desfavor de Lisuarte e a partida de Amadis para os seus domínios da Ínsoa Firme. Oriana, entretanto, trata com as amigas de dar à luz seu filho no maior segredo; e Amadis vai procurar grandes e perigosas aventuras, sob o nome de Cavaleiro da Verde Espada. Como Patinho, imperador de Roma, pedisse a mão de Oriana a Lisuarte, este dá-lha por vaidade e contra a vontade de todos. Amadis e seus amigos correm em socorro dela, dá-se uma batalha naval, e Oriana é conduzida para a Ínsoa Firme. Renova-se a luta entre Amadis e Lisuarte. Em meio de uma batalha decisiva, intervém o ermitão Nasciano, que revela ao rei o segredo do seu neto Esplandiam e dos amores de Oriana. Fazem-se as pazes e tudo acaba em casamentos felizes.

É exacto o que se diz vulgarmente: se queres comprometer o valor de uma obra de ficção literária, sumaria-lhe o argumento. Realmente, é uma urdidura como outra qualquer, que não nos diz nem por sombra o que está dentro do livro e que faz dele uma antecipação genial da novelística moderna. Menéndez Pelayo viu-o perfeitamente, quando disse: "uma das grandes novelas do mundo, uma das que mais influiram na

literatura e na vida. O seu autor fez algo mais que um livro de cavalarias, imitando os poemas do ciclo bretão: escreveu a primeira novela idealista moderna, a epopeia da fidelidade amorosa, o código da honra e da cortesia, que disciplinou muitas gerações. Foi sem dúvida um homem de génio que, combinando e depurando elementos já conhecidos e todos de procedência céltica e francesa, criou um novo tipo de novela mais universal do que espanhola, que em pouco ou nada recorda a origem peninsular do seu autor, mas que, por isso mesmo, alcança maior transcendência na literatura medieval" (*Orígenes de la novela,* Madrid, 1943, vol. I, 200).

Sublinhe-se a judiciosa opinião do grande crítico espanhol quanto à universalidade da novela. Efectivamente, para além das extravagâncias do fantástico arturiano, moda a que se não podia fugir e que é um ornato de empréstimo, o que vale no livro é o relato vivo da experiência humana, com os seus afectos, as suas dores, os seus problemas. A tal ponto que La Fontaine pôde escrever, após 4 séculos de leitura entusiástica, estes versos famosos e verdadeiros: *Rien n'est changé du siècle d'Amadis: /on aime encor comme on aimait jadis.* Precisamente nas coisas do amor, suas origens e seus efeitos, o romance é ainda uma obra de plena actualidade. As diferentes espécies de amor estão nele representadas, desde o de Guilan, o cuidador, platónico e suspiroso, ao de Galaor, oportunista e sensual, passando pelo de Amadis, que é uma síntese dos dois: sente por Oriana um amor desordenado, um desejo mortal da carne e dos sentidos; mas esse impulso sublima-o, orientando-o em actos de beleza, justiça e bondade. Podemos portanto dizer que há no *Amadis* um romantismo fundamental, refreado e morigerado pela sábia disciplina clássica; é isso que constitui o verdadeiro, o eterno classicismo. Por isso o romance teve de 1508 a 1587, pelo menos, 30 edições só na Península. Nenhuma obra literária atingiu tal divulgação.

Contudo, havemos de ponderar uma circunstância: esse carácter de universalidade, de atenta e generosa humanidade, não lhe tira certos rasgos específicos que são da maior importância, se quisermos deslindar o problema da autoria, do território e da língua em que foi escrito. Entre essas particularidades avultam o eterno feminino arvorado em culto religioso, a iniciativa poderosa da mulher nos negócios do amor, a presença e a vocação do mar e o sentimento da saudade que lhe anda ligado, enfim um modo de religião muito mitigado e avesso ao fanatismo e ao espírito de cruzada. Não há dúvida de que tudo isto aponta em determinada direcção; e esse caminho não vai certamente dar a Castela.

O PROBLEMA DA AUTORIA E DA LÍNGUA.—1. *A tese galego-portuguesa.*—Só por meados do século XV se fez referência

em Portugal ao *Amadis de Gaula*, ao seu autor e à época em que teria sido escrito. Essa indicação pertence ao cronista Gomes Eanes de Zurara que, na *Crónica do Conde D. Pedro de Meneses* cita o livro de *Amadis*, feito por Vasco de Lobeira em tempo de el-rei D. Fernando, como exemplo de "história fingida". É de notar a precisão com que se nomeia o autor e a data da composição (1367 a 1383).

Em meados do século XVI, nova referência, e essa muito importante, quanto ao texto. Aparecem nos *Poemas Lusitanos* do clássico português António Ferreira 2 sonetos em língua arcaica, alusivos a um dos episódios mais célebres e discutidos do romance: as relações entre Amadis e Briolanja, a formosa menina dos leões. Em nota final, o editor, filho do autor, declara que os sonetos tinham sido feitos por seu pai na linguagem do tempo de D. Dinis, em nome do infante D. Afonso, filho desse rei, e favor de Briolanja, cujo amor fora injustamente repudiado por Amadis; e dizia mais que a história do *Amadis* fora composta por Vasco de Lobeira, natural da cidade do Porto, e o seu original se encontrava no arquivo da casa do Duque de Aveiro.

Esta refência, tem uma importância que se não pode negar de boa fé, dada a categoria das pessoas nela envolvidas. Como o poeta António Ferreira era amigo íntimo do Duque, e já seu pai o fora, teve tempo para consultar o precioso manuscrito. A assimilação perfeita da língua arcaica dá-nos a medida e a seriedade dessas leituras. Vejamos um desses sonetos, forma anacrónica em que António Ferreira quis emoldurar o seu gracejo filológico:

Bom Vasco de Lobeira e de gran sem,
de prão que vós avedes bem contado
o feito d'Amadis, o namorado,
sem quedar ende por contar hi rem.

E tanto nos aprougue e atam bem
que vós seredes sempre ende loado
e entre os homes bons por bom mentado,
que vos lerão adeante e que ora lem.

Mais porque vós fizestes a fremosa
Brioranja amar endoado hu nom [a] amarom,
esto cambade, e compra sa vontade.

Ca eu hei gran dó de a ver queixosa,
por sa gran fremosura e sa bondade,
e er porque, ò fim, amor nom lho pagarom.

Estão aqui presentes alguns peritos da nossa língua arcaica: que eles digam se, para alguém chegar a este primor de imi-

tação não é preciso muito tempo de leitura aporfiada. Aliás, já dizia D. Carolina Michaëlis de Vasconcelos que "um filólogo moderno não faria melhor".

A prova da existência em Portugal do mesmo ou doutro manuscrito português é assinalada mais tarde, no século XVII, na livraria do conde de Vimeiro; e também não pode ser posto em dúvida tal informe, por tratar-se de uma indicação sóbria e seca de catálogo, numa época em que não estava ainda aberta a questão do *Amadis de Gaula*.

Essa questão foi pròpriamente iniciada em Portugal pelo livro de Teófilo Braga, *História das novelas portuguesas de cavaleria. Formação do "Amadis de Gaula"*, publicado em 1873. É o primeiro que recolhe todos os argumentos da tese portuguesa, possíveis até à data, rebatendo as afirmações em contrário de Pascual de Gayangos, que tinha preparado havia pouco a edição da novela, com um prólogo desenvolvido. Teófilo Braga não pôde vencer uma dificuldade cronológica: se o *Amadis* foi obra de Vasco de Lobeira, homem de 1380, como é que o Infante D. Afonso, que subiu ao trono em 1325, podia ter intervindo numa obra que ainda não podia estar elaborada?

Esta dificuldade teve um desfecho espectacular e feliz: em 1880, com a publicação do Cancioneiro de Colocci-Brancuti, foi revelada a versão original da canção de Leonoreta, dirigida por Amadis disfarçadamente à irmãzinha de Oriana (liv. II, cap. 11). Foi um clamor de júbilo nos arraiais portuguesistas, e com razão: sendo o autor da cantiga João Lobeira, estava descoberto o autor do romance e explicado o motivo por que a obra correra sob o nome doutro Lobeira, figura histórica mais conhecida, pois era citada nas páginas de Fernão Lopes como partidário do Mestre de Avis. Este Vasco de Lobeira, certamente da família de João Lobeira, retomaria a obra do seu antecessor, acrescentar-lhe-ia algo da súa lavra e, como eram bens de família, fez-se passar por seu autor.

Com tudo isto, em 1893, Carolina Michaëlis de Vasconcelos ficou habilitada a dar ao problema a feição definitiva que ainda tem hoje: o autor João Lobeira é um personagem histórico suficientemente documentado entre 1258 a 1285, português, certamente de origem galega por parte da mãe. Nesta base, o Infante D. Afonso, seu senhor, só podia ser o irmão de D. Dinis e não o seu filho, mais tarde rei. Tudo fica certo, nesta construção. A própria circunstância de uma tradução castelhana aparecida pouco depois de compostos os livros de João Lobeira, se explica perfeitamente, pela demorada residência do Infante em terras de Castela (Medellín) depois de 1304, como vassalo do rei castelhano. Para lá teria levado o

Amadis, a cuja tradução para castelhano não teria sido estranho o seu cunhado e escritor, D. Juan Manuel.

Um achado, em 1905, veio perturbar um pouco este pacífico problema, já razoàvelmente esclarecido: o folclorista elvense A. Tomás Pires encontrou nos arquivos da região alguns documentos sobre os Lobeiras de Elvas, com o mesmo nome dos autores do *Amadis de Gaula*: João de Lobeira e seu filho Vasco de Lobeira, mercadores afazendados. Com um pouco de reflexão, tornava-se evidente tratar-se de homónimos, que nenhuma relação podiam ter com os Lobeiras escritores. O próprio confronto das datas provava isso mesmo: o João da côrte de D. Afonso III era muito mais velho que o seu homónimo elvense; e o mesmo acontecia com o Vasco do tempo de D. Fernando. Teófilo Braga fez sobre isso uma baralhada de mil demónios, na recapitulação a que submeteu, em 1909, o seu estudo de 1873.

Numa pesquisa directa que fizemos sobre o assunto, encontrámos alguns dados novos sobre João Lobeira. O trovador desse nome teve casa e terras no lugar de Alcorvisca, termo de Évora Monte, alto Alentejo. Dois documentos do ano de 1305, uma carta de D. Dinis e o testamento do bispo de Évora D. Fernando, o primeiro existente na Biblioteca Nacional de Lisboa, o segundo no arquivo da Sé de Évora, dão o mesmo Lobeira como já falecido nessa data; e não há dúvida de que se trata do cavaleiro, pois o 2.º documento traz a qualificação de *miles*, a mesma que contém a sua carta de perfilhação, em 1272. A importância destes dois documentos resume-se nisto: 1) marcam um termo aproximado à vida de João Lobeira (finais do séc. XIII ou, quando muito, começo do séc. XIV); 2.º) colocam-no nas proximidades do seu amigo, o Infante D. Afonso, senhor da vila de Arronches. E como o Infante perdeu esta vila em 1287, em luta com o rei seu irmão, é razoável admitir que o *Amadis* de João Lobeira já estivesse completo nesta data. A intervenção de D. Afonso poderia ter-se dado pouco antes de 1287, tendo ele os seus 22 anos, o que joga bem com o capricho juvenil daquela interferência no episódio de Briolanja.

O último e mais prestigioso campeão da tese portuguesa é, embora pareça estranho, o próprio Menéndez Pelayo. Não obstante uma ou outra contradição, natural na espessura emaranhada dos factos e das opiniões, o grande crítico espanhol não reconheceu no *Amadis de Gaula* uma criação do génio castelhano, antes viu nele a sua pronunciada antítese. Já em 1887 tinha aderido sem violência aos postulados da tese galego-portuguesa, levado, além do mais, por aquele achado do lais de Leonoreta. Depois, em 1905, nas *Orígenes de la novela*, deu-nos o estudo histórico-literario mais completo sobre o romance, abordando nele todos os aspectos funda-

En los primeros siglos de la Reconquista supervive en Galicia de manera especial todavía, el "Liber Iudiciorum". Al Derecho germánico acuden los reyes en el caso de rebeliones o atentados contra su persona para hallar base jurídica de la sanción, según se aprecia a través de los documentos. En éstos se aplica la "Lex Visigothorum", refiriéndose principalmente a una ley de Chindasvinto, la II, 1, 8 de la Visigothorum y al canon primero del XII Concilio Toledano. Tratan estas disposiciones de combatir las maquinaciones contra la seguridad del Estado, imponiendo la pena de muerte que la clemencia real podría conmutar por la pérdida de la vista, a cuyas penas iba aneja la sanción pecuniaria de incautación por la autoridad real de los bienes del traidor. Así Alfonso VI se apodera de los bienes de Rodrigo Ovéquiz y de su madre Geloria, y se los entrega a la iglesia de Lugo, por haberse rebelado contra él. La fecha ya avanzada del documento que lo consigna (año 1088) da valor aclaratorio y confirmatorio a los de fecha anterior. Puede observarse a través de estas fuentes documentales que la aplicación del derecho visigodo se da con carácter más amplio todavía, pues se extiende a todos los delitos contra la seguridad del Estado, especialmente los de rebelión y la alta traición. Así perdieron Hermenegildo y su mujer Hiberia las salinas que Alfonso III dona a la iglesia de Santiago en 866, y así Alfonso V confisca sus tierras al duque Vitiza y las entrega al vencedor de éste, Hermenegildo Gutiérrez, según el Cartulario de Celanova, en 1007, y entre otros ejemplos [19].

F. BOUZA BREY
Santiago

---

[18] *R. Prieto Bances*: "Fuentes del Derecho Visigodo", in "Hist. de España", dirigida por Menéndez Pidal, T. III, cap. VI, p. 251-264.

[19] *José Orlandis*: "Huellas visigóticas en el Derecho de la Alta Edad Media", in "Anuario de Historia del Derecho Español", T. XV, 1944, páginas 644-658. Para el Derecho germánico en Galicia, en general, puede verse: *Eduardo de Hinojosa*: "El elemento germánico en el Derecho Español", Madrid, 1915; *Mayer*: "Historia de las Instituciones sociales y políticas de España y Portugal durante los siglos V al XIV", Madrid, 1925-26, etc.

AS ORIXENS VIKINGAS DO PRÍNCIPE HAMLET

— I —

Na historia do mundo, sexa esta literaria, social ou política, soen haber certas figuras que adequiren unha popularidade superior ás demáis polas súas cualidades proprias ou por circunstancias relacionadas con elas. Algunhas perduran nun ámbito puramente nacional, mentres outras chegan a ter categoría internacional, como é evidente en D. Juan e don Quijote, Beatriz e Hamlet, entre outras.

Naturalmente, a popularidade aitúa encol destas figuras engadindo nelas ás veces riscos que xamáis tiveron e suprimindo noutras ocasiós o que era esencialmente seu. Non embargantes, o centro de interés permanece o mesmo que parte do seu ambiente. Todo aquel que teña unha cultura somentes mediana, vai relacionar fácilmente "Ca Eirexa topamos, Sancho" con Cervantes e "Algo fede a podre en Dinamarca" con Shakespeare; e, niste derradeiro caso, é posible que a tan discutida personalidade de Shakespeare, o feito de que se chegue a dubidar da mesma esistencia de alguén así chamado, sexa un atraitivo máis para moitos. É, se cadra, o encanto do misterioso. O "misterio", por outra parte, semella pertencer por dereito proprio á mesma figura de Hamlet; é posibel, por exemplo, que xurdan opiniós dabondo diferentes encol dalgunhas figuras como a do Cid castelán, inda que en todas haxa unha base práiticamente idéntica: a do guerreiro ousado e cheo de recursos, que pode ser daquela elevado por uns a modelo de cabaleirosidade e por outros a prototipo do aventureiro sagaz e mercenario. Endebén, a base permanece. Esto é o que non ocurre con Hamlet; o príncipe danés é pra uns a personificación da dúbida, pra outros da honra que lava co sangue as ofensas recibidas e aínda pra outros máis a encarnación humán dun egoísmo feroz e despiadado, como describe dun xeito verdadeiramente mañífico Salvador de Madariaga no seu "On Hamlet". Se cadra, esto poderíase tomar como unha proba de que o príncipe de Dinamarca é unha figura verdadeiramente universal, unha proba cecáis máis efeitiva ca que ofreceu un grupo londinense de teatro clásico que, na década dos anos 40-50 representóu a obra co vestuario completamente moderno; a súa conclusión quería ser que a obra

era universal non só no espacio senón no tempo e que Hamlet ía ser Hamlet até levando frac. Non vin a representación e dóieme; non sei tampouco si se ten intentado noutra parte.

De todos xeitos, non quero aquí falar do siñificado de Hamlet, en parte porque hai pra min algo moito máis interesante nesta figura i en parte porque sempre me ten parecido dabondo superfluo e sobor de todo perigoso e aventurado decir máis ou menos rotundamente —¡sempre máis que menos!— o que un autor tiña na mente ó escribir calquera das súas obras. Lémbrome sempre que pra probarme a min mesma esta opinión din un día a unha das miñas crases un dos meus poemas e pedínlles que o comentaran, sin lles dar por decontado ningunha indicación encol do autor. A crase era avanzada e intelixente e as súas deduciós encol da personalidade e do estado de ánimo do autor foron aleicionadoras; máis que ningunha, a decisión firme e unánime de que era un poema escrito "por un home", sen dúbida algunha. Facer esas declaraciós é, evidentemente, aventurado.

Coido, polo tanto, que é moito máis interesante a procedencia dunha tal figura humá ou literaria e a súa aparición en época completamente pre-shakespeariana nas culturas xermánicas primitivas. É difícil estudala con craridade e detenimento, porque do período en que esta figura inicia a súa aparición téñense poucos restos i é difícil separar o superfluo ou defeitivo do valioso no que se ten. Pero é interesante ver, polo menos, o que até hoxe se ten achado, as teorías que levan a figura do héroe ós confins remotos e neboentos dos homes do Norde.

Intentar espoñer dunha maneira breve e crara os vieiros que esta investigación seguíu, non é sinxelo; as xenealoxías mestúranse incredibelmente dunhas tribus xermánicas ás outras e non hai que agardar que os séculos do IV ó VII, cando moitos destes pobos eran práiticamente analfabetos no continente, dean documentos escritos plenamente verdadeiros. Endebén, esta mesma confusión que atopamos no encomenzo é proba de que o primeiro que ten que facer quen se prepare pra se mergullar niste riquísimo e fantástico océano das tradiciós xermánicas é esbullarse da idea moderna que ten de Europa e lembrarse de que ó norde das fronteiras do Imperio Román as tribus que con éste loitaron non somentes tiñan unha orixe común senón tamén a crara concencia desta orixe; por esto compartían, mesturaban e trocaban entre elas héroes mitolóxicos e verdadeiros, figuras relevantes e tradiciós populares. I é ista mestura a que, cando se presenta diante dos ollos do investigador moderno, lle proporciona verdadeiros sustos.

Tratar de seguir os vieiros desta investigación é emocionante, e o interés que desperta é meirande que o que produce

calquer obra maestra do xénero policíaco. Sei, por esperiencia, que hai quen coida que non esisten obras maestras neste xénero literario, pero eu teño que confesar, literalmente e sen pretender unha xustificación que non me parece necesaria, que en ducias de ocasiós teño percurado e teño achado nas obras deste xénero descanso, divertimento, e, si o autor sabe o que fai, interés.

A percura de Hamlet faise máis difícil non só porque o vieiro vai sempre ó traveso dunha fronda de historia e mito, senón tamén porque as abraiantes respostas ás preguntas formuladas lévannos de Dinamarca a Inglaterra, a Suecia, a Noruega... ou nos levarían, se puidéramos ter a seguridade de que isos eran os países nos que vivían as tribus que nos van saíndo ó paso.

O NORDE XERMÁNICO

Ó grupo de pobos xermánicos que se relacionan con este problema ténselles chamados Ingaevones, tomando o nome que Tácito lles deu na súa Germania". ¿Quénes eran istes Ingaevones? Parece bastante probabel que fora un grupo numeroso de tribus xermánicas unidas pola crenza nun devanceiro epónimo común chamado Ing, un dos tres fillos de Mannus, fillo á súa volta do deus da terra Tuisto. Estas tribus semellan ter vivido nas beiras do mar do Norde e do Báltico, na península de Xutlandia, as illas danesas e a península escandinava. Os outros dous fillos de Mannus deron lugar ós outros dous grupos de tribus xermánicas que habitaron na parte interior continental europea, nas terras do este e do sul dos anteriores, e foron chamados por Tácito Istaevones e Hermiones. Dese xeito, os tres fillos de Mannus refrexan a subdivisión anterga dos xermanos nun grupo nórdico e dous meridionás. Hai que ter presente, non embargantes, que istes grupos se tiñan xa separado na época de Tácito e de Plinio e que o recordo que deles se tiña era na forma mítica que tiñan tomado por tradición histórica; os pobos da periferia separáronse moi cedo e desenrolaron novos grupos, pero as tribus centrás mantiveron moito tempo as tradiciós e son as que despóis recibiron o nome de Ingaevones.

É evidente que pra estudar as tradiciós históricas distes pobos e as figuras heroicas que comparten, non esisten nin crónicas nin documentos de ningunha crase; somentes hai poemas, aínda que non sempre, nin abondantes nin fáciles de descifrar encol destas relaciós internas. O primeiro en importancia é, desde logo, o "Beowulfo", tanto pola súa antiguedade como por acharse endebén e milagreiramente compreto. Nel fálase de daneses, xeatas e suecos e nómbranse, ou pouco

máis, algunhas outras tribus. O mesmo héroe é xeata, inda que as súas primeiras aventuras sexan en terra danesa, o que é moi importante, como imos ver máis adiante. E a primeira solpresa aparente é que unha tal figura se teña considerado sempre e sen a menor dúbida un héroe inglés, cando non se atopa nin unha soa vez en Inglaterra, en todo o poema; se cadra, esto vai facer máis fácil a comprensión diste estraordinario troque de figuras heroicas, porque non eran proprias dun pobo no senso que hoxe damos a ista verba, sinón dunha raza. E Beowulfo era un héroe xermánico e por iso pertencía por dereito proprio tanto a escandinavos como a anglos e saxóns.

Entre as tribus das que o poema nos dá moi pouca información áchanse a dos wykingos, que semellan ter sido podentes antes de que os xeatas atinguiran a supremacía, e a dos bardos, cecáis como o seu nome semella indicar, relacionados cos longobardos, e que son chamados vikingos polo poeta, é decir, piratas. A xeografía do poema é tan indefinida que a locación mesma dos xeatas, da patria e reino de Beowulfo, resulta incerta. O nome semella relacionalos con Gautar, e varios eruditos supuñéronos afincados en Xutlandia, inda que outros tantos rexeitaron esta opinión. A teoría que soie aceptarse correntemente é máis ou menos intermedia: é decir, admítese unha migración de xeatas desde Götland en Suecia até Xutlandia posteriormente, é decir, en época posterior ó poema. Os límites esaitos da Dinamarca de Beowulfo, inda que non sexan tan discutidos como a locación do reino xeata, son tamén difíciles se non imposibels de determinar, inda que é perceptibel que é un territorio estenso, probablemente a meirande parte da Escandinavia que antes consideróuse poboada pola maior parte dos Ingaevones. De Suecia, o poema non dá outra indicación máis que apuntar que pra chegar alí o camiño é ó traveso da auga. Niste punto é lamentabel que os que intentaron colocar Suecia nalgunha das illas do archipélago danés se esqueceran de que as verbas que emprega o MS anglosaxón pra indicar que o camiño a Suecia vai ó traveso do mar, "ofer with waeter", pódense apricar e sucede no poema e noutros posteriores, ó feito de ir ó traveso dun lago.

Diante dista pouquedá de datos xeográficos, o poema presenta en troques craramente a situación política esistente ó redor do final da época da gran migración xermánica no norde, na primeira mitade do século VI e, unindo istes datos ca información procedente doutros poemas como "Widsith" ou a "Ynglinga Saga", de historiadores como Jordanes, Saxo e Procopio, e cos achádegos arqueolóxicos, pódese obter unha idea xeral dabondo crara do que sucedeu.

Desde que se inicióu, arredor do ano 250, o norde participa no movemento migratorio. As únicas tribus das que se sabe

que migraron como tales son as dos érulos no oeste e cecáis a dos wylfingos no este. Os primeiros levaron con eles unha gran cantidade de aliados e parentes, pero no este xa desde o ano 300 os achádegos arqueolóxicos mostran unha disminución costante da poboación i é evidente que a maior parte da gran moitedume de guerreiros do norde que ían cara o sul non se detiñan alí antes de acorrer o reparto dos restos do Imperio Román. A maior parte distes guerreiros semellan terse unido a unhas tribus emparentadas con eles e ás que se ten dado o nome de vandilios, os cales pagaban con ouro istes reforzos. E, ó mesmo tempo que a terra patria ía quedándose sen homes ía aumentando en riqueza, como mostra tamén a investigación arqueolóxica sobor de todo nas illas de Gotland, Oland e Bornholm, todas no suleste de Suecia.

Naturalmente, a riqueza unida á debilidade invita ó ataque e iste non tardóu en chegar. Os primeiros invasores parece que foron os daneses, que desapoderaron ós érulos do seu territorio polo ano 40 e adequiriron a supremacía. A súa espansión posterior foi facilitada pola migración dos anglos e xutos, ista xa desde o ano 400 e rematando a dos primeiros nos arredores do ano 550. Cando no poema anglosaxón, Beowulfo fai a súa primeira visita á corte danesa, durante o reinado de Hrothgar, este semella xa ter parte de Xutlandia.

Cara fins do século V ou encomenzos do VI, os xeatas tamén chegaron a ter un reino podente, levando costantemente as súas fronteiras orientás cara o Báltico e dominando aparentemente os territorios das prósperas tribus alí establecidas. Esta espansión parece que tivo lugar en tempos do rei xeata Hrethel, o que fundóu a dinastía dos Hrethlings cuio derradeiro monarca é Beowulfo. Cando tiveron establecido este amplo reino e tendo tamén grandes riquezas, víronse forzados a encomenzar a defendelo, situación perfeitamente evidente no Beowulfo, no cal se poden distinguir tres fases craramente limitadas: a primeira, na que os reises xeatas, inda que xa á defensiva, aitúan con vigor e con ésito, na que hai un forte ataque sueco que orixina un contra-ataque xeata que ten como resultado a derrota e a morte do rei sueco Ongentheow, despóis do cal e se cadra levados pola euforia do trunfo, os xeatas organizan un ataque contra as tribus francas establecidas no que hoxe chamamos Países Baixos, ataque que ten un final desastroso parte do cal é a morte do rei Hygelac, amigo e soberano de Beowulfo; este desastre leva á segunda fase, na que o reino xeata, que non pode sobrevivir pola forza das armas, recurre a tratados diplomáticos e dá paso á terceira e derradeira fase na que se remata o enfondimento do reino xeata, enfondimento que aparece somentes como unha tráxica profecía na derradeira parte do "Beowulfo".

É evidente, axiña, que o poeta consideraba ó reino xeata como un gran poder no mundo escandinavo, un poder da mesma importancia que Dinamarca e Suecia; nas tradiciós posteriores escandinavas a súa importancia vai disminuindo, refrexando a tradición de decadencia unida á casa real como resultado da destruición do reino.

A morte de Hygelac nos redores do 525 ou 530 deixa ó reino moi debilitado e neste intre xurde a tribu dos bardos que tratan de se apoderar das provincias orientás, conquista difícil que, naquelo que lograron, non foi permanente. No relato que distes ataques se acha na "Ynglinga Saga" aparece un valente loitador chamado Svipdagr que Axel Olrik [1] cré que é un guerreiro xeata, que se cadra se podería identificar con Beowulfo, nunha primeira mestura-troque de figuras heroicas.

A iste tempo sucédelle un período que podería moi ben chamarse das querelas familiares. En Suecia danse istas entre Onela, o fillo do rei morto Ongentheow, sumamente importante nesta investigación, e os seus sobriños Eanmund e Eadgils, fillos de Ohthere, o irmán de Onela, pola sucesión ó trono. En Dinamarca xurde unha querela semellante entre o rei Hrothgar e o seu fillo Hrethric, por unha parte, e Hrothful, fillo do irmán menor do rei, pola outra. Tamén o irmán maior do rei e predecesor seu, tivera un fillo, Heoroweard, que despóis da morte do rei e do seu fillo toma o mando do partido oposto a Hrothful. Os xeatas acháronse envoltos nas dúas querelas, axudando entre os suecos ós enemigos de Onela e entre os daneses ós enemigos de Hrothful. Nas dúas ocasiós venceron ó cabo aqueles que foron apoiados polos xeatas, despóis dunha derrota inicial.

Despóis da morte de Hrothful, Heoroweard foi rei de Dinamarca inda que por pouco tempo; morto pola violencia, seguíu un interreño durante o cal decai a alianza entre daneses e xeatas e, despóis dun período de lonxitude incerta, aparece Haraldr Hildítönn que é coroado rei e restaura por algún tempo o poder e o prestixio daneses no norde. O acontecimento máis importante do seu reinado é a súa espedición ó este de Götland, onde foi morto en Brávellir nunha batalla contra o rei Hringr, sen dúbida xeata. Olrik supón [2] que iste era o seu verdadeiro nome inda que cada vez parece máis probábel que non fora máis que un apelativo. Niste caso adóitase identificalo con Beowulfo; si esto é certo, sen dúbida o poeta que sabía que o seu héroe ía morrer, sustituíu ista loita pola do dragón que remata o poema, seguindo a liña que traza en toda a obra ó evitar nomear calquer loita entre daneses e

[1] Kilderne til Sakses Oldhistorie", de Axel Olrik. II, 58, nota.
[2] En "Nordiska Ortnamn", 297.

xeatas. Nos relatos escandinavos Hringr sobrevive á batalla e a discrepancia é espricada xeralmente asumindo que Hringr era un apelativo que se refería ó culto solar e ó oficio sacerdotal do rei, en cuio caso o nome o levarían tamén os seus sucesores.

Despóis da morte de Beowulfo o poder dos xeatas cai rápidamente até que o reino enteiro é asoballado polos suecos, como aparece na tráxica profecía do fin do poema (v. 3028 ss.).

Inda que non se teñen detalles da dominación sueca, ésta é indudábel; seguramente a maior parte dos xeatas convertíronse en súbditos suecos e probabelmente outro grupo numeroso emigróu cara Xutlandia ca subseguinte conversión en súbditos daneses, segundo semellan demostrar os estudos lingüísticos [3].

Todos istes reises áchanse mesturados nas tradiciós posteriores de maneira curiosa: Hygelac o Xeata é para Saxo Grammaticus, historiador danés medieval, un dos reises daneses; por outra parte, un dos reises daneses, inda que non fora xamáis considerado así pola tradición islandesa, Viglek, foi tomado xunto co seu fillo Vermund e co seu neto Uffe, da xenealoxía dos reises anglos polos xutos e así pasóu a Dinamarca. Os islandeses considerárono sempre noruego e si se compara o seu nome, Viglek, co do rei xeata Vigleg, en anglosaxón, Wiglaf, podería admitirse que fora a mesma persoa á cal se lle podería entón atribuir a nacionalidade noruega, porque entón os xeatas eran xa iñorados e os seus territorios en parte anesionados por Noruega; si se quere admitir o nome como o de un rei puramente e somente anglio, o troque de nacionalidade dos islandeses é inesplicabel.

O feito de que os poboadores daneses posteriores adoitaran as tradiciós e xenealoxías anglias en Xutlandia soie esplicarse como un resultado da fusión da anterga poboación, ou do que dela quedaba, cos recén chegados. O mesmo sucedeu cos emigrantes xeatas, que foron absorbidos pola poboación danesa da península xuntamente cas súas sagas. Esta é a razón de que máis tarde haxa na historia de Saxo Grammaticus unha lista de reises xutos, os nomes dos cales son todos orixinalmente estranxeiros: Orvendill, Feng, Amleth, Huglek e Hather, de procedencia xeata; Vermund e Uffe, anglos; e Viglek, que é, en realidade, unha fusión das duas correntes de tradición. A conquista danesa foi, evidentemente, pacífica, e os emigrantes xeatas acharon alí unha acollida cordial; de outro xeito, ista adición de tradiciós alleas sería difícil de esplicar.

---

[3] Segundo Schütte en "Arkiv för nordisk Filologi", XXXIII, 85.

Unha vez espostos os principales riscos da situación, é máis fácil tratar de seguir o razonamento do profesor Kemp Malone, que tracexóu as primitivas apariciós da figura de Hamlet. O profesor Malone é unha das primeiras persoalidades de hoxe na erudición xermánica, un gran colaborador e axuda pra os que encomenzan niste campo —i esto seino por esperiencia propria— e un bon amigo do estudante entusiasta. É difícil saber que foi o que lle fixo emprender esta investigación; é decir, cal foi a faisca que primeiro prendeu no seu interés. Pero teño pensado a miudo nunha conversación que tivemos un día e na que cecáis poda verse iste punto de partida. Falábamos de culturas nórdicas en xeral e da edición que Israel Gollancz fixo en 1898 da "Ambales Saga" islandesa, na introdución da cal, na páxina liv, di Gollancz:

> "Como verba teutónica, *amlóthi* permanece compretamente aislada e ningunha das etimoloxías que até agora propuxeron os lingüistas xermánicos pode ser considerada seriamente".

E a continuación dá algunhas etimoloxías célticas posibels, sen chegar a ningunha conclusión, como tampouco chegaron os editores posteriores. Malone referíase a iste enigma cando me dixo:

—Non embargantes, eu coido que a etimoloxía é tan evidente que cecáis por selo non a viron os meus numerosos predecesores.

E sorrindo engadíu:

—Seméllame tan obvia, en realidade, que case non me arricho a propoñela. Pero arrichóuse. E non somentes a iso, senon a facer un aventurado viaxe recorrendo os vieiros que desde aquel intre ían abríndose diante del. Este viaxe é o que intento esplicar neste ensaio, inda que sexa en forma necesariamente resumida. Primeiro imos tratar de ver ista etimoloxía.

Segundo di Malone, ista verba siñifica sinxelamente "Ole, o tolo". O primeiro elemento é un Anale ou Anule orixinal, en anglosaxón Onela, un nome familiar en Escandinavia desde moi cedo, cunha forma familiar ou garimosa asociada con Anlaifr, de onde Ólafr, que é etimolóxicamente un diminutivo, convírtese por síncopa da vocal medial en Anle e logo perde a nasal con alongamento da vocal precedente e convírtese en Ále, logo Áli; a forma Anule sigue o mesmo camiño e cambia a vocal inicial porque o -u- sincopado arredondea a vocal anterior. Sendo Anle un nome familiar, sería corrente engadirlle un epíteto que, no caso presente, foi óth, "tolo", un sufixo que aparece tamén noutras linguaxes xermánicas, entre

elas o anglosaxón e o antergo alto alemán. En Islandia áchase inda hoxe como sufixo formativo de adxetivos.

É probabel que cando se producíu a elisión do -e- de Anle diante da vocal acentuada que seguía no epíteto, se formara unha unión das duas verbas que pasóu entón de unidade fonética a unidade psicolóxica, e que se convertíu nunha soa palabra, un nome proprio como aparece na época histórica. A única obxeción que podería presentarse aquí sería a esistencia dunha -m- en lugar do -n-, de Amlothi en lugar de Anlothi. A resposta a ista obxeción ten que percurarse nos Anales Irlandeses, que nomean a moitos escandinavos chamados Anlaifr cuios nomes se dan sempre como Amlaibh ou Amhlaibh. A razón é evidente: o -n- de Anlaifr achábase naqueles intres no proceso de ser absorbido pola vocal precedente: inda non tiña desparecido por compreto, porque temos o anglosaxón Anlaf da mesma época, pero era unha fricativa nasal. Agora ben, a única fricativa nasal en irlandés era o -m- soave, e inda que tamén esistira unha soavización do -n-, a diferenciación entre as duas formas da consonante, cou ou sen soavización, non era tan grande que fixera que a soavizada se convirtira en fricativa; no caso do -m- a diferenciación foi moito maior, tanto que se mostróu tamén na ortografía e usóuse -mh- pra forma soavizada, que sen dúbida lles pareceu ós irlandeses que se achaba máis cerca do sonido nasal que ouvían de beizos escandinavos. O -i- que aparece na verba irlandesa ten tamén unha fácil esplicación: o -dh- ou -th- orixinal aparece na ortografía irlandesa como -dh-. Por ir seguida dun -e-, a pronunciación irlandesa fixoa necesariamente palatal i esto vai indicado polo -i- que precede o -dh- e que non se pronuncia. Era somentes un siño ortográfico. No trascurso do tempo, o -dh- palatalizado convírtese sinxelamente nunha fricativa palatal.

A verba "amlóthi" convertíuse cedo nun nome común en Escandinavia, agás en Dinamarca, co siñificado de tolo, de rivado naturalmente da saga, i este uso deben orixinarse do costume de chamar así a todo aquel que parecera obrar como o Amleth da saga; diste xeito, o guerreiro escandinavo do que fala o anal irlandés[4] resulta ser o primeiro cuio sobrenome quedóu recollido prá posteridade.

A transmisión do nome por vía irlandesa non se debe somentes ó nome de Amhlaidhe. A mesma saga islandesa ten, segundo Saxo, elementos craramente célticos que non cabe aquí esaminar, por unha parte; por outra, no séeculo X un poeta islandés chamado Snaebjörn, do cal falaremos máis un pouco máis adiante, e que se refire a Amlóthi nun dos seus poemas de tal xeito que é evidente que o tiña por tolo, era de ascen-

[4] O anal "Four Masters" pró ano 917; en "Three fragments" pró ano 909.

dencia irlandesa; polo tanto, as duas primeiras apariciós do nome apuntan a Irlanda.

A teoría de Malone asume que os vikingos daneses levaron con eles a historia de Hamlet a Irlanda, cando o héroe da narración era coñecido co nome de Anlóthe; que, pola influencia irlandesa, a mesma narración sofríu modificación i espansión [5], no intre no que o -n- se transformóu en -m- fricativa, e que tanto a narración como o nome na súa nova forma foron ben acollidos entre os daneses. I en Dinamarca, onde a historia de Hamlet se desenrolóu moito más que a primitiva versión de calquer outro país, é curioso que non apareza o nome amlóthe pra tolo: non embargantes, áchase unha espresión ,"at göre amlingestikker", que é "danar a outro con necios trucos", que cabe ben na versión danesa da narración e na que a forma "aml-ing", é decir, "a modo de Amle", confirma o análisis da verba feito por Malone.

Beowulfo e Onela

Aceptando que Amlóthi sexa o equivalente de Ole o tolo, áchase que o primeiro dos Ole dos que se teñen noticias é o rei sueco Onela do "Beowulfo", o segundo dos fillos do rei sueco Ongentheow morto nas primeiras guerras suecas cantadas no poema. E a traveso dun estudo detallado do "Beowulfo", máis as historias de Saxo e algunhas sagas islandesas como a "Skjöldungasaga", pode identificarse a Onela ca figura noruega Ali inn froekni e ca danesa Heremod. Néisto áchase o principios dun proceso que vai facer del, no seu tempo debido, un xeata no reino distes, cunha perda costante da súa propria nacionalidade que non podía ser aicidental; en realidade medraba da súa primitiva posición nas guerras espricadas no poema anglosaxón, de enemigo dos seus proprios sobriños ós cales arrapañóu o trono e a man dun dos cales morreu. Os veciños dos suecos, que se achaban continuamente en guerra cos reises daqueles pobos, ían identificar naturalmente co seu proprio bando a quen sempre fora un enemigo dises monarcas inda que iso soio non bastaría pra esplicar a rápida adoición de Onela e o seu crecemento como figura central dunha saga; é indudabel que tanto a súa persoalidade como as suas fazañas deberon facer del unha figura atraitiva e apta pra ser desenrolada poéticamente, de tal xeito que os escaldas percurarían tódalas posibels conesiós que lles ían permitir facer del un héroe do proprio pobo deles.

Comparando o "Beowulfo" ca saga de "Bjarkamál", a "Hrólfssaga" e o "Skáldskaparmál", Malone acha coinciden-

[5] Nos aanles irlandeses é o nome dun guerreiro que matóu ó rei Niall Glundubh.

cias peculiares na historia do xoven héroe anglosaxón e a da Bjarki, un héroe danés cunha vida acidentada e parecida a do Beowulfo, até o punto de identificación; niste caso ténse un héroe xeata coñecido na súa terra co sobrenome de Beowulfo, é decir, lobo das abellas ou oso, i entre os daneses polo de Bjarki, é decir, pequeno oso, e que presenta un curioso paralelo ca historia de Onela polo feito de que nos dous casos un persoaxe que sería orixinalmente un estranxeiro enemigo convírtese en héroe nacional. E cando a investigación sigue, siguen tamén as coincidencias.

Despóis de aceptar a posibilidade de identificación da primitiva figura de Hamlet con Onela, é da maior importancia determinar quen foi a muller diste Onela. A primeira vez que aparece o seu nome é na liña 62 do "Beowulfo", liña que, desgraciadamente, ten un buraco no manuscrito; e hai que ter presente que somentes se ten un exemplar diste poema. Desde logo, cando se trata de percurar o nome da dama hai que ter en conta a aliteración, práiticamente a única modalidade poética usada polos anglosaxóns e coido que cabe aceptar a idea do profesor Klaeber, un dos máis brillantes críticos e editores do poema inglés, idea cuia aceptación é tamén apuntada por Malone, e adoptar o nome de Yrsa. No poema "Yrsa" aparece como a filla do rei danés, e niste caso o seu nome, segundo o costume que sin unha soa escepción se acha no mundo xermánico, tería que ir en aliteración co do seu pai e dos seus irmáns. Tería nise caso que encomenzar con H. Pero Saxo non fala na súa historia de que iste rei tivera ningunha filla e sí nos fala dunha nora, Yrsa, a viuda do máis novo dos fillos do rei, de Halgi, que no "Beowulfo" se chama Halga, e que tanto iste poema como os documentos escandinavos din que morreu moi novo. Niste caso hai que asumir que o poeta confundíu a nora ca filla, cousa de ningún xeito estraordinaria.

Coido que niste intre será millor esplicar, inda que sexa sucintamente, a parte do "Beowulfo" que trata das relaciós dos xeatas cos suecos; si o leitor coñece xa a poema, pode deixar de lér ista parte; pero se non o coñece, íalle ser moi difícil seguir as deduciós que seguirán despóis.

No poema dinnos que despóis da morte do rei xeata Hrethel os seus fillos Haethcyn e Hygelac encomenzaron unha guerra contra os suecos. Esta guerra foi causada polos fillos do rei sueco Ongentheow, chamados Ohthere e Onela. Polas suas piraterías en territorio sueco (v. 2477 do poema), impulsaron ós xeatas ó contra-ataque. Haethcyn e Hygelac reuniron unha podente forza e invadiron Suecia. Os xeatas dividíronse en duas partes, cada unha ó mando dun dos príncipes xeatas e a de Haethcyn tivo boa fortuna no principio e capturóu á muller de Ongentheow con todo o seu tesouro, o que semella siñificar que atacóu o palacio do mesmo rei e que o tomóu por

solpresa. Evidentemente Ongentheow escapóu porque volvéu moi cedo ó ataque con novas forzas, rescatóu á súa muller, vencéu e matóu a Haethcyn (v. 2930) e obligóu ós restos do exército xeata a entrar nun bosque, e somentes o feito de que era xa noite impedíu que foran todos mortos. Na mañán do seguinte día e antes de que Ongentheow puidera volver a atacar, Hygelac apareceu co seu "comitatus" ou guardia persoal, fixo retroceder ós suecos e perseguíunos até a fortaleza real (v. 2950) onde Ongentheow caéu nunha loita cos dous irmáns xeatas Wulf i Eofor. O poema non di contra quen loitóu ou que fixo Hygelac no día anterior, pero é posíbel que loitara con Onela e Ohthere. Segundo a saga "Ynglinga" Ohthere sucedéu ó seu pai no trono sueco despóis da morte do rei; o "Beowulfo" non dá información niste punto. Non embargantes iste rei debeu morrer cedo i entón Onela colléu o trono, escluindo ós fillos de Ohter Eanmund Eadgils, que non aceptaron a situación. Foron derrotados pol seu tío e percuraron proteición e axuda entre os xeatas. Naquel tempo era rei distes o xoven Heardred, fillo de Hygelac, que recibíu con amistade ós fuxitivos e con eso ganouse a hostilidade de Onela, que invadíu Xeatland e matóu a Heardred. Eanmund tamén morréu nista loita pola man dun dos guerreiros de Onela, Weohstan, Eadgils, non embargantes, escapóu. Beowulfo foi entón o rei dos xeatas, que semella ter no encomenzo unha certa dependencia con respecto a Onela, pero que moi cedo alióuse con Eadgils pra vengar a morte de Heardred e pra ter independencia política. O "Beowulfo" non di nada encol da derradeira loita na cal Onela foi derrotado e morto. Pero segundo a "Skjöldungasaga" e o "Skáldskaparmál" a batalla entre Ali (Onela) e Athils (Eadgils) sucedéu no xelo do lago Vaeni.

Volvendo a Yrsa, si se toma como nora do rei danés, a aituación dos xeatas no "Beowulfo" é máis comprensibel. Achase alí que o fillo de Helgi ou Helga, segundo esta teoría o marido de Yrsa, un fillo chamado Hrothful, toma as armas contra o seu primo e rei, Hrothgar. O rei dos xeatas que tiña relaciós de amistade con este rei lexítimo é, evidentemente, o enemigo de Hrothful, pero era algo escura a razón da enemistade entre o xeata e Onela; aceptando a Yrsa niste novo papel, como muller de Onela, nora de Healfdene e a nai do rebelde Hrothful, a situación é crara. O padrastro de Hrothful ía ser, necesariamente, o seu aliado e, como tal, enemigo dos xeatas. A campaña de Beowulfo contra Onela é somentes a parte preliminar da campaña posterior contra o fillastro do rei sueco.

Encol de Yrsa, tódalas fontes escandinavas están de acordo en que se casóu por segunda vez, pero dan ó seu segundo marido o nome de Athils, en anglosaxón Eadgils, é decir, o nome diste neto do rei sueco Ongentheow e fillo do primoxé-

nito Ohthere que, segundo o "Beowulfo", matóu máis tarde a Onela. Unindo todas istas noticias, tense que Athils (Eadgils) vencéu e matóu a Áli (Onela), segundo o "Beowulfo", e que se casóu con Yrsa segundo os monumentos escandinavos, e como segundo o "Beowulfo" ista era a muller de Áli, a conclusión é que se casóu ca súa viuda, o que nos dá unha abraiante correspondencia ca historia que conta Saxo na súa narración de Amleth ou Hamlet, unha historia con caraiterísticas peculiares e, polo que se sabe até hoxe, únicas, no que concerne á figura da viuda infiel. Segundo Saxo, a nai de Hamlet cásase co asesino do seu marido e a muller de Hamlet fai o mesmo. Cando chega a este punto, di Malone que si se pode reunir material histórico con suficientes elementos pra xustificar esta repetición, poderá confiarse con bastante razón en que nos achamos no verdadeiro camiño. Pra esto percura probas procedentes de outras fontes e a de maior importancia é a famosa narración da espedición de Hrólfr kraki a Uppsala, espedición que Axel Olrik [6] cré que se fixo pra vengar a morte de Áli. Segundo Saxo, a historia é como sigue:

"Hrólfr dou á súa nai Yrsa en matrimonio ó rei Athils, pero Yrsa achóu avaro ó seu marido i encomenzóu a planear a súa fuxida e a súa volta a Dinamarca. Pretendéu odiar ó seu fillo e persuadíu a Athils pra que o invitara á corte sueca ofrecéndolle regalos pra lle tender unha emboscada e matalo. O que en realidade se propoñía era pedirlle axuda ó seu fillo cando chegara i efeituar así a súa fuxida, levándose tanto tesouro como poidera recoller. Hórlfr é convidado, acude, e a súa nai trátao con estrema frialdade, o que provoca as súas protestas e fai que decida sentarse a carón dela na mesa, contra o parecer de Athils. Despóis de xantar a conversación faise xeral e pregúntaselles ós dous reises que virtude é pra eles a máis importante. Pra Hrólfr é a resistencia, pra Athils a xenerosidade. Póñense os dous a proba e Hrólfs é colocado xunto ó fogo do lar, que se ten avivado pra facelo práiticamente irresistibel. Hrólfr pasa a proba ben e Athils mostra entón a súa xenerosidade dando moitos tesouros ó seu fillastro e un mañífico anelo. Tres días despóis Hrólfr e Yrsa fuxen pola noite levándose o tesouro de Athils que Yrsa roubóu e distraen ós seus perseguidores con ouro esparexido no chan, por consello de Yrsa".

A versión que Snorri dá dista narración [7] non esplica os desiños de Yrsa e dá como motivo da espedición o feito de que Athils non recompensóu ós guerreiros de Hrólfr pola súa axuda na loita que sostivo con Áli. Yrsa nista versión non vai co seu fillo.

---

[6] En "Danmarks Heltedigtning", I, 38.
[7] No "Skaldskaparmál" 43.

A versión da "Hrólfssaga" dá como motivo da espedición o desexo de recuperar a herencia paterna de Hrólfr, que está en posesión de Athils. Nas duas versiós islandesas aparecen os guerreiros de Hrólfr, que Saxo non nomea, cunha parte cada vez máis importante, polo cal parece que a versión de Saxo é máis primitiva no conxunto e nos detalles.

Tal como el a conta, verdadeiramente, a espedición de Hrólfr é bastante estraordinaria, porque aparece chea de contradiciós. Primeiro, Yrsa quéixase da tacañería de Athils, pero iste non obra en absoluto como un avaro. Logo, o pacto de Yrsa co seu marido é inconsistente ca sua conduita cara o seu fillo, porque si quere atraelo a unha emboscada tería que portarse cordialmente con el pra alonxar as suas sospeitas. E non se esplica tampouco como puido convencer ó seu marido de que tiña uns sentimentos tan pouco naturás. Ademáis, ¿qué necesidade tiña de pretender tramar contra o seu fillo? Istes métodos eran perigosos, porque podíao invitar sen ningún complot. Non se esplica tampouco que motivo habería prós regalos ofrecidos a Hrólfr como cibo pra atraelo á corte e, finalmente, é notabel que Saxo non diga que Yrsa chegóu co seu fillo até Dinamarca, inda que fuxira con el, mentres que as outras fontes din que non foi con el.

Un certo esclarecimento distes misterios pódese cecáis achar no capítulo 28 da "Ynglingasaga". Aquí se dí que o rei Athils, un vran, indo nunha espedición de vikingo, ou o que é o mesmo de piratería, chegóu ás beiras xermánicas e capturóu unha fermosísima doncela chamada Yrsa, e fíxoa a sua muller. Esta aventura sóese contar de Helgi, ó cal seguramente pertence e o feito de que aquí se lle adxudique a Athils pode indicar o recordo, si así sucedéu, de que Athils tomóu á sua muller pola forza. Asumendo que Athils despóis de matar a Áli se apoderara de Yrsa, a muller de aquél, a espedición a Uppsala ten outro aspeito. O motivo de Hrólfr sería vengar ó seu padrastro Áli e rescatar á sua nai. E ó chegar ó río Fyri, na entrada de Uppsala, entérase con disgusto de que a súa nai casóuse co asesino do seu padrastro, matrimonio que troca por completo o aspeito das cousas. A Hrólfr non lle parece ben a idea de declarar a guerra á sua propria nai, inda que el mesmo no teña grandes virtudes que ademirar. Ó mesmo tempo síntese leal a Áli e quere vengar a súa morte de algún xeito e decide finalmente pactar con Athils, o que lle vai permitir entrar en contaito ca sua nai e cecáis convencela pra que deixe aquela unión e fuxa con el. Se cadra, poderá vengarse tamén de Athils, a quen un tratado de paz axudaralle a esquecer moitas cousas. Como é evidente, os métodos de Hrólfr non son certamente cheos de honra. Os dous reises falan e a conversa no palacio encol da virtude máis importante representa as negociaciós. Cando Hrólfr louba a resistencia, quere de-

cir que o seu agravio é grande e que el non é un home a quen se poda desviar fácilmente do seu propósito; cando Athils responde loubando a xenerosidade, está pedindo a Hrólfr que non xuzgue á súa nai con escesiva severidade e promételle ouro, como "wergild" ou pago por compensación, en cantidade suficiente até pra un home da súa "resistencia". Unha conversa así era caraiterística da tendencia dos pobos xermánicos a tratar indireitamente dos asuntos máis importantes, sobor de todo os referentes ó estado. Hrólfr acepta, e faise a reconciliación aparente, malia a frialdade da nai e a oposición de Athils a que o seu fillo se sente a carón seu, o que demostra que coñecía ben a crase de persoa ca que trataba. Finalmente Hrólfr convence á súa nai e fuxen levándose o tesouro de Athils; seguramente a intención de Hrólfr era chegar xunto ó seu exército e loitar, pero é perseguido e somentes pode escapar abandonando ó tesouro e á súa nai.

A razón de que a historia pasara logo dun xeito tan diferente á posteridade é tamén evidente. En primeiro lugar non podía cantarse unha derrota tal sen desmerecer ó héroe, nin podía pintarse á súa nai como unha má muller, cousa que ía perxudicar tamén ó héroe. Polo tanto omítese primeiro o medio polo cal Yrsa adequire un novo marido e, ó cabo do tempo, a propria esistencia de outro marido tense esquecido. A eliminación de Áli deixaría a Hrólfr sen motivo prá espedición; por esto fáiselle víctima dun complot no que o wergild aituaba como cibo pra atraelo a Uppsala.

Na versión de Saxo, Yrsa é a figura central da espedición. Nas versiós posteriores perde gran parte da súa importancia porque vai aumentando a dos guerreiros de Hrólfr, inda que isto é un desenrolo común a tódalas narraciós do ciclo. O que é interesante é a iniciativa que mostra a Yrsa de Saxo, porque demostra que algo tivo que haber na muller misma que favorecía iste desenrolo. É obvio que vulgar nono era. Inda no cume do seu poder, carente de boas cualidades, incapaz de sentir amor ou abnegación, estribillando en contra do seu marido, usando ó seu fillo como instrumento e sen pensar na súa seguridade, no perigoso xogo no que se achaba, sen escrúpulos, ladroeira, tiña non embargantes que ter cualidades de outra crase i en abondancia; valor, iniciativa, habilidade pra dirixir e pra controlar, é decir, forza. Unha muller cuia semellanza punto por punto, con abraiante identidade, áchase no retrato que o poeta nos fai dun dos persoaxes femeninos do "Beowulfo", o de Thryth, a muller do rei Offa de Anglia.

Xa vimos cómo os xutos adoitaron como reises proprios ós reises anglos e xeatas. Entre os primeiros achábase Offa, arredor do cal en Inglaterra se formaron principalmente duas lendas: a da súa loita en Fifeldor e a da historia da súa muller Thryth. En Saxo a primeira distas narraciós cóntase encol de Uffe

(offa), pero non aparece a historia de Thryth. O que sucedeu foi probabelmente que como a muller de Amleth se chama alí Ermu-thruth, e a súa historia é práiticamente unha versión da de Thryth, pode asumirse que a historia que orixinariamente se contaba en Xutlandia da muller de Uffe transfiríuse máis tarde á muller de Amleth. O caráiter dista era moi doado pra elo, porque nada era máis fácil que facer unha asociación psicolóxica entre a viuda infiel e a muller que, segundo se conta no "Beowulfo", era a causa da morte dos que aspiraban á súa man; o caráiter de Yrsa, perceptíbel en todo o referente á espedición a Uppsala, tende a reforzar esta teoría.

MICAELA MISIEGO
Santiago

O XÉNESIS

VERSIÓN GALEGA DA "VULGATA LATINA"

O Xénesis, *en hebréu "Beresit" (verba coa que se enceta), é o primeiro dos cinco libros que compoñen a* Torah *ou Lei, á que os xudéus helenizados da Alexandría chamaron en grego, por mor dos cinco, o "Pentateuco". Foi obra de Moisés —o gran xefe e lexislador do Israel peleriñante polo deserto— conforme á* communis opinio *tanto cristiá coma xudea de tódolos tempos, a poder de rexas testemuñas e craros xuicios, dende as afirmaciós espalladas eiquí i acolá na Escritura deica os argumentos de ordre histórico, filolóxico, relixioso, etcétera, que non veñen agora ao caso.*

O mundo foi creado por Deus, que o tiróu da Nada. O home foi creado da lama á imaxe e semellanza de Deus; dimpoixas, foi creada a muller. Deus sometéu a proba a fidelidade da primeira parella humá, e iles pecaron, e Deus puníunos. Dista primeira parella saíu todo o xénero humán, etc. Eis a revelación duns principios, alicerces da teoloxía. A feiticieira paráboa dos primeiros capíduos do Xénesis *"contén narraciós de feitos verdadeiros, é decir, que responden á realidade ouxetiva e verdade histórica; non fábulas mitolóxicas ou cosmogónicas, nin soias alegorías ou símbolos fallos de baseamento ouxetivo, nin léndas exemprares, históricas nunha parte, finxidas noutra"— adevirte no* 1906 *a Comisión Pontificia Bíblica.*

Os eisexetas e mesmo os Papas (León xiii: *Enc.* Providentissimus Deus: *Pío* xii: *Enc.* Divino afflante Spiritu) *ensínannos que na narracción do* Xénesis, *de senso parabólico sinxelo e popular, mañan as verdades máis fondas sobor do orixe da humanidade e de canto a arrodea, pro ditas sin pretensiós centíficas, senón acomodadas, atal conviña, á mente do pobo pouco culto. A inerrancia da Biblia está dabondo definida.*

A nosa versión leva unhas poucas notas, as máis de autoridade, algunhas da nosa colleita, pra xustificaren opciós ou pra engadiren ao testo certas semellas.

Precuramos un galego que, dentro da liña do popular, non desmereza da dinidade que lle compre. Coidamos nós.

M. C. N.

PRIMEIRA PARTE (1,1 — 11,32)

DENDE A CREACIÓN DO MUNDO DEICA A VOCACIÓN DE ABRAM

CREACIÓN DO CEO E DA TERRA

Capítulo 1

1. No principio creóu Deus o ceo i a terra.
2. Ora a terra estaba informe e valeira, i as trebas espallábanse encol da face do oceáno, i o Espíritu de Deus pairaba sobor das augas.
3. E dixo Deus: "Haxa luz". E houbo luz.
4. Viu Deus que a luz era boa: e soparóu a luz das trebas.
5. E chamóulle á luz Día i ás trebas Noite. E veu o serán e máis a mañá: primeiro día.
6. Dixo tamén Deus: "Haxa firmamento entremeias das augas e sopare unhas augas das outras".
7. Fixo, pois, Deus o firmamento soparando as augas que estaban por baixo das que estaban por riba. I esí quedóu feito.
8. Deus chamoulle ao firmamento Ceo. E veu o serán e máis a mañá: segundo día.
9. Dixo logo Deus: "Axúntense as augas de por baixo do ceo nun soio lugar, i apareza o seco". I esí foi.
10. Deus ao seco chamoulle Terra i ao conxunto das augas chamoulle Mares. E Deus viu que era bó.
11. E dixo: "Xermole na terra a herba verde, herba que dea semente, i albres froitaes que produzan froito conforme á súa especie contendo en sí a propria semente sobor da terra. I esí se fixo [1].
12. Abrollóu na terra a herba verde que dá semente asegún a súa especie, i albres que dan froito do que cadaséu leva por adentro a semente conforme á súa clás. E Deus víu que isto era bo.
13. E veu o serán e máis a mañá: día terceiro.
14. Dixo logo Deus: "Haxa lumieiras no firmamento do ceo pra que afasten o día da noite, e sirvan de sináis, e pra marcaren estaciós, días e anos.
15. Corusquen no firmamento do ceo i alumeen a terra", I esí foi.
16. E Deus fixo dúas grandes lumieiras: a maor, que preside o día, i a menor, que preside a noite; ademáis das estrelas.
17. E colocounas no firmamento do ceo pra lociren encol da terra.

---

[1] Conforme á súa especie, oú sexa nas súas difrentes especies. Quedan, pois, creadas arredadamente as diversas especies de seres vivos (Da Biblia Bover-Cantera. B. A. C., 1957).

18. Aseñorearen o día i a noite, i arredaren a luz das trebas. E Deus víu que isto era bo.

19. E veu o serán e máis a mañá: día carto.

20. Dixo tamén Deus: "Xurdan das augas os monstros mariños de ánima vivinte e seres voadores que voen porriba da terra sobre o firmamento do ceo".

21. Creóu, pois, Deus as grandes baleas e toda cousa animada que vive e se move, as que xurdiron das augas nas súas especies, e todo ser voador conforme ao seu xénero. E Deus viu que era bo.

22. E abenzoóunos decindo: "Crecede e multipricádevos, i enchede as augas do mar, e multipríquense as aves na terra".

23. E veu o serán e máis a mañá: día quinto.

24. Dixo tamén Deus: "Produza a terra seres vivintes conforme ao seu xénero, gado, reptís e feras salvaxes conforme ás súas especies". I esí foi.

25. Deus fixo as feras salvaxes conforme ás súas especies, i o gado, e tódolos reptís da campía conforme ao seu xénero. E Deus viu que isto era bo.

26. E dixo: "Fagamos ao home á nosa imaxe e semellanza, e suxeite aos peixes do mar, aos paxaros do ceo, ás feras, á terra enteira, a tódolos reptís que se arrastan polo chan".

27. E Deus creóu ao home; creouno á imaxe de Deus; varón e femia os creóu.

28. Abenzoóunos Deus decindo: "Crecede e multipricádevos, ateigade a terra e sometédea, e dominade aos peixes do mar, ás aves do ceo, a tódolos animaes que se moven sobor da terra".

29. Engadíu Deus: "Eis que vos dín tódalas herbas con semente que hai na terra, e tódolos albres que levan en sí mesmos a semente da súa caste, pra que vos sirvan de mantenza.

30. E dinllos tamén a tódolos animaes da terra, a tódolos paxaros do ceo, a todo o que se move polo chan con ánima vivinte, pra que tamén teñan que comer". I esí foi.

31. Daquela viu Deus canto fixera, e velehí que todas eran cousas boas. E veu o serán e máis a mañá: día sesto.

Capítulo 2

1. Quedaron, pois, acabados o ceo i a terra con tódolos seus adovíos.

2. E tendo Deus, no día sétimo, rematado a obra que fixera, repousóu nise día sétimo de todo o labor feito.

3. I abenzoóu o día sétimo e santificouno, por nil ter folgado de toda a obra que Deus creara.

4. Istes son os orixes do ceo e da terra, cando foron creados, no tempo que Yaveh Deus fixo o ceo i a terra [2],
5. e toda planta do monte denantes que agromase na terra, e toda hèrba do campo denantes que xermolase: pois aínda Yaveh Deus non verquera a choiva sobor da terra, nin eisistía o home pra labourala.
6. Mais da terra xurdía unha fonte que regaba toda a súa superficie.
7. Formóu, pois, Yaveh Deus ao home do barro da terra e asoproulle na faciana un alento de vida, e quedóu feito o home coma persoa viva.
8. Ora dende o principio plantara Yaveh Deus un paradiso de engados, no que puxo ao home que formara.
9. E Yaveh Deus tirara da terra toda clás de albres fermosos aos ollos e doces pra se gorentar, e deporparte, no meio do paradiso, o albre da vida i o albre da cencia do ben e do mal.
10. Saía diste feiticeiro sitio un río pra regalo paradiso, que dende alí dividíase en catro brazos.
11. O nome do primeiro é Fisón, aquil que arrodea toda a terra de Hevilath, onde nasce o ouro.
12. O ouro dise país é fino, e tamén se atopan aló o bedelio i a pedra ónix.
13. O nome do segundo río é Xeón, aquil que circa toda a Etiopía.
14. O nome do terceiro río é Tigris, aquil que esbara cara a bisbarra dos asirios. O carto río é o Éufrates.
15. Tomóu Yaveh Deus ao home e púxoo no paradiso de engados pra que o coidase e gardase.
16. E ordeoulle decindo: "Come de tódolos albres do paradiso.
17. Nembargantes, non comas do albre da cencia do ben e do mal, porque o día que dil comeses, morrerías sin remedio".
18. Dixo tamén Yaveh Deus: "Non é bó que o home estea soio. Fagámoslle unha axuda semellante a il".
19. Tendo Yaveh Deus formado da terra tódolos animaes da campía e tódalas aves do ceo, levóunos diante de Adán pra que vise cómo lles había chamar, pois toda palabra coa que Adán chamase aos seres vivintes, ise sería o seu verdadeiro nome.
20. Adán deulle nome a tólodos animaes, paxaros do ceo e feras do monte; mais pra Adán se non achaba unha axuda semellante a il.

[2] Deica iste versículo lemos sempre "Deus" (Deus=Elohim) pra nomear á Divindade. A partir de eiquí noméase adoito con duas verbas: Yave-Elohim, Xehová-Elohim, Yaveh-Deus, o Señor Deus (da Vulgata: Dominus Deus). Nós escolmamos Yaveh-Deus, un dos xeitos máis comús (N. do T.).

21. Yaveh Deus infundíu en Adán un sono, e asemade iste se durmíu, arrincóulle unha das costelas e pechóu o burato con carne.

22. E da costela arrincada de Adán fabricóu Yaveh Deus unha muller e tróuxolla a Adán.

23. Adán dixo: "Veleiquí agora: oso dos meus osos e carne da miña carne! A ista chamaránlle Varoa, porque do varón foi sacada.

24. Por en leixará o home ao seu pai i á súa nai, pra se achegar á súa muller: e serán dous nunha soia carne" [3].

25. E ámbolos dous estaban ispidos, Adán i a súa muller, mais se non envergoñaban diso.

O PECADO ORIXINAL

Capítulo 3

1. Pro a cóbrega, o máis arteiro dos animaes da terra que Yaveh Deus fixera, díxolle á muller: "Conque Deus dispúxovos que non comérades de tódolos albres do paradiso?".

2. Ao que a muller respondéu: "Nós xa comemos do froito dos albres que hai no paradiso.

3. Endebén, verbo do froito do albre que está no meio do paradiso mandounos que non coméramos, nin siquer lle tocáramos, non sexa que morramos".

4. A cóbrega, entón, retrousóulle á muller: "Vós non morreredes de maneira ningunha.

5. Pro Deus sabe que, calquera día que comades dil, abriránsevos os ollos, e seredes coma deuses, coñecedores do ben e do mal".

6. Enxergóu, pois, a muller que o albre era bó pra comer, e xeitoso pra a vista, e de carís ledicioso; e tiróu do seu froito e coméu e deulle ao seu home, que tamén coméu.

7. Daquela abríronse os ollos dos dous, e comprendendo que estaban ispidos coseron follas de figueira e compuxeron pra sí uns cinguideiros.

8. E onda escoitaron a voz de Yaveh Deus, que camiñaba devagar polo paradiso á brisa da tardiña, Adán i a súa muller ascondéronse da face de Yaveh Deus acochándose entre os alboredos do paradiso.

9. Yaveh Deus chamóu a Adán e dixo: "Ónde estás?".

10. Il repuxo: "Ouvín a túa voz no paradiso e, medoño por estar ispido, oculteime".

11. Ao que repricóu Deus: "Quén che ensinóu a tí que estabas ispido se non for porque comiches do albre de que che eu tiña disposto que non comeses?".

---

[3] Quer decir un solo corpo; millor, unha soia persoa. Niste versículo resúmese a natureza i as leises fundamentás do matrimonio (Da B. Bover-Cantera).

12. E Adán dixo: "A muller que me puxeches de compañeira deume do albre, e comín".

13. Preguntoulle logo Yaveh Deus á muller: "Por qué o fixeches?".

I a muller respondéu: "A cóbrega engalloóume, e comín".

CASTIGO E PROMESA

14. Yaveh Deus díxolle entón á cóbrega: "Por ter isto argallado, maldizoada serás entre tódolos animales e feras da terra. Arrastaraste sobor do teu peito. E xantarás pó tódolos días da túa vida.

15. Poréi enemistades entre tí i a muller, entre a túa posteiridade i a súa posteiridade. Ela esmagaráche a cabeza, e tí teimarás de ferila no calcañar" [4].

16. Díxolle aínda porparte á muller: "Multipricaréi os teus traballos i as túas preñeces. Parirás fillos con dór, i estarás sob o cobizo do teu home, que de tí se aseñoreará".

17. A Adán díxolle: "Por teres escoitado a voz da túa muller e teres comido do albre de que che mandéi non comeses, maldita será a terra por mor de tí. Con faternas te manterás dela por tódolos días da túa vida.

18. Espiñas e cardios abrollarán pra tí, e manxarás herbas do campo.

19. Co suor do teu rosto gañarás o pan hastra que voltes á terra da que fuches formado, pois és pó i en pó te trocarás".

20. E Adán chamóu á muller co nome de Eva, por sere ela a nai de tódolos vivintes [5].

21. Dimpóis fíxolle Yaveh Deus a Adán i á súa muller unhas túnicas de pelica e vestíunos.

22. E díxose Deus: "Eis a Adán, feito coma un de Nós, sabidor do ben e do mal: Non sexa que vaia arestora alongala mau, pra collere tamén do albre da vida, e coma, e viva pra sèmpre".

23. E Yaveh Deus botouno fora do paradiso de engados, pra que labourase a terra da que tivera sido formado.

24. Xa botado Adán, puxo diante do paradiso de engados a un querubín que brandía unha espada flamexante de lume, pra gardalo camiño do albre da vida.

---

[4] A iste versículo chamáronlle os Santos Pais o *Protoevanxeo*, por profetizare a Redención do home caído, pola posteridade (Cristo) da muller (a Virxe María). Varios cadros relixiosos de grandes pintores, abondadamente reproducidos, preséntannos a escea da Nai de Deus esmagando a cabeza da cóbrega, que é o demo. Na escultura, tamén. (N. do T.).

[5] Eva. Adevirtamos que as etimoloxías, que o testo sagro tantas vegadas aponta, son de carís popular e soen recoller coincidencias esternas e semánticas de vocábulos por paranomasia, doadas pra o fin que o autor se propón, que non é xustamente o de nos dar a etimoloxía filolóxica das palabras (Da B. Bover-Cantera).

Capítulo 4

1. Adán coñecéu a Eva, a súa muller: ista concebíu e paríu a Caín, e dixo: "Acadéi un home polo poder de Deus".

2. Dimpóis paríu ao seu irmáu Abel. Abel foi pastor de ovellas, e Caín labrador.

3. Acontecéu que, pasado moito tempo, Caín fíxolle ofrenda a Yaveh dos froitos da terra.

4. Abel, pola súa banda, ofrecéu dos primoxénitos do seu fato, dos millor mantidos. E Yaveh mirou con bos ollos cara Abel e cara as súas ofrendas.

5. Pro non, en troques, cara Caín i as súas. Asañouse moito Caín, i abatéuselle a faciana.

6. Yaveh díxolle: "Por qué te asañas? Por qué a faciana che se abatéu dise xeito?

7. Non é certo que, se ben obrares, ben recibirías; e, se mal obrares, o pecado axexará na túa porta? Mais por baixo de tí estará o seu desexo, e tí dominaralo".

8. E díxolle Caín ao seu irmáu Abel: "Saliamos fora". I ao que estiveron no campo, arremetéu Caín contra o seu irmáu Abel e matouno.

9. Preguntoulle Yaveh a Caín: "Ónde está o teu irmáu Abel?". Il respondéu: "Non sei. Son eu cecáis o garda do meu irmáu?".

10. E Yaveh díxolle: "Qué fixeches? A voz do sangue do teu irmáu está clamando pra min dende a terra.

11. De agora en diante, pois, maldizoado serás nista terra que abríu os seus beizos pra recibir da túa mau o sangue do teu irmáu.

12. Cando a traballes, ela negarache os seus froitos: vagaxeiro e fuxidío serás na terra".

13. Dixo Caín a Yeveh: "Inorme é a miña iniquidade pra sere merescente de perdón

14. Eis que hoxe me botas dista terra. Ascondereime da túa faciana i andaréi vagando, fuxidío pola terra; por en, calquera que me atope matarame".

15. E Yaveh repúxolle: "Non será dise xeito. Abofellas que calquera que matase a Caín, sete vegadas sería castigado". E Yaveh puxo un sinal en Caín pra que o non matara ninguén que o atopase.

16. Saíndo, logo, Caín da presencia de Yaveh, moróu camiñante sobor da terra pola banda do Leste do Edén.

17. Coñecéu Caín á súa muller, que concebíu e paríu a Henoc; i edificóu il unha cibdade á que deu o nome do seu fillo Henoc.
18. Dimpóis, Henoc xeneróu a Irad, e Irad xeneróu a Maviael, e Maviael xeneróu a Matusael, e Matusael xeneróu a Lamec.
19. Iste tomóu pra sí dúas mulleres, unha chamada Ada, outra chamada Sela.
20. Ada paríu a Xabel, que foi o pai dos que habitan en tendas e son pegureiros.
21. O nome do seu irmáu foi Xubal, pai dos que tanxen cítola e zanfona.
22. Tamén Sela paríu a Tubal-Caín, que foi martelador e artífice de toda clás de ferramentas de cobre e de ferro. A irmá de Tubal-Caín foi Noema.
23. E díxolle Lamec ás súas mulleres Ada e Sela: "Ouvide a miña voz, mulleres de Lamec, escoitade as miñas verbas: Eu matéi a un home por mor só da miña ferida; e matéi a un rapaz por mor do meu cardeal.
24. Se Caín será vingado sete veces, Lamec seráio setenta veces sete" [6].

SET I A SUA POSTERIDADE

25. Adán coñecéu novamente á súa muller, i ela paríu un fillo ao que lle puxo de nome Set decindo: "Donoume Deus outra semente no sitio de Abel, o que Caín matóu".
26. I a Set tamén lle nascéu un fillo, ao que chamóu Enós. Iste escomenzóu a invocar o nome de Yaveh [7].

LINAXE DE ADÁN

Capítulo 5

1. Iste é o libro do linaxe de Adán. O día que Deus creóu ao home, fíxoo á súa semellanza.
2. Varón e femia os creóu, i abenzoóunos. "Adán" chamóulles no día que foron creados.
3. Tiña vivido Adán cento trinta anos cando xeneróu á súa imaxe e semellanza un fillo ao que deu o nome de Set.
4. Dimpóis de xenerar a Set, aínda Adán vivíu oitocentos anos: e xeneróu fillos e fillas.

---

[6] A dexeneración moral da posteridade de Caín demóstrase pola poligamia e máis polo salvaxe berro de guerra de Lamec, ao pé do progreso material, por enxempro a descoberta dos metaes (Da Biblia Cantera-Pavón-Pérez de Urbel. Editorial Planeta, 1961).

[7] Quer decir que daquela encetóuse o culto a Yaveh, ou ben que no tempo de Enós escomenzaron os fillos de Sem a chamárense "fillos de Deus". Atopamos as dúas interpretaciós en comentos de autoridade (N. do T.)

5. Todo o tempo que vivíu Adán foron novecentos anos; e morréu.
6. Set, cando tiña cento cinco anos, xeneróu a Enós.
7. Dimpóis de xenerar a Enós, aínda Set vivíu oitocentos sete anos; e xeneróu fillos e fillas.
8. Tódolos días de Set foron novecentos doce anos; e morréu.
9. Enós, cando tiña noventa anos, xeneróu a Cainán.
10. Após do nascemento aínda vivíu Enós oitocentos quince anos: é xeneróu fillos e fillas.
11. Tódolos días de Enós foron novecentos cinco anos, e morréu.
12. Cainán, cando tiña setenta anos, xeneróu a Malalael.
13. Dimpóis de xenerar a Malalael, aínda Cainán vivíu oitocentos coarenta anos: e xeneróu fillos e fillas.
14. Tódolos días de Cainán foron novecentos dez anos; e morréu.
15. Malalael, cando tiña sesenta e cinco anos, xeneróu a Xared.
16. Dimpóis de xenerar a Xared, aínda Malalael vivíu oitocentos trinta anos: e xeneróu fillos e fillas.
17. Tódolos días de Malalael foron oitocentos noventa e cinco anos; e morréu.
18. Xared, cando tiña cento sesenta e dous anos, xeneróu a Henoc.
19. Dimpóis de xenerar a Henoc, aínda Xared vivíu oitocentos anos; e xeneróu fillos e fillas.
20. Tódolos días de Xared foron novecentos sesenta e dous anos, e morreu.
21. Henoc, cando tiña sesenta e cinco anos, xeneróu a Matusalén.
22. I andivo Henoc con Deus: e dimpóis de xenerar a Matusalén, vivíu trescentos anos: e xeneróu fillos e fillas.
23. Tódolos días de Henoc foron trescentos sesenta e cinco anos.
24. I andivo con Deus e desaparecéu, porque Deus levóuno [8].
25. Matusalén, cando tiña cento oitenta e sete anos, xeneróu a Lamec.
26. Dimpóis de xenerar a Lamec, aínda Matusalén vivíu setecentos oitenta e dous anos: e xeneróu fillos e fillas.
27. Tódolos días de Matusalén foron novecentos sesenta e nove anos; e morréu.
28. Lamec, cando tiña cento oitenta e dous anos, xeneróu un fillo:

---

[8] Ista desaparición de Enós é pra nós un misterio. Aínda que a Escritura refírese outras vegadas a ela, non ergue o veo. As pantesías dos apógrifos non merescen creto ningún. (Da Biblia Nácar-Colunga. B. A. C. 1944).

29. Ao fillo chamóulle Noé decindo: "Iste nos consolará dos traballos e dos esforzos das nosas maus nista terra que Yaveh maldicéu".

30. Dimpóis de xenerar a Noé, aínda Lamec vivíu quiñentos noventa e cinco anos: e xeneróu fillos e fillas.

31. Tódolos días de Lamec foron setecentos setenta e sete anos; e morréu.

32. Noé, cando tiña quiñentos anos, xeneróu a Sem, a Cam e a Xafet.

Deus manda o dioivo

Capítulo 6

1. Onda os homes escomenzaron a se multipricar sóbor da terra i a xenerar fillas,

2. ao veren os fillos de Deus que as fillas dos homes eran belidas, tomaron por súas mulleres as que entre elas escolleran [9].

3. E Deus dixo: "Non remanecerá pra sempre o meu espírito no home, pois il é carne; i os seus días serán cento vinte anos".

4. Naquil tempo había xigantes na terra: xa que desque os fillos de Deus se achegaron ás fillas dos homes, i elas pariran fillos, istes foron homes podentes, de anterga sona.

5. Vendo Deus que a malicia dos homes era moita na terra e que tódalas matinaciós do seu corazón ían decote adugadas ao mal,

6. pesóulle de ter formado ao home na terra. E doéndose coa dór no ámago do corazón, dixo: "Estirparéi da face da terra ao home que creéi, dende o home hastra o animal, dende os reptís hastra as aves do ceo: porque me arrepinto de telos feito".

8. Emporiso, Noé achóu gracia perante Yaveh.

9. Ista é a posteridade de Noé: Noé foi home xusto e perfeito entre os da súa xeneración, pois andivo con Deus.

10. Xenerara tres fillos: Sem, Cam e Xafet.

11. Ora a terra estaba apodrecida e cugulada de iniquidade.

12. Onda Deus víu que a terra era unha podremia (porque toda carne tiña corrompido o seu camiño),

13. díxolle a Noé: "Vexo vir a fin de toda carne, pois a terra enchéuse de iniquidade por culpa dos homes; i eis que eu anicaréinos xuntos coela.

14. Faite unha arca de madeiras recineiras, dispón na

---

[9] Por fillos de Deus vénse entendendo "os descendentes de Set". Por fillas dos homes, as mulleres da posteridade de Caín. Os xigantes, heróis de moita sona, serían o froito disas uniós, na opinión xeral dos eisexetas (N. de T.)

arca unhas pequenas habitaciós i embréaia ben por adentro e por afora.

15. Farála esí: de trescentos cóbados de largura, cincoenta cóbados de ancheza e trinta cóbados de alto.

16. Poráslle unha fiestra a un cóbado do cumio; a porta, dun lado; e prepararáslle un piso baixo, un segundo e un terceiro piso.

17. E velehí que eu verqueréi un dioivo de auga encol da terra, pra matar toda carne na que haxa espírito de vida debaixo do ceo: canto hai na terra será estragado.

18. Pro contigo faréi un pauto: Entraredes na arca ti, os teus fillos, a tua muller i as mulleres dos teus fillos, contigo.

19. E de tódolos animaes do mundo meterás na arca parellas, macho e femia, pra que contigo vivan.

20. Das aves, asegún a súa especie, e das feras, asegún a súa especie, e dos reptís, asegún a súa especie, de todos entrarán dous contigo pra que poidan seguir vivindo.

21. Recollerás tamén toda sorte de cousas de comer, e levarálas a teu carón, pra que a ti i a iles vos sirvan de mantenza".

22. Noé obedecéu todo o que Deus lle mandara.

NOÉ ENTRA NA ARCA

Capítulo 7

1. Díxolle Yaveh a Noé: "Entrade na arca ti e toda a túa casa, pois atopeite xusto diante de min nista xeneración.

2. De tódolos animaes xebres, toma sete parellas compostas de macho e femia.

3. Tamén das aves do ceo, sete parellas, de macho e femia; pra que se lle salve a semente sobor da face da terra toda.

4.—Porque ao cabo de sete días vou facer chover encol da terra por coarenta días e coarenta noites, i anicaréi nela toda sustancia por min creada".

5. Noé cumplíu, pois, canto Yaveh lle mandara.

6. E tendo Noé seiscentos anos a terra sulagouse no dioivo das augas.

7. Noé entróu na arca cos seus fillos, coa súa muller e coas mulleres dos seus fillos, pra se librar das augas do dioivo.

8. Dos animaes xebres e dos que non o son, e das aves, e de canto se move pola terra,

9. entraron con Noé na arca, de dous en dous, macho e femia, conforme Yaveh lle ordeara a Noé.

10. I ao cabo de sete días as augas do dioivo sulagaron a terra.

11. No segundo mes do ano seiscentos da vida de Noé, o

día dazasete, rompéronse tódalas fontes do grande abismo i abríronse as fervenzas do ceo;

12. e caíu choiva sobor da terra por coarenta días e coarenta noites.

13. Aquil mesmo día tiñan entrado na arca Noé i os seus fillos Sem, Cam e Xafet, a súa muller i as mulleres dos fillos xuntas coiles.

14. Os devanditos e tódolos animaes bravos asegún a súa especie, todo o gado manso asegún a súa especie, todo o que se move pola terra asegún a súa especie, todo o que voa asegún a súa especie, todo paxaro, todo ser azado:

15. Entraron perto de Noé na arca, por parellas, de toda carne que ten alento de vida.

16. I os que entraron, macho e femia de tódalas especies, viñeron atal Deus llo tiña mandado a Noé; e Yaveh pechoulle a porta por afora.

O DIOIVO

17. E caíu o dioivo coarenta días encol da terra: as augas medraron i ergueron a arca moi outo porriba da terra.

18. As augas rasourárono todo con témera forza, cobriron todo o chau da terra; emporiso, a arca aboiaba nas augas.

19. Xa que logo, as augas montaron dabondo sobor da terra, i asulagáronse os meirandes picoutos que hai debaixo do ceo [10].

20. Quince cóbados sobardaron as augas aos montes que cobriran.

21. Perescéu toda carne que se move pola terra, quer de aves, de gado, de feras, de reptís que se arrastan, e tódolos homes.

22. Todo o que ten respiro de vida sóbor da terra, todo morréu.

23. Esí foi estragada toda sustancia que vivía na terra, dende o home hastra a besta, tanto os reptís coma as aves do ceo, todo na terra foi anicado; e remasnecéu somentes Noé, i os que coil estaban na arca.

24. As augas cobriron a terra durante cento cincoenta días.

FINAL DO DIOIVO

Capítulo 8

1. Mais Deus lembróuse de Noé, de tódolos animaes, de tódolos gados que estaban coil na arca: asopróu un vento sóbor da terra, i as augas degaxaron.

---

[10] Quer decir os do mundo daquela poboado, con toda a humanidade culpada, conforme á máis xeralizada opinión (Da B. Cantera-Pavón-Pérez de Urbel).

2. Pecháronse as fontes do abismo i as fervenzas dos ceos: as choivas do ceo foron detidas.
3. E tornáronse da terra as augas indo e vindo, e principiaron o debalo dimpóis de cento cincoenta días.
4. No día vintesete do mes sétimo a arca apousóu nos montes da Armenia.
5. Entramentres as augas seguiron debalando deica o décimo mes: o primeiro día do décimo mes apareceron os cumes dos montes.
6. I acontecéu que, pasados coarenta días, abríu Noé a fiestra que fixera na arca e ceibóu un corvo,
7. o que saíu e non voltóu máis deica que se secaron as augas sobor da terra.
8. Soltóu tamén, dimpóis do corvo, unha pomba, pra vere se as augas se tiñan xa retirado da face da terra.
9. Pro a pomba, coma non atopara onde pousar pé, tornóu pra xunto dil á arca, pois as augas aínda estaban sóbor da terra. Daquela Noé alongóu a mau, colleuna e remeteuna na arca.
10. Agardóu logo outros sete días máis e volvéu ceibala pomba fora da arca.
11. I ela voltóu a il polo serán traguendo no peteiro unha galliña de oliveira con follas verdes; e Noé decatouse de que as augas xa se tiñan retirado da terra.
12. I agardóu aínda outros sete días denantes de ceibar de novo a pomba, que xa non tornóu máis cabo dil.
13. Por en, no ano seiscentos un (de Noé), o primeiro día do primeiro mes, enxoitábase de augas a terra; e Noé, alzando o teito da arca, ollóu e víu que se secaba a superficie da terra.
14. No segundo mes, o día vintesete, a terra secárase.

NOÉ SAI DA ARCA

15. Deus faloulle a Noé, decindo:
16. "Sai da arca ti, i a túa muller, os teus fillos i as mulleres dos teus fillos contigo.
17. Os animaes que están xunta tí, de tódalas especies, quer de aves ou de feras, quer dos reptís que andan arrasto polo chau, sácaos contigo tamén, e camiñade pola terra: Crecede e multipricádevos sóbor dela".
18. Saíu, pois, Noé cos seus fillos, a súa muller i as mulleres dos seus fillos.
19. E tamén saíron da arca os animaes bravos, o gado, os reptís que andan arrasto polo chau, todos asegún as súas especies.
20. Entón Noé edificóu un altar a Yaveh; e collendo de

tódolos gados e de tódalas aves limpas, ofrecéu sagrificios no altar.

21. Notóu Yaveh un velaíño arrecendo e dixo: "Xa nunca máis volveréi amaldizoala terra por mor dos homes, porque o anceio i a matinación do corazón do home tende cara o mal dende a súa mocedade. Non volveréi ferir toda ánima vivinte, coma fixen.

22. Por tódolos días da terra, a sementeira i a colleita, o frío i a calor, o vrau i o inverno, a noite i o día non rematarán".

Noé abenzoado por Deus

Capítulo 9

1. E Deus abenzoóu a Noé i aos seus fillos decindo: "Crecede, multipricádevos i enchede a terra.

2. Treman de pavura diante de vós tódolos animaes da terra, tódalas aves do ceo e máis todo o que bule polo chau; tódolos peixes do mar entregues serán nas vosas maus.

3. Todo o que se move e vive, serviravos de mantenza, Atal vos dei as hortarizas verdes, esí vos dou o demáis.

4. Nembargantes, non comeredes carne con sangue.

5. Pois abofellas demandaréi o sangue das vosas vidas da mau de tódalas feras, da mau de todo home, de todo varón seu irmáu demandareina.

6. Aquil que verca sangue humán, mirará verquido o seu proprio sangue: porque á imaxe de Deus foi feito o home [11].

7. Pro vós crecede, multipricádevos, espalládevos por toda a terra i ateigádea".

O pauto con Noé

8. Díxolle tamén Deus a Noé e coil aos seus fillos:

9. "Eis que eu fago o meu pauto convosco e coa vosa posteridade atráis de vós:

10. e con toda ánima vivinte que convosco estea, de aves, de gados e feras, de cantos saíron da arca, de tódolos animaes da terra.

11. Prevalerá o meu pauto convosco, e nunca máis perescerá toda carne coas augas do dioivo, pois endexamáis haberá outro dioivo pra rasourala terra.

12. I engadíu Deus: "Veleiquí o sinal do pauto feito entre min e vós e toda ánima vivinte que convosco estea polas xeneraciós dos séculos:

---

[11] O sangue é a fonte da vida. A vida do home é somentes de Deus. Ninguén lla pode toller a un home, nen xiquer as feras. Traducín con literalidade. (N. do T.)

13. Poréi o meu arco nas nubens, e il restará por sinal do pauto entre min i a terra.

14. E onda eu xunte as nubens no céo, o meu arco aparecerá nas nubens;

15. e lembrareime do meu concerto convosco e con toda alma vivinte que anima corpo; e non haberá máis augas de dioivo que aniquen a carne.

16. Dexergaréi o arco nas nubens i aixiña me lembraréi do concordado entre Deus e vós e máis toda alma vivinte de toda carne que haxa sóbor da terra".

17. E díxolle Deus a Noé: "Iste será o sinal do pauto que establecín entre min e toda carne que sobor da terra latexa".

Noé amaldizoa a Canaán i abenzoa a Sem e Xafet

18. Os fillos de Noé que saíron da arca eran Sem, Cam e Xafet: Cam é o pai de Canaán.

19. Ises tres foron os fillos de Noé, e por iles se espallóu todo o xénero humán polo mundo enteiro.

20. Noé, home labrador, escomenzóu a traballala terra e plantóu unha viña.

21. E tendo bebido viño, embebedouse e ficóu ispido na súa tenda.

22. E Cam, pai de Canaán, ao vere ispido ao seu pai, saíu afora pra llo comunicar aos seus irmaus.

23. Daquela Sem e Xafet largaron roupa sóbor dos seus ombreiros e, camiñando de costas, tapáronlle ao pai as vergonzas; e coma levaban os rostos revirados, non viron a nudez do seu pai.

24. Onda Noé espertóu do viño e soupo o que lle fixera o fillo máis novo,

25. dixo: "Maldito sexa Canaán. Servo será dos servos dos seus irmaus".

26. I engadíu: "Bieito sexa Yaveh, Deus de Sem, e sexa Canaán o seu escravo.

27. Engrandeza Deus a Xafet, e more nas tendas de Sem, e sexa Canaán o seu escravo" [12].

28. Vivíu Noé, dimpóis do dioivo, trescentos cincoenta anos; e morréu.

---

[12] A beizón de Sem é sin dúbida direitamente mesiánica. A de Xafet éo indireitamente (Da B. Nácar-Colunga). Nótese que a maldición vai descontra Canaán, fillo de Cam i abó dos cananéus, non descontra Cam mesmo, que por certo non era o fillo máis novo de Noé. (N. do T.)

Capítulo 10

1. Eis as xeneraciós dos fillos de Noé: Sem, Cam e Xafet, aos que lles nasceron fillos dimpóis do dioivo [13].
2. Os fillos de Xafet: Gomer, e Magog, e Madai, e Xaván, e Túbal, e Mosoc, e Tiras.
3. Os fillos de Gomer: Asquenez, Rifaz e Togorma.
4. Os fillos de Xaván: Elisa e Tarsis, Quetim e Dodanim.
5. Istes dividiron as illas das xentes nas súas rexiós, conforme á súa língoa i ás súas familias nas naciós delas.
6. Os fillos de Cam: Cus, e Mesraim, e Fut, e Canaán.
7. Os fillos de Cus: Saba, e Hevila, e Sabata, e Regma, e Sabatacha. Fillos de Regma: Saba e Dadán.
8. Cus xeneróu tamén a Nemrod, que principióu a ser podente na terra:
9. Iste foi rexo cazador diante de Yaveh. De onde veu o dito: "Rexo cazador diante de Yaveh, coma Nemrod".
10. O comezo do seu reino foi Babilonia, Arac, Acad e Calane no país de Sennaar.
11. Diste país pasóu pra o de Asur, i edificóu Nínive, as prazas da cibdade e Cale.
12 Tamén Resen, entre Nínive e Cale, que é unha grande cibdade.
13. E Mesraim xeneróu a Ludim, a Anamim, a Laabim, a Neftuim,
14. a Fetrusim, a Casluim, de quen saíron os Filisteus i os Caftoréus.
14. a Fetrusim, a Casluim, de quen saíron os Filistéus i
15. Canaán xeneróu a Sidón, o seu primoxénito, i ao Hetéu,
16. ao Xebuséu, ao Amorréu, ao Xerseséu,
17. ao Hevéu, ao Aracéu, ao Sinéu,
18. ao Aradio, ao Samario, ao Amatéu: E dimpóis espalláronse os pobos dos Cananéus.
19. I os lindeiros de Canaán viñan dende Sidón, cara Serara, deica Gaza, meténdose logo cara Sodoma, Gomorra, Adama e Seboim, deica Lesa.
20. Istes son os fillos de Cam, conforme ás súas familias, língoas, xeneraciós, terras e naciós.
21. Nascéronlle tamén fillos a Sem, pai de tódolos fillos de Heber e irmáu morgado de Xafet.

---

[13] A táboa etnográfica do Xénesis está en forma de albre xenealóxico; nela os nomes, outramente que persoas, representan cuáseque decote a naciós, tribus e cibdades, abranguendo o mundo coñecido dos hebréus, dende o mar Caspio deica a Hespaña, termo oucidental das colonias fenicias (Da B. Nácar-Colunga).

22. Os fillos de Sem: Elam, e Asur, e Arfaxad, e Lud, e Aram.

23. Os fillos de Aram: Us, e Ul, e Xeter, e Mes.

24. Arfaxad xeneróu a Sale, de que ven veu Heber.

25.—A Heber nascéronlle dous fillos: un chamóuse Faleg, porque nos seus días dividiuse a terra; o seu irmáu chamouse Xectán.

26. E Xectán xeneróu a Elmodad, a Salef, a Asarmot, a Xaré,

27. a Aduram, a Uzal, a Decla,

28. a Ebal, a Abimael, a Saba,

29. a Ofir, a Hevila, a Xoabab: todos fillos de Xectán.

30. Habitaron no país que vai dende Mesa camiño de Sefar ao monte oriental.

31. Eis os fillos de Sem, asegún as súas familias, as súas língoas i as súas rexiós nas naciós diles.

32. Istas son os familias de Noé conforme aos seus pobos e naciós. Arrincando delas dividíronse as xentes na terra dimpóis do dioivo.

A Torre de Babel

CONFUSIÓN DAS LÍNGOAS I ESPAREXIMENTO DOS POBOS

Capítulo 11

1. Era entón a terra toda dunha soia língoa, dunhas mesmas verbas.

2. I acontecéu que, coma proviñan do Leste, atoparon unha veiga na chaira de Sennaar i aposentaron nela.

3. E dixéronse os uns aos outros: "Vinde, fagamos ladrillos e cozámolos ao lume". I os ladrillos servíronlles de pedras, i o betún de cemento.

4. E dixeron: "Vinde, fagámonos unha cibdade e unha torre cuio cumio chegue ao ceo; e démoslle sona ao noso nome denantes de que nos esparexamos pola terra adiante".

5. Descéu Yaveh pra vere a cibdade i a torre que edificaban os fillos de Adán.

6. E dixo: "Eis que forman un soio pobo e falan todos unha soia língoa. Encetaron iste labor e se non volverán do seu pensamento deica non teñan a obra rematada.

7. Eia, logo: baixemos e confundamos alí as súas língoas pra que non entenda ningún o que fala o compañeiro".

8. I esí os dispersóu Yaveh daquil lugar por toda a face da terra, e pararon de edificar a cibdade.

9. E por atal foi chamada co nome de Babel, porque alí se confundíu a língoa da terra toda e dende alí ciscóu aos homes Yaveh por tódalas rexiós [14].

10. Eis a posteridade de Sem: Sem, cando tiña cen anos, xeneróu a Arfaxad, dous anos dimpóis do dioivo.

11. E dimpóis que xeneróu a Arfaxad, aínda vivíu quiñentos anos: e xeneróu fillos e fillas.

12. Arfaxad, cando tiña trinta e cinco anos, xeneróu a Salé.

13. E dimpóis que xeneróu a Salé, aínda vivíu trescentos tres anos: e xeneróu fillos e fillas.

14. Salé, cando tiña trinta anos, xeneróu a Heber.

15. E dimpóis que xeneróu a Heber, aínda vivíu catrocentos tres anos: e xeneróu fillos e fillas.

16. Heber, cando tiña trinta e catro anos, xeneróu a Faleg.

17. E dimpóis que exeneróu a Faleg, aínda vivíu catrocentos trinta anos: e xeneróu fillos e fillas.

18. Faleg, cando tiña trinta anos, xeneróu a Reu.

19. E dimpóis que xeneróu a Reu, aínda vivíu douscentos nove anos: e xeneróu fillos e fillas.

20. Reu, cando tiña trinta e dous anos, xeneróu a Sarug.

21. E dimpóis que xeneróu a Sarug, aínda vivíu douscentos sete anos: e xeneróu fillos e fillas.

22. Sarug, cando tiña trinta anos, xeneróu a Nacor.

23. E dimpóis que xeneróu a Nacor, aínda vivíu cento dazanove anos: e xeneróu fillos e fillas.

24. Nacor, cando tiña vintenove anos, xeneróu a Taré.

25. E dimpóis que xeneróu a Taré, aínda vivíu cento dazanove anos: e xeneróu fillos e fillas.

26. Taré, cando tiña setenta anos, xeneróu a Abram, a Nacor i a Arán.

Posteridade de Taré

27. Eis a posteridade de Taré: Taré xeneróu a Abram, a Nacor e máis a Arán. Arán xeneróu a Lot.

28. Morréu Arán denantes que o seu pai Taré, na terra da súa nascencia, en Ur dos Caldéus.

29. Abram e Nacor tomaron mulleres: a muller de Abram

---

[14] A narración preséntanos aos homes asoberbados pola súa forza i a súa unidade, baseada na unidade de língoa. Púneos Deus confundíndolle a língoa i obrigándoos dise xeito a se esparexer. (Da B. Nácar-Colunga).

chamábase Sarái, i a de Nacor chamábase Melcá, filla de Arán, pai de Melcá e pai de Xescá.

30. Mais Sarái era maniña e non tiña fillos.

31. Colléu, pois, Taré ao seu fillo Abram, a Lot, fillo do seu fillo Arán, a Sarái, súa nora, muller do seu fillo Abram, e sacaunos de Ur dos Caldéus pra iren á terra de Canaán; e chegados a Haran, habitaron alí.

32. E tódolos días de Taré foron douscentos cinco anos, e morréu.

Trad. MANUEL CASADO NIETO
Barcelona

IL CANZONIERE DI DON LOPO LIÁNS

DAZANOVE, NON VINTE

Poseemos dazanove cantigas do trovador Don Lopo Lías. *Diciannove, non venti,* como suliña Silvio Pellegrini [1], pois as que van numeradas 959 a 960 no Cancioneiro da Vaticana (*V*), e ambas baixo un único esponente 1352 no da Biblioteca Nacional de Lisboa (Colocci-Brancuti: *B*), son evidentemente unha soa. Anque Lapa, seguindo a *V*, as edita como dúas, fai endebén notar que a segunda ten o mesmo tema da primeira, e debe de estar incompleta. Polo demáis, o ritmo pasa de *V* 959 a *V* 960 sen violencia algunha, ben que non coincidan esatamente os esquemas estróficos de ambas partes, xa que se trata propriamente dun descordo. En fin, a *Tavola Colocciana* asigna ao noso trovador non vinte, senón dazanove cantigas.

Estas dazanove cantigas, é decir o Cancioneiro completo de Don Lopo Lías, é editado agora por Silvio Pellegrini, como xa o fora dúas veces por Rodrigues Lapa. Acontecimento filolóxico que interesa moito á revista *Grial,* pois ela foi campo no que se manifestaron diversas opinións e se aduciron distintos dados referentes ao citado trovador, opinións e dados que son tidos en conta, ao menos en parte, polo filólogo italiano nas páxinas que arastora pubrica, e a cuio rexisto se adican as liñas presentes. De outra banda, o testo das *Cantigas d'escarnho e de mal dizer* (*CEM*), onde se pubricóu por primeira vez a totalidade da obra de Lías, foi dado ao prelo pola mesma editorial que edita esta revista.

NON D, SENÓN L

Carolina Michaëlis foi a primeira que propuxo a identificación do noso trovador con Don Lopo Díaz de Haro, señor de Vizcaia; i esta identificación, enteiramente desasisada, foi aceitada endebén por moitos estudiosos que non tiveron ensexo de reprantearse un problema que, antretanto, daban por resolto. No ronsel daquela sabia señora, navegaron, pois, con máis ou menos cautelas, Henry R. Lang, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Menéndez Pidal, Álvaro

[1] SILVIO PELLEGRINI, *Il canzoniere di Lopo Liáns,* estratto dagli "Annali dell'Istituto Universitario Orientale", Sezione Romanze, Napoli, 1969.

Julio de Costa Pimpâo, Celso Cunha e o proprio Rodrigues Lapa. Pellegrini cita os estudiosos galegos que permaneceron fieles aos dados fornecidos polos manuscritos: Martínez Salazar, Murguía, Carré Aldao, Couceiro Freixomil. Estes autores non confundiron ao cabaleiro trovador co magnate vizcaíno, aínda que algún deles, como Carré, atribúa á morte do trovador Don Lopo Lías o pranto de Pero da Ponte consagrado ao deceso do señor de Vizcaia; nova forma, curiosamente invertida, da antiga confusión [2].

A localidade de Orcellón (Orzelhon), mencionada tres veces no cancioneiriño de Don Lopo, mantiña o erro, como castelo inespugnable. Este Orcellón era falsamente identificado cun Ordejón castelán, fortaleza do señorío de Don Lopo Díaz de Haro. Polo demáis, pasábase de Díaz a Lías, ou ben supondo unha mala leitura dos apógrafos ou os seus antígrafos, ou ben invocando equivalencias acústicas noutros casos documentadas.

Nos estudos de Rodrigues Lapa [3], Álvarez Blázquez [4] e García Álvarez [5] pubricados nesta revista, achará o leitor informes sobre o estado da custión. Orcellón é certeramente un topónimo ourensán, castelo da Castela de Galicia —ou inmediato a ela—, non da Castela de Burgos— e tampouco da terra de Lemos, como se lee nalgún galego.

¿ LIÁNS ?

Desbotado Díaz, víñase lendo Lías o apelido do trovador.

Nos apógrafos italianos aparez trece veces ese nome, dúas reducido ao de pía, e once seguido do apelido. Este apelido figura catro veces co *ã* marcado polo tilde de nasalidade, e sete sen tilde algún. Pellegrini prefire a *lectio difficilior*, o que nos parez acertado; pero o Liãs que prefire a Lías é transcrito *Liáns* polo romanista italiano, i esto suxire algunhas ouservacións.

O tilde sobre o *a* indica un *a* nasalado. Ese *ã* sería testemoia dun *n* caído, que lle seguiría no étimo. Logo, préstase a trabucamentos restituilo na transcripción, porque semella supor que se pronunciaba a consoante *n*, como no topónimo Liáns, nas prosimidades da Cruña. Endebén, a carón de Liãs achamos nos códices *zevrón, omezian, Orzelhon, infançon, razon.* De xeito que se en Liãs se non escribía *n*, pódese pensar que non se pronunciaba Liáns, senón Liãs, con *ã* nasal. Ben sabemos que *n* é ás veces mero signo de nasalida-

---

[2] EUGENIO CARRÉ ALDAO, *Influencias de la literatura gallega en la castellana*, Madrid, 1915, pp. 116-117. Para Carré, don Lopo é "indudablemente de tierras de Lemos, por las alusiones que encontramos en sus cantares a sucesos ocurridos allí". O trovador non menciona nunca a terra de Lemos. A rúbrica dun ciclo das súas cantigas refírese a uns cabaleiros *de Lemus*, que alguén leéu *del emus= émulos*. Unha alusión a un lugar non sifiifica que se nacera nel. *A fortiori* poderíamos facer a don Lopo meiriño ou orcellonés. Para Carré, Orcellón é "un lugar en tierras de Monforte". Non se coñece ese Orcellón. O mencionado tres veces por don Lopo estaba situado en terras da actual provincia de Ourense. Couceiro Freijomil tamén parez creer na esistencia dun Orcellón no país de Lemos.

[3] *O trovador D. Lopo Lías. Introdução ao estudo do seu Cancioneiro*, "Grial", 12.

[4] *O trovador portugués D. Lopo Lías en terras de Pontevedra*, "Grial", 10.

[5] *Castilla e Castela, Ordejón, Orcellón e o trovador Lopo Lías*, "Grial", 16.

de na vocal; pero os escribas notan *zevrões, arções, nadigões,* onde non hai consoante nasal, senón nasalidade vocálica. Liãs semella atoparse no mesmo caso. Pellegrini non transcribe, endebén, *zevrones, arçones, nadigones.* É certo que sí transcribe *hunus, jrmanus, Padrona, bona,* o que nos fai pensar nun *n* intervocálico conservado. Mais como esto é imposible, pois o *n* intervocálico caíra moitos séculos denantes, hai que supoñer que Pellegrini entende *uũs, irmãus, padrõa, bõa*; pero entón ¿por qué mantén o tilde, e non o sustitúi por *n* no sufixo —*ões*: *zevrões*, etc.? Creemos, pois, que se debe escribir Liãs, o mesmo que se escribe Camões; e que *Liáns,* como *Padrona,* dan un idea falsa da pronuncia real.

Os trovadores de Orcellón

Respeito á oriundez de Don Lopo non sabemos nada. Que o achemos un día en Lugo; que escarneza a uns cabaleiros de Lemos; que fale dos trovadores de Orcellón; que galantee a unha dona de Soveral ou de Bagüín, coa que tiña un preito coñecido en toda a península de Morrazo i en todo o val de Salnés; que se refira a "quantus oi' en Galiza son" proba únicamente que vivía en Galicia, e que viaxóu polo país. Tanto pode ser lugués como monfortino como meiriño como ourensán. O apelido *Lias* aparez en terra de Orcellón no século XIII. Un Fernán Lias sería tamen irmán do noso Don Lopo, segundo García Álvarez, quen supón ao trovador nativo daquela terra.

Don Lopo fala dúas veces dos trobadores de Orcellón; na cantiga III:

Ben t'aiudaram d'Orzelhon
quantus trobadores hy son
a escarnir o infançon,

e na IV:

A mj quer *mal o infançon,*
a muj gran tort'e sen razon,
por trobadores d'Orzelhon
que lhi cantam o seu brial.

Estes trovadores de Orzelhón seméllanlles a algúns a cousa máis natural do mundo; mais nós consideramos cheas de razón as palabras de Pellegrini: "Che a Orcelhon sia esistito addirittura un circolo di trovatori, di cui altramenti nulla si sa, è molto inverosimile". Efeitivamente, a primitiva lírica galega chegada ate nós, é eminentemente cortesana. Frorecía na aula rexia. O que cantaran as xentes polos camiños rurás, non o sabemos; pero sabemos que os trovadores vivían á sombra dos reises. Non era Santiago xiquera, con todo o seu esplendor cultural, o centro da actividade poética dun Bernaldo de Bonaval, un Johan Ayras e un Ayras Nunes. Sen que esto quera decir que se tornaran alalos e agrafos cando se achaban na súa cidade nadal, hai que admitir que era "en cas del Rei" onde pubricaban, onde editaban, onde estreaban os seus poemas. Seguir ao Rei e á súa corte ambulante era o destino dun trovador afertunado. Nestas circunstancits é increible a esistencia dunha "escola de Orcellón". ¿De qué rei ou de qué grande magnate foi corte ese castelo para alimentar trovadores? Pero a afirmación de que o máis probable é que o trovador teña inventado ese círculo apricando a súa

habitual técnica amplificadora do ridículo, de xeito que na súa fantasía el mesmo se transformaba nun coro de escarnidores, non nos parez suficientemente satisfactoria. De xeito que debemos confesar a nosa completa iñorancia sobre a interpretación deses pasos. Polo demáis, a hipótese de Pellegrini supón a Don Lopo "trobador de Orcellón", o que continúa sendo enigmático. ¿Qué relación esistía antre ese trovador i ese lugar? ¿É que debemos ver nesa ecuación unha relación de natureza, que pandiaría da banda da indicada oriundez orcellonense do noso satírico?

Diferencias

Sinalaremos algunhas diferencias importantes antre as leituras ou as interpretaciós propostas por Pellegrini e as estabelecidas por Lapa.

Na cantiga de Johan Romeu non ve Pellegrini senón unha Elvira, onde ve dúas, nai e filla, Lapa. Esta Elvira única, ou a filla, Elvira Pérez, cuia persoalidade histórica non se pode fixar, estivera de moza na casa dunha infanta, onde Don Lopo, que era cego dun ollo, a "vira outra vez mellor". Así lee Pellegrini, coincidindo sustancialmente co Lapa de *CEM*. Lapa afinal interpreta que Don Lopo "vira outra ben mellor quando era moço, en cas da Ifanta", o que se alonxa máis da letra dos manuscritos.

Canto a *negrada*, Pellegrini pregúntase se o sufixo —ATUS axuntado a *negro* pode producir o significado de "canción de negros", como suxire Lapa. ¿E por qué non? Pensamos no moderno *galegada*, que non é senón "canción de galegos".

Fai notar Pellegrini que dos catro *zevrões* da rúbrica inicial dos códices, só comparecen no testo dous; que o propósito de cantar a "esteyra vermelha" non se realiza. O que non é senón moi certo.

O Rodrigo, para Lapa "um tal Rodrigo", que se salvóu da ciada que matinaron os *zevrões*, porque lles oíu renxer as selas, non é para Pellegrini senón seudónimo do autor, de quen se querían vingar os infanzóns polos escarños que contra eles compuxera. As cantigas VII, VIII e IX, relativas ao asunto, constitúen un episodio, o de Rodrigo, do ciclo dos cebróns.

Brial, brialete, brialesta

O verso *Brialhesta uayte daquí* (*B*) ou *Brialheste uayte daquí* (*V*) dos apógrafos, foi lido primeiramente por Lapa *Brial, este vai-se daquí* (*CEM*). Non era suficientemente craro, polo que na edición para o curso de seminario tido en Santiago en 1964, o testo foi modificado, ficando *Brialete, vai-te daquí*. Pellegrini, apoiándose no feito de que en *B* se comenzara a escribir a terceira estrofa da cantiga con *Brialesta*, lee *Brialesta, vay-te d'aquí*. *Brialesta* sería "canción do brial". Don Lopo dirixiríase á súa propria canción con este vocativo, como era frecuente ao final da *canso* provenzal. *Brialesta* sería unha formación neolóxica, humorística, do trovador, composta polo padrón de *peguesca, gelozesca* e outras designacións provenzás de xéneros ou asuntos.

R. CARBALLO CALERO
Santiago

ENCOL DUN POEMA GALEGO ESQUECIDO DE BENITO VICETTO

Estamos todos fartos de conocer a tremenda achega de Benito Vicetto ó Renacimento Galego coa súa inxente obra, resultado da atmósfera, circunstancias e situación político-cultural do seu intre vidal, empurrado polo esprito ceibador do Romantismo. Mais si ollamos e asmamos paseniño, con fondura e xeito ouxetivo os traballos do "tumultuoso y caótico" Vicetto no que "vibra siempre un primer impulso irresponsable", alcuñas coas que o batea o Xosé Luis Varela [1], —logo de saber o que acontecéu na historia do Renacimento cultural galego, e deliñándose diante de nós a perspeitiva de máis dun século— vemos que a crítica ten sido ríspita, si non inxusta, con un home que adicóu todos os esforzos da súa vida ao rexurdimento e medro dunha Galicia tumbada pola forza, asoballada e abatida ao longo dos séculos, e a mantenta iñorada.

Vicetto, nas novelas e Historia da nosa terra, si ben estremóu unha migalla a pantasía e o debezo rexenaracionista —que é o que muitos non dexergan—, non por iso tivo nin ten endexamáis de ser merescente da pauliña que, en xeral, a crítica lle impuxo; pois estóu enteiramente enveredado que o guiaba a sinxela e verdadeira arela de "facer" Galicia, e "facendo" Galicia, "facía" España. E pra levar isto ó cabo, e acadar con ésito esta angueira, non podía recuar. Non tiña outra saída, nin outro xeito, senón que chamar a atención daqueles que a mantenta voltaban os ouvidos pró "centro", e facían o esquecido cando da nosa terra se trataba.

Alén dos dafora, empurróu aos que na casa continuaban a durmir a siesta da preguiza mental, ou ficaban deitados no morno cocho da indiferencia. E pra os facer xurdir do feitizo no que por anos ficaban entangarañados, dou ao prelo un feixe de obras que todos conocemos, i escribíu nos xornás centos de artigos que non eran, uns e outros, máis que atinados manifestos reivindicativos da nosa cultura.

Si ún para mentes e esculca o verdadeiro senso da obra de Vicetto, o que atopa é iso: agachadas protestas esteadas en lendas, historia, novela e teatro. Pra min, a súa obra non é máis que unha sobexa, aínda que ben intencioada declaración dos dereitos que a cultura galega, conxelada por séculos, tiña a renacer, se continuar no tempo, na historia e no pobo.

O feito é, coma ben sabemos, que a súa estratexia producíu efeitos tronantes en Galicia e fora dela. A súa teoría étnico-histórica suevo-celta fixo rachar os vestidos do escándalo de galegos talentudos, e creóu un outo desacougo nas camadas dirixentes da vida

[1] Varela, José Luis: *Poesía y Restauración Cultural de Galicia en el siglo XIX*. Gredos, Madrid, 1958, páxs. 36 e 74.

española da súa época, defensores dun centralismo político-cultural da España do século XIX. Lembremos ós Sánchez Moguel, Valera, Núñez de Arce, Leopoldo Pedreira e outros. Todos eles pararon mentes neste "tolo e iluso romántico galego".

Si ben a súa "Historia de Galicia" está tracexada dentro dunha liña romántica á que lle falla a pousona i eslaiada escolma do positivismo, non deixa, por iso, de ter un xusto valor cando profundamos na sinxela arela refacedora da cultura galega, que era a cisma vital de Vicetto. Pois coma dí Vicente Risco, ao falar i escribir encol de Vicetto e da toma de concencia na nosa terra do novo fenómeno: "Os galegos van descobrir agora que teñen unha língoa, que teñen unha historia, que teñen unha Patria, en fin... E Vicetto vai procramar esta verdade ós catro ventos. ¿Qué importa logo que inventara moitas mentiras? No corazón de todas elas vai sempre a verdade suprema" [2].

Murguía critícao asmando a súa obra dende un punto de vista científico, mais acaba afirmando o valor positivo dela como achega ao Renacimento Galego cando escribe: "Foran calesquer as súas baldas, é un, quizaves o máis afervoado, e o que máis achegóu á grande obra... Daba toda a súa groria por ser o primeiro na xenerosa cruzada encetada por el... Toda a súa forza, toda a súa importancia coma escritor tiróuna daquela idea que, coma ningún outro, espallóu, afirmóu, fixo que fora querida por muitos e coidóu era posibre" [3]. Pois ben, Murguía co seu velaíño senso crítico, non somentes dexergóu as baldas de Vicetto, senón que tamén soupo albiscar a bruiceda argolada que dou nas concencias dos inteleituás galegos, aos que despertóu pra que virasen as súas mentes cara un novo e lucidío abrente das letras galegas.

O mismo Pondal, figura esgrevia da nosa cultura, creador dun mito étnico-político-cultural con alicerce histórico: bardo que tería de xuntar todas as forzas renovadoras daquel alborexar cultural galego pra lle dar forma i espresión poética ao principio étnico-celta, pregado con anterioridade polo mismo Vicetto; xenio pola súa abelencia en misturar, dunha banda a formación crásica que posuía, de onde tiróu os personaxes cuasi míticos baixo cuio padroádego puxo muitos dos seus poemas reivindicativos da cultura galega, e doutra banda a mitoloxía topónimo-arqueolóxica celta con alicerce na historia real da nosa Galicia prerromán; este cantor da terra ríspida e do mar salvaxe e rudo, nunha carta que remesa a Murguía no ano 1867, critica escarnizadamente a obra histórica do Vicetto. Pondal xúlgao deste xeito, segundo el, pola falla de senso crítico, asmando ao autor cuasi coma un falcatrueiro da historia, alcuño que logo tería de ser dado ao mismo Pondal por algúns críticos ao xulgar a súa obra poética baseada na mitoloxía céltica, sin ter en mentes o verdadeiro senso que se agacha detrás das verbas dos seus poemas.

A crítica dos derradeiros anos do século XIX e a do XX, deixóuse escorregar polos vieiros desta cencia con un xuicio "a priori", sobor de Vicetto, esteada nas manifestaciós dalgúns esgrevios

---

[2] Risco, Vicente: "Vicetto ou Romantismo" en *Nós*, núm. 53, 1928, páxina 85.

[3] Murguía, Manuel: *Los Precursores*. Biblioteca Gallega, Coruña, 1885, páxina 223.

individuos das letras galegas, que, non sempre, coido eu, estiveron certos ao xulgar os traballos do ferrolán tan de perto, fallándolles a perspeitiva do tempo a traveso do que é máis doado ollar, o valor artístico e social dunha obra.

Pra min, non hai a máis muida dúbida sobor da outa importancia dos traballos de Vicetto ao enxergalos coma ferrón que aguilloóu as concencias dos inteleituás galegos do seu tempo; e alén diso, coido que asentóu o alicerce prás novas xeraciós que terían de continuar a angueira do Renacimento da nosa cultura. Mais si os fitamos, coma antes dixen, dende o ángulo científico e literario, poida que ofereza algunhas lagoas, e lle falle a recedume i enteireza crítica dun Murguía, quen posuía outra formación e gardaba diferente aititude encol da vida e o arte. Secomasí, ten de ser eterna, pois sin ela se non podería entender parte do noso abrente cultural. E o feito que proba o que acabo de dicir, é que, si alguén quere esplanexar o alborexar da nosa cultura, e o cume dela, ten que se necesariamente amarrar aos materiás de Benito Vicetto.

A obra de Vicetto, coma ben sabemos, non somente ficóu impresa en libros, senón que se atopa espallada, parte dela, en xornás e revistas editados en Galicia —algún dirixidos polo ferrolán—, e muitos poemas e lendas atópanse noutros de diversos lugares da Península onde el estaba por razón do seu oficio, e de quen solicitaban colaboración. Madrid, Sevilla, Toledo, Ceuta, Granada e Barcelona, polo menos, foron cidades onde el moróu e nas que deixóu o pó do seu romantismo e galeguismo. En cada cidade, levado do pulo de facer coñecer a idiosincrasia galega, vai sementando nas revistas e xornás o esprito galego. De todas elas, eu somente podo dar fe dalgunhas de outo prestixio que saían en Madrid e Valencia, tales coma: *El Fénix, El Museo Universal, La Crónica, Almanaque del Museo Universal, Semanario Pintoresco Español, El Siglo Pintoresco*. Outras revistas, nas que tamén Vicetto escribíu, son do meu coñecimento, mais a traveso dos índices, iñorando o contido dos traballos.

O Vicetto escribíu a súa obra en castelán, endebén non ficóu mancada de forza rexeneradora a súa prosa. Na *Historia de Galicia* hai un intre no que o autor expresa aberta e sinxelamente unha afervoada arela do emprego da língoa galega nas escolas do insino primario, secundario e nas universidades.

Poida que ó Vicetto lle fallara un conocemento amplo e fondo do galego, e cecáis, por esta razón, lle non fora doado escribir a prosa da súa historia, novela, lendas, teatro e a maor parte da súa poesía na nosa língoa. Por outra banda, eu coido que o auténtico gallo foi que, coma Vicetto arelaba espallar por toda a Península o coñecimento das cousas da cultura galega, non tiña mellor fío de comunciación que o da língoa castelán pra que fora lido e entendido [4]. Logo xa de regar Vicetto algunhas cousas da nosa cultura

[4] Non temos de esquecer que aínda hoxe, malia ter á man outos estudos da nosa língoa, e posuír máis fondo coñecimento científico dela, continuamos, nós os galegos, escribindo traballos de senlleira seriedade en castelán. Non desboto as imperiosas razós políticas que nos obrigaron a facelo, mais coido que debe se ter en mentes o gallo que esiste nestas obras de dar a conocer a nosa cultura, e o estudo do galego, que doutro xeito, cecáis, ficarían esquecidas e descoñecidas fora das fronteiras do noso circo lingüístico.

por toda España, e dar a conocer certos valores culturás de Galicia, viría outra nova xeración que atoparía, aínda que non muita comprensión da banda centralizadora, ao menos preparado o chan pra camiñar cunha migalla de seguranza, e sabendo que había algunha xente que non sería xorda á súa lírica en galego, e non os condanarían ao esquecemento coma denantes.

Mais nisto de escribir en castelán, non foi Vicetto a única escepción, e a el temos de avencellar, antre outros muitos escritores galegos, ao xebre don Manuel Murguía, aínda que de cando en vez empregara a doce e leda língoa galega pra algunhas das súas angueiras literarias; e non por iso temos de dubidar que lle fallara a don Manuel o comando da nosa língoa.

Da laboura de Benito Vicetto escribida en galego, deica hoxe, coñecíamos unha mostra, segundo don Ricardo Carballo Calero, no romance "a xeito de balada romántica" [5] "Los Montenegros. Balada en castellano del siglo XII" [6] que non teño a dita de conocer. Aínda que o tíduo está en castelán, segundo o talentudo don Ricardo, o testo é en galego.

Pois ben, é o debezo deste traballo, aínda que non o semella, dar a conocer unha nova peza poética en galego do Vicetto, que ven roborar o galeguismo deste "labrego" cultural que besóu a terra na que tiñan de chantar, o chamado grupo do Renacimento pleno, a semente do progreso auténtico cultural, e apañar, ao mesmo tempo, o froito louro e brizo da primeira verdadeira colleita no campo das letras galegas, despois de ficar por séculos coberto de fraguiza de onde somentes, de cando en vez, xurdía algunha fror arrecendando a galeguismo cultural e puro, e amosando os ledos cores verdescentes das nosas leiras, montes, vales e mar.

Rosalía deu a conocer en *El Museo Universal* o día 24 do mes de Difuntos do ano 1861, o seu poema "¡Adiós qu'eu voume!" [7], que

---

[5] Carballo Calero, Ricardo: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Galaxia, Vigo, 1963, páx. 113.

[6] Ob. cit. páx. 114, nota [1]. Coma don Ricardo non dá a data de pubricación deste Romance, non sabemos si foi feito antes ou logo do que hoxe desempoeiramos. Vicetto estaba na Cruña no ano 1859 onde viviu deica o 1862 no que liscóu pra Toledo abufado coa Condesa de Mina, segundo os seus biógrafos. O poema de Pondal adicado a Vicetto ten a data do ano 1863, do que se pode tirar que o Romance é anterior. Cáseque estóu por asegurar que foi concebido polo ano 1861, cando o Vicetto estaba atarefado en arranxar e dar folgos aos Xogos Frorás da Cruña, e no seu esprito bulía a cisma do galeguismo lingüístico; esprito éste que tiña de inxerir e continuar neste poema "Ti é Eu" do ano seguinte.

[7] *El Museo Universal*, Año V, núm. 47, Madrid, 24 de Noviembre de 1861. Aproveito esta nota pra facer duas ouservaciós sobor deste primeiro poema galego pubricado nunha revista castelán de Madrid pola nosa poetisa Rosalía. Unha é que cando saíu esta glosa dun cantar galego en *El Museo Universal*, non aparecéu o aire "Adiós rios; adiós fontes..." encabezándoa, e o tíduo que leva é: "¡Adiós q'eu voume!". A outra é a falla dunha quintilla que se non pubricóu xa na edición do ano 1872. Na das *Obras Completas* do ano 1909, nas de Aguilar do 1960, e na dos *Cantares Gallegos* de Galaxia arranxada por don Fermín Bouza-Brey. Estas son as ediciós que persoalmente coñezo e reviséi. Non sei como aparecería na primeira do ano 1863.

Nesta quintilla Rosalía amosa tamén a xenreira que ela sintía escontra as inxusticias sociás que se facían na súa mesma terra. Non sei cal sería o gallo de tela tollido, mais coido que non estaría allea a mentes política, e poida que tamén o arreto moral de amigos que se sentiron feridos co pensa-

logo tería de incluir en "Cantares gallegos" do 1863. Poema éste co que o galego, coma língoa literaria, rubiría hastra as pechadas mentes casteláns, e petaría nas cancelas dos seus eidos pra amosarlles as lindezas da nosa terra feitas arte. Naquel intre cuasi podería asegurar que dexergarían a nosa língoa con curiosidade i estraneza, máis que coma trasmisora de valores artísticos e dun xeito vidal acugulado de diferencias sociás, espirituás, folklóricas i étnicas. Nembargantes, este foi o suco polo que tería de correr e continuar a seiva galega que o propio Vicetto, co presente poema, lle daría forza pra enveredar a opinión negativa do centralismo cultural castelán, ate que a dozura e beleza da nosa língoa, na que ía engastoado o sentimento malencónico e lene da alma galega, chegóu a ser comprendido por algúns espritos finos capaces de se mergullar nas cristaíñas augas dos regatos cantadeiros lingüísticos galegos, e axexar no peculiar sentir do noso pobo.

Non tardóu Vicetto nove meses, dende que Rosalía pubricase o seu, en dar prás páxinas da prestixiosa revista madrileña *El Museo Universal* este poema galego, que aínda de non ter a enxebreza do de Rosalía, ficaba avencellado a Galicia pola língoa, polo recurso folklórico do que o autor bota man pra termar o tema, sin esquecer a paisaxe que é enteiramente galega, todo coberto pola pantasía ricaz do poeta.

Velaí a nova peza poética esquecida de Vicetto:

T I É E U

SONO D'UNHA NOITE D'VRAO

¡Ou anxel do meu amor!
Cando n'as noites d'vrao
eu recordo ó teu rigor... 1
mesmo morro d' door
5 *en as areas do chao!*

E despóis, en o meu leito,
cando xa cayo doido,
eu sono, ó que non ten xeito: 2
sono á tua fala n'oido,
10 *ó teu peito no meu peito!*

Sono un fresco folgador
en á miña boca ardente,
cal si os teus labeos de fror 3
rescendendo de candor
15 *vicos me déran n'á frente!*

---

mento de protesta centrado nesta quintilla escribida deste xeito:

Por xiadas, por calores
Desde q'amañece o día
Dou á terra meus sudores
Mais canto esa terra cría
Todo... todo é dos señores.

a cal vai antre as que escomenzan: "Mais son probe e mal pecado" e "Téñovos pois que deixar".

Sono mais no meu deseio:
sono que con moito afan
aló, nos aires me veio, 4
é que che trayo n'a man
20 *as estreliñas do ceio!*

Sono que tamén da serra
é mais do val profundiño
donde o mar queixoso berra, 5
tráyoche, meu anxeliño
25 *tudas as frores da terra!*

Sono me chegas á amar
sempre en tembrante desmaio;
é sono ca ó teu ollar 6
nado, buceio é che trayo
30 *as perliñas c'ay no mar!*

Sono que d'os salgueiriños
e mais árbores c'alí
irguense p'o los camiños 7
tráyo moitos xilgueiriños
35 *á cantar preto de tí!*

Sono inda mais: que lixeira
xunto os roxos tulipás
che recostas n'a pradeira 8
é tendes pra min as mas
40 *querendosa, falangueira!*

Sono con ó teu falar,
falar d'mel, fidalguiño;
sono c'o teu suspirar 9
cal á corrente do Miño
45 *veira, veiriña da mar!*

C'os teus labeos de cravel,
e c'os teus reciños mouros.
Sono, vicando á tua pel, 10
mais branca, mais, c'os pelouros
50 *que fai a neve en Gondel.*

E sono ca ó manescer
cando os galos cantar van,
mortos os dous d' pracer 11
nos apertamos á man
55 *hasta ú outro noitecer!*

Premita Diose sobrao
chegue por verdade á telas
esas soñeiras de vrao: 12
ti, que contes as estrelas;
60 *eu, as areas do chao!*

Benito Vicetto [8]

[8] *El Museo Universal*, Año VI, núm. 32, Madrid, 10 de Agosto de 1882, páxina 255.

Aquí temos un exemprar revelador da achega de Vicetto á lírica galega o que demostra a posibildade de que o ferrolán teña escribido outras poemas máis, pero que hoxe desconocemos por estaren espallados en xornás ou revistas de non doada consulta ou que desapareceron pra sempre. Outros, cecáis se garden antre os papés de Vicetto que endexamáis chegaron ao púbrico por os asmar máis cativos cos da grande poetisa Rosalía. Poida que o Vicetto se enveredase da superioridade da poesía galega de Rosalía, e abandonase a empresa de facer poesía en galego. Non hai dúbida que o exempro de Rosalía na revista *El Museo Universal* fixo concebir en Vicetto a idea de escribir poemas galegos que, coma nun proceso normal de xestación, habería, que eu saiba, de dar a luz o seu primeiro enxendro aos nove meses de ter sido pubricado o de Rosalía. Cadróulle. e foi unha pena que o ferrolán non seguira os vieiros rosaliáns máis aló de este senlleiro exempro.

Neste poema achamos, nunha mistura perfeita, o seu galeguismo e o esprito romántico dun dos mellores poetas desta época na Península, a quen podemos comparar con E. F. Sanz, Blest Gana, Dacarrete, antre outros muitos, e con Bécquer quen debe a Vicetto a inspiración, polo menos, de duas Rimas: a XVI, e a XXVIII, coma ten demostrado Graham Orton [9], vendo a semellanza do tema e algúns versos do poema vicettián "Suspiros de amor" [10] coas devanditas Rimas. Mais o que non descobríu Orton foi este poema en galego de Vicetto pubricado con anterioridade, no que se empregan elementos que logo tiñan de ser usados pró escribido en castelán. Asín, si comparamos os versos: "Cuando sola algún momento/ te encuentras en tu aposento/ en las tardes de verano/ y vaga tu pensamiento..." cos seguintes en galego: "Cando n'as noites d'vrao/ eu recordo ó teu rigor..."; e aqueles outros: "No sientes sobre tu sién/ sutil soplo abrasador?" cos galegos: "Sono un fresco folgador/ en á miña boca ardente".

Non cabe dúbida do parentesco destes dous poemas de Vicetto. O que non podo segurar cál un foi creado con anterioridade ao outro; ollando prá cronoloxía que seguiron na pubricación, temos que o poema en galego precede ao castelán, aínda que non sei si o derradeiro saíu antes noutro lugar; namentras se non probe o contrario, eu teño ó escribido en galego coma inspirador do feito en castelán.

O tema cambea unha migalla, xa que, mentras no poema en galego o amor chégase a completar, no castelán, malia que a amada sinte o forte agoiro, resístese.

Graham Orton, xa o dixen antes, dá coma fonte de inspiración de Bécquer o poema "Suspiros de amor" de Vicetto, pero, ó mesmo tempo, procúralle ao ferrolán unha fonte alemá; e ésta, segundo Orton, é un poema de Rückert, e outro de Matthison. Mais, con toda

---

[9] Orton, Graham: "The german elements in Bécquer's 'Rimas'", in PMLA, vol. LXXII, núm. 1, marzo de 1957. Teño de engadir que non somentes o tema dos poemas de Vicetto foi fonte de inspiración pra Bécquer, mais tamén o tíduo, pois a Rima XV foi pubricada co mismo que a de Vicetto: "Tú y yo". Outro fino poeta do seu tempo, J. Selgas, o 27 de Nadal de 1863 pubricóu nas páxinas da revista *La América* outro poema chamado "Tú y yo".

[10] *Semanario Popular*, tomo I, núm. 28, Jueves, 18 de setiembre de 1862, páx. 223.

a douta falencia de Graham Orton encol da inmediata influencia dos poetas alemáns sobor de Vicetto, quero apontar duas cousas: a primeira é que non sei si Vicetto lía i entendía o alemán, que o dubido muito, non aparecendo a traslación deste autor alemán ate o ano 1876, que se saiba, feita por Amós de Escalante [11]. A outra é que se atopa o mismo tema, e tratado do mismo xeito con vencello de versos casteláns e franceses, en Lamartine, segundo Pedro Díaz. O poema do poeta francés é "Souvenir" no que se lé: "Je crois l'entendre murmurer/ Des mots sacrés à mon oreille", versos que fican avencellados ao do poema en galego: "Sono a túa fala no oido". E Lamartine sí que era coñecido polo Vicetto, segundo a testemuña dos seus biógrafos que din estaba o francés antre os autores estranxeiros que o ferrolán lía. Alén do que acabo de sinalar, non co gallo de refugar o senlleiro estudo do Graham Orton, sinón simpremente lembrar que, sin saír da Península, é doado dar con unha fonte española romántica que ben podería ser onde Vicetto churripíou a inspiración prós seus poemas aquí nomeados, e esta fonte sería o Zorrilla con aquel bocado do seu *Don Juan Tenorio* quen dí a Inés:

.....
"¡Ah! ¿No es cierto, ángel de amor,
que en esta apartada orilla
más pura la luna brilla
y se respira mejor?
.....
..... [12]

e continúa mui avencellado a Vicetto e Bécquer, non pola forma, máis polo ambente romántico que voa lene na leitura deste anaco de Zorrilla, e nos poemas de Bécquer e Vicetto.

Soupo Vicetto, neste poema galego do que hoxe tiramos o pó do esquecimento, misturar dous elementos que o acreditan coma mañífico poeta romántico e namorado verdadeiramente da súa terra e folclore. O primeiro albíscase na dozura, fonda emoción, suxetivismo e idealismo, caraiterísticas que non fican alonxadas da nosa lírica galega. O sono, o irreal e máxico son outros fautores deste tipo de poesía, dos que Vicetto emprega dous deles neste poema. O outro elemento é o folclore da nosa terra que aproveita o poeta pra termar o tema que vai desenrolar ao longo do poema.

Hai no noso folclore aquela canción que dí así:

Noite aquela, noite aquela,
Noite aquela do verán;
Ti contando nas estrelas
Eu nas areas do chan [13].

A canción non é máis que a espresión dunha arela sesual que se quixer compretar; mais, non por iso, ten ren de pornográfica. So-

---

[11] Pedro Díaz, José: *Gustavo Adolfo Bécquer. Vida y obra*, Gredos. Madrid, 1964, páx. 177.

[12] Zorrilla, José: *Tres obras teatrales*. Colección Crisol, Aguilar, Madrid, 1961, páx. 159.

[13] A primeira referencia sobor deste cantar débolla a don Ramón Piñeiro. Logo, remesóuma o desintresado e amabre don Xoán Naya a quen lla ditóu don Leandro Carré.

mentes se enxerga a filosofía picaresca dos nosos mozos nas cousas do amor, todo misturado nun senso poético que se agacha nunha imaxen velaíña, que sin nada amosar, é coma un xesto dabondo espresivo.

E asín, nese sòno dunha noite de vran, vai o poeta maxinando toda unha cadea de imaxens ideás que quixer transformar en realidades. I estas imaxens teñen un senso progresivo-intensivo dentro do tema do poema, as cuais van pasando diante de nós coma anacos dunha película que nos amosan o mainiño movimento cara a derradeira escena da posesión.

A primeira quintilla está preñada de romantismo nesa queixa do primeiro verso, que nos fai lembrar o tíduo dun libro de versos de Vicetto *El ángel de mi amor,* que saíu do prelo no ano 1863 en Granada; por outra banda, está avencellado, coma antes dixen, ao bocado de *Don Juan Tenorio* apontado máis enriba.

Na segunda quintilla, aguilloado polo degoro, e tamén nun nivel ideal, escomeza o poeta a nos larapetar os primeiros tentos do amor, os cuais se van arrequentando con todas as promesas de cousas imposibres que somentes o amor pode atinxir: "as estreliñas do ceio", "todas as frores da terra", "as perliñas c'ay no mar", e "muitos xilgueiriños". Ela, debecida e "querendosa", no sono do poeta, deitada na panasqueira, "lixeira", cuasi nuda acochada pola natureza ricaz e poética, alonga os brazos feituquiños pra unha aperta que se perde no murmulo do "falar d'mel, fidalguiño" que precipita a aición cara o fin; fin que o poeta apresenta dun xeito vivo nesa comparanza do "suspirar" da amada coa corrente do Miño, a cal se afoga cando chega ao mar, imaxen do cabo de todo o proceso previo do amor: a entrega. Entrega que se alonga hastra o canto dos galos, e se ten de ligar a seguinte noite.

Parte o poeta dun prano real, pra voar nas azas do sono hastra un paradiso ideal; e ao finar éste, volta ao estado real pra se mergullar nun mundo relixoso popular moi noso no que se croíña o poder de Deus, aínda pra acadar o que vai escontra da propia relixión e da moral pregada por ela.

Escomeza o poema co cantar do folclore galego, a xeito de refrán, e fínao co mesmo inxeríndolle á forma un ton tradicional. Xúntase isto á paisaxe que é galega enxebre "donde o mar queixoso berra", e as corredoiras fican cobertas polos salgueiros, silveiras e castiñeiros nos que rechouchían os xílgaros.

O Miño, río rei de Galicia co que crea unha imaxen perfeita, se non lle escapa ao poeta e faino correr polos versos do poema chegando ao mar esgotado e co folgo tremente. E das ribeiras e campía agavea o poeta os montes galegos á procura de elementos de comparanza poética; e pra isò rube a Gondel[14] onde atopa as folerpas da neve do inverno que compara coa pel branca e donda do ánxel do seu amor.

Ben vemos que o Vicetto centróu neste poema todo o miolo do seu galeguismo poético, arranxando con abelencia o folclore, a paisaxe e a língoa, todo arrodeado dun bandelo idealista romántico.

---

[14] Supoño que Vicetto fará referencia a San Cosme de Gondel, parroquia da provincia de Lugo, municipio de Pol.

O poema é dado tal coma o atopéi, sin facer ningunha correición ortográfica, xa que, deste xeito, coido podemos axexar mellor cál era o galego empregado polo autor, o seu coñecemento do mesmo, o vocabulario que el asmaba axeitado prá espresión lírico-poética, e tamén sabemos dos recursos lingüísticos de que bota man o poeta pra dar forza á pantasía. Inda máis; podemos albiscar as formas dialeitás que coido sexan da zona de Ferrol. Os erros de imprenta, que non fallan, son de meirande importancia, pois atraveso deles podemos ollar a falla de costume nos caixistas prós que o galego sería, quizaves, coma calquer língoa estranxeira. E por iso se poden enxergar certos fallos que coido se non deben ter como do autor, malia se reiteren dabondo, por exempro: "d'vrao" (v. 2), "d'door" (v. 4), "d'mel" (v. 42), "d'pracer" (v 53) que levan apóstrofo, i éste tolle a vocal da preposición, sendo un erro, xa que se supón que este siño quebre o hiato que nestes tres intres non esiste, pois a verba que sigue á preposición non escomeza con vocal.

Hai instantes nos que, por razón da medida, Vicetto apela á licencia poética de non pór o apóstrofo: "con ó" (v. 41) escontra as seguintes formas: "c'ó" (v. 43), "c'os" (v. 46, 47, 49).

Desbota a xuntanza da preposición "en" co artigo "as" tres vegadas: "en as areas" (v. 5), "en o meu" (v. 6), "en á" (v. 19). Nembargantes fai uso do apóstrofo cando non ten necesidade nos seguintes exempros: "n'as" (v. 2), "n'a" (v. 38, 15, 19). Logo, tamén atopamos a vogal "i" epentética nas verbas: "deseio" (v. 16), "veio" (v. 18), "ceio" (v. 20), e tres nasalizaciós de vogás tidas coma fonemas; elas son: "vrao" (vs. 2, 58), "chao" (vs. 5, 60), "sobrao" (56). Ben sabemos que Pondal emprega a vogal nasal coma fonema, e segundo don Leandro Carré "En la comarca de Bergantiños conserva la dicción una forma más semejante al portugués (fonética del gallego antiguo), por la nasalidad, por las terminaciones, por el sonido sibilante (s) de la "z"... [15]. Poida que sexa unha forma dialeital da zona do Ferrol esta que se emprega no poema de Vicetto —non o sei de certo—, ou que o poeta tratase de avencellar a súa língoa galega ao portugués por outras razós de tipo político-cultural. Pra nós, hoxe, se nos asman coma baldas lingüísticas do poeta.

A linguaxe, deica certo ponto, imperfeita; a falla de firmedume no coñecimento i emprego de algunhas régulas e do dativo "che" (v. 38) con xeito de forma refresiva, non fan que o poema perda nin unha migalla do seu valor restaurador dunha língua e cultura pola que Vicetto botóu os bofes.

Mais non todo é negativo nesta fror rimada, que nos seus bambeos rescende na lírica galega do Renacimento. Un dos elementos fundamentás que de sempre deron o ser á nosa língoa é o dos diminutivos, que aquí neste poema se poden ter coma o alicerce estilístico de Vicetto. Pois, uns logo dos outros vai o poeta engranzándoos, e con eles enfeita a idea central acadando un perfeito senso de naturria, dondura e melanconía.

Estes sete diminutivos, coma outros tantos lóstregos do esprito saudoso de Vicetto, escentilean espallados con abelencia neste poe-

---

[15] Carré Alvarellos, Leandro: *Gramática Gallega*. Editorial Moret, La Coruña, 1967, páx. 195.

ma. Eles son: "estreliñas" (v. 20), "profundiño" (v. 22), "anxeliño" (v. 24), "perliñas" (v. 30), "salgueiriños" (v. 31), "xilgueiriños" (v. 34), "fidalguiño" (v. 42), "veiriña" (v. 45), e "reciños" (v. 47).

A forma métrica de que fai uso o autor, é quintilla, empregando unha ricaz combinación de consoantes en cada unha delas distribuidas deste xeito:

As quintillas 2, 4, 5, 6, 8, 9, 10, 11, 12 teñen o seguinte esquema rítmico: (A, B, A, B, A): as quintillas 1, 3, 7 o teñen: (A, B, A, A, B).

Coa presentación deste novo poema esquecido de Vicetto, e o cativo estudo do mesmo, podemos axexar con senso máis ouxetivo a arela rexenaracionista do galego e a cultura da nosa terra que ía no fondo da ialma deste esgrevio escritor ferrolán. E tamén sirve pra, unha vegada máis, axotar os falsos rumores da crítica e facer calar as malas língoas encol deste senlleiro esteo do Renacimento galego, do que aínda non ten sido estudado dabondo o seu rol e o siñificado da súa obra no desenrolo das nosas letras no século derradeiro.

AMADO RICÓN
New York

OS SANTOS EN GALICIA

A Igrexa Católica, e a vida relixiosa galega, necesitan Santos. Eisí como soa: Santos. Andamos na búsqueda de artistas, inxenieiros, sabios, escolantes, músecos, lunautas, deportistas, xente que poida erguer a Humanidade, hastra izala á máis outa formación. Os Santos tamén forman parte dise movimento xeneracional de hoxe en día, no que sopran aires: máis humáns, máis cristiáns, máis evanxélicos.

Por dicir algo, diremos que o Santo é ise home, ou muller, perfeuto, ceibe de culpa, sirvidor de Deus e do próximo, que antepón ó seu egoísmo, o servicio diviño en tódalas esferas. A Igrexa pide técnicos na santidade; e, nesta convocatoria non se esixe "currículum vitae" fachendoso, senón sentido de moral e de xusticia, como se esixiría, poño por caso, a quen quixese traballar na reforma agraria.

Fai case vinte anos que o sociólogo americán Sorokín afirmóu que o río da santidade escomenzóu a secarse, por mor de que, —dís íl—, a civilización nestora non deixa lugar ós Santos. Tales verbas quedan desmentidas históricamente polos feitos, xa que, agora máis que nunca, as Beatificaciós e as Canonizaciós da Igrexa Católica henchen as páxinas da historia. Si lemos a Delooz, S. J. (*Beatifications récentes...*), danos a conocer que no decenio 1950-1960, foron máis as beatificaciós que no intre de 1662 a 1850.

E na Galicia, ¿qué pasa? Mellor dito, ¿qué pasóu? ¿Qué foi daquela froración de xustos, que convirtiron as ribeiras do Sil na "ribeira sacra ou sacrata"? ¿Qué foi dos sete acompañantes do Santiago, bispos e condutores das pirmeiras cristiandades galegas? ¿Qué memorias quedan dos miles de monxes e freiras que a fama do pobo erguéu ós altares? Non son máis que unha vaga soma esfarelada. Un terríbel silencio histórico enterróunos pra sempre.

Na ruína de tantos mosteiros, beaterios, conventos, prioratos, e igrexas particulares, quedóu morto o millor arquivo que poidéramos desexar, pra facer un estudo a fondo. Nomes isolados chegaron hastra nós, pola devoción natural dos fieis que, no seu tempo, viron, apreciaron, descubriron niles causas dabondo pra darlles postos nos altares. Non podo esquencer o impauto que me causóu a leutura de Vintila Horia (*Diario de un campesino del Danubio,* pp. 298-30), cando fala do santo galego do seu nome; e non foi pola novedade, pois eu mesmo adiquei ó santo ourensán as miñas páxinas en Logos (xulio-1931), senón pola sinxela postal que fai do anacoreta.

Santos houbo, pro naide recolléu a súa vida; asegún dixemos, naceron ó culto pola vontá do pobo, é dicir, unha canonización popular. O que nos falla é a historia; non temos datos precisos, nin Autas oficiás, nin Bulas, nin Decretos, nin ise tesouro haxiográfico

que nos fale do home, da súa perfeución cristián, da súa doutrina, do eco das súas ideias nos probremas de teoloxía espritual do seu tempo. Sen historia non hai testimuña, nin crítica, nin aceitación polo Maxisterio Ecresiástico; esborrállanse as figuras, e quedan soio como pura lénda.

É ademirabel o estudo que García Alvarez fixo de San Pedro de Mezonzo. Bó coñecedor medioevalista, soupo aproveitar os poucos datos persoáis de que dispuña, e resaltalos no ambente da época. Obras eisí, destiñadas á masa de leutores galegos, ensinan laudábelmente o complexo fenómeno da santidade. Aínda diría que, abondando nise criterio centífico, podíanse esquirbir Vidas de Santos nas que, á síntesis biográfica se engadiran nociós de historia, de espritualidade, e de arte.

Até agora resulta esquife canto se tén feito. Debemos depercatarnos que os estudos históricos, —e as vidas dos santos deben selos—, teñen que encarar fases e criterios teolóxicos, históricos, sicolóxicos e literarios. Por ahí adiante corre un longo río de produciós haxiográficas nas que, alén do dito, afróntanse probremas engadidos nas vidas dos santos, como son: a Mediciña, a Iconografía, e hastra a Grafoloxía. Supoño na pose de algún dos meus leutores calquera das obras de L. von Matt, en que o texto son as fotografías, e a letra non é máis que o fío que as ensarta. En canto á grafoloxía tén moita sona o libro de G. Moretti: "*I Santi dalla Scrittura, Esami grafológici.—Padua,* 1952", que foi traducido a varios idiomas.

Agora ben, o fenómeno do Santoral saéu xa dos límites beatos, pra espandirse na literatura universal, e no cine. Literatos e artistas de fama internacional esquirbiron poemas, novelas, e guiós cinematográficos encol dos Santos. A grande e a pequena pantalla dannos películas, de largo e corto metraxe. O tema da santidade chega a ter, incruso, validez económico-comercial. Disto faise eco Paolo Molinari, na súa obra: "*I Santi e il loro culto*", traducida ó castelán en 1965. Non quero deixar de sinalar a R. Aigrain, tratadista de: "*L'Hagiographie.—Ses Sources.—Ses Méthodes.—Son Histoire.—París,* 1953"; quen adica parte dun capídoo a falar de: "L'hagiographie celtique et britannique". E nós os galegos, ¿cándo farémos a nosa?

Compre facer eiquí algunhas reflexiós teolóxicas do rol, ou función, dos Santos na Igrexa. Un bó día, o Padre Feixóo pubricóu un discurso, tidoado: "*Sobre la recta devoción y adoración de las imágenes*", que eu comentei na prensa de Pontevedra, no ano 1967. Non é de hoxe, nin de onte, a custión; lévase lidado nela a tódolos niveles. O ensino da Igrexa, dos Concilios, dos doutores e pregadores, tocantes a devoción cara os Santos non é seguido fielmente por cantos se dín católicos. Desde sempre na Galicia, terra devota dos Santos, tívose por eles un culto fortemente popular. Emporiso recoñecemos que ista devoción é máis cordial e sentimental, que intelixente. Tén de cultual, o que lle falta de doutrinal. Sobran sermós, e faltan estudos teolóxicos que espoñan ó pobo os misterios da santidade, a persoalidá humán dos Santos, a súa función na vida cristián, e os lazos que deben eisistir entre eles e nós.

Os fieis veneran, hastra *adoran* (cousa mal dita), ós Santos, pro nonos coñecen. Chuchan díles un contauto vital; pero íso ven, máis pola gracia de Deus, e pola inercia, que por outra cousa. ¿Cántos romeiros de San Cibrán, da Virxe da Barca, do Cristo de Xende, ou de calquer romería, viven o misterio do Corpo Místico de Cristo, ou comprenden a misión salvífica do Mestre, ou anceian rubir, con ise contauto vital aludido, dos Santos a Cristo, por Cristo a Deus, hastra atoparse no seo da Santisma Trinidá?

Non quero meterme en líos, nen en custiós, —que reputo bizantinas—, de si os Santos son máis, ou son menos. No campo haxiográfico hai autores católicos "maximalistas", e "minimalistas"; é dicir, xentes que valoran por demáis o papel dos Santos, e xentes que lles negan o pan e o sal. Por depronto, deixo sentadas as seguintes proposiciós:

1.º Os Santos són a coroa de Cristo, a Quen semellan.
2.º Os Santos son eiquí Igrexa peleriña; e alá Igrexa trunfante.
3.º O Maxisterio da Igrexa ensina que: na "Comunión dos Santos" atópase axuda, mediación e forza.

Os Santos, galegos ou non, teñen moitas cousas que dicirnos; antrélas cómo debemos ter a Xesús diante dos ollos, no corazón, e nas mans. A devoción cristolóxica galega tén raíces raigañadas na fé, e na tradición. As pirmeiras leuciós apostólicas de Santiago traguían bullente a doutrina do Mestre, doutrina que rolóu de xeneración en xeneración. A ideia cristián fíxose pan, fíxose arte, historia e literatura. Dende a románica cadeiral á cabaceira máis homilde, a sinal da Cruz rexeu innumeráveis costruciós. O Santo Cristo é venerado en cen santuarios, e a imaxe diviña benzoa mil camiños, desde os cruceiros terreos. A Santa Cruz de Maio é festa popular, tal que as adoraciós masivas do Viernes Santo. A Santa Cruz atópase na toponimia galega, e, polo menos, once parroquias da diócesis de Santiago téñenna por padroeira.

No comenzo da miña obra: "*A espiritualidade do Cancioeiro da Vaticana.—Lugo,* 1936", (p. 5), referíndome ás pirmeiras manifestaciós cristícolas dos troveiros, dixen istas verbas: "Pra tecer ista coroa de ideias en col da espiritualidade dos cancioeiros non pasei máis alá dos cen primeiros números do códice vaticano, visto a través do Ernesto Monaci na súa editio princeps de Halle (1875). Neles aparesce o nome de Deus noventa e duas veces, e vinte e unha o de Noso Señor". De entón a hoxe, os nosos literatos rindíron menaxe a Cristo; e non digamos nada de Rosalía Castro, alma relixiosa, que puña, como San Pablo, o seu achego en Cristo, e en Cristo crucificado. Son de notar os seus versos ó Cristo da Soedá, á Cruz de San Lourenzo, e ó Cruceiro de Ramírez.

Paresme que non digo por pirmeira vegada que, a xusgar polos padroazgos escollidos polos nosos antepasados, para presidir a vida das parroquias, a relixiosidade galega tivo preferencias apostólicas. A Virxe María, inseparábel do apostolado, e matriarca da igrexa nacente, inzóu a nosa terra co bullón da súa presencia; en ningures falta. Soio na diócesis compostelana erguéronse no seu honor 227 parroquias; é dicir, cen máis que o patrón que lle sigue, que é San Pedro. E, dende logo, non hai igrexa, grande ou pequena, que non teña altar ou capela adicada á Virxen.

Asemade si hoxe somos capaces de conoscer as razós que moveron os nosos pais pra nomear a determinado Santo como padroeiro de parroquias, vilas e aldeas; emporiso sabemos que tén unha explicación relixiosa. Filosóficamente, deducimos que, o feito de escoller a íste, ou aquíl, como intercesor, modelo ou mediador, supón: pirmeiro, darlle unha categoría teolóxica; segundo, resaltar a súa importancia social eclesiolóxica; terceiro, inxerílo na propia historia, da que non se poden xa desentender. A mellor maneira de galeguizar ós Santos é metelos dentro, na angueira cotidián da xente que os venera.

Dempóis da Virxen, —falo sempre da diócesis compostelán—, aparés San Pedro Apóstol, con 120 parroquias adicadas; a presencia do apóstol das chaves lémbranos o seu prestixio de amigo de Xesús, de pirmeiro xefe da Igrexa católica, e de vinculeiro espritual. No cuarto lugar atopamos a "*Sant-Iago padrón sabido*", que dirá Pai Gómez Charino, na cántiga 429 da Vaticana. Conta con 70 parroquias, pero, detrás díl hai un ronsel de romeiros, ise "*camiño francés*", que recolle xentes de Europa e do mundo. Tras do Santiago ven outro Apóstol, San Xuan Evanxelista, con 55 parroquias, a partes iguales co Precursor de Cristo, San Xuan Bautista, que ten outras tantas. Por abaixo deles queda San Andrés Apóstol, con soio 28 parroquias; e o compañeiro, Santo Tomás, con 15.

Na zona post-apostólica, como froitos das pirmeiras cristiandades, alcontramos as figuras sinxelas do protomártir San Estebo, con 43 parroquias; métese no medio a devoción anxélica, levando ó frente o seu abandeirado San Miguel Arcánxel, co padroado de 41 freguesías; outra frol do primitivo cristianismo é o diácono San Vicente, con 38 parroquias; o tamén diácono San Lourenzo ostenta en 25 freguesías a súa parrilla, trenlle ou grella.

A expansión do monacato na Galicia puxo en órbita novas devociós; por exemplo, eí temos os dous San Martís, o Dumiense, e o de Tours, con 88 freguesías; seguidos de San Xulián, con 55. Non faltan as santas mulleres mártires, tales como Santa Baya, Obaya ou Eulalia, con 51 parroquias, e Santa Mariña, con 41. O troveiro Xoan de Cangas, nativo da pequena vila pontevedresa, canta á ermida de "*San Momede do mar*", e resulta que San Mamede, Momede, ou Mamed, é padrón de 36 freguesías .

Seguindo o mapa das parroquias compostelás, amóstransenos diversos nomes de padrós, a cal máis suxerentes: San Fís, Fins ou Félix, con 19; Santa Cristina (14); San Xorxe, San Payo ou Pelayo, e San Tirso, cada un con 10; San Breixo ou Verísimo (9); San Cibrau ou Cipriano, e San Cosme, con 7. A seguida veñen máis de cen parroquias, con titulares distintos, e cuasi todos romanos ou románicos, quer dicir, do berce da igrexa, ou da edade media. Hai que chegar a mediados do século XIX pra asistir ó nacemento de padrós modernos, coa creación de novas parroquias.

Na sinfonía dogmática de Santos que estudei no meu libro devandito (p. 16), concretaba as devociós dos poetas galegos da Vaticana, e dicía: "Eis o catálogo das principais romerías de santos: Sant-Iago, San Servando, San Salvador, San Clemenzo do mar, San Fagundo, San Xuyao, San Leuter, San Marzal, San Marcos, Santa Marta, Santa Ovaya, San Mamede, Santa Cecilia, San Payo,

San Treezón, San Pedro e San Simón, con alusiós a outras: Poi, Sar, Crescente, etc., etc.". Isto, sen dúbeda, ten valor histórico, e sociorelixioso, pra unha mellor comprensión do desenrolo do Corpo Místico na Galicia. Ontolóxicamente, os Santos, ó ser amados e invocados como mediadores con Cristo, fan repercutir a súa santidade nos membros dise Corpo, que somos tódolos galegos.

Santoral e Haxiografía en parte son sinónimos, e en parte non. Sónno, cando se reducen á simpre nomenclatura dos Santos, sen acompañar a historia de cada ún; nono son, cando, —o caso da Haxiografía—, acompaña a cada Santo a súa biografía. Exemplo de santoral nomenclator é o: "*Santoral Gallego / por / Aurelio de Arzúa*", pseudónimo do dominico P. Aureliano Pardo, que o editóu en Buenos Aires, en maio de 1941; si ben, antes e dempóis, había dado avances e retoques díl no BCMO, e na revista LOGOS, donde eu pubriquei tamén unhas cantas estampas de santos galegos. Exemplo de haxiografía feita con rigor histórico, pode ser: "*San Pedro de Mezonzo / El origen y el autor de la "Salve Regina" / por/ Manuel-Rubén García Alvarez /.../ Madrid* / 1965". Tres anos despóis, apareceu: "*Santos Gallegos / Gráficas Tanco /.../ Orense* / 1968", do presbítero Cesáreo Gil Atrio. Iste volume foi precedido, e porparado, por outro tidoado: "*Contrabando de Santos.—Caracas,* 1960", do mesmo autor; cuia teima razoable é facer un expurgo de santos lexendarios, soparando a lenda da historia.

Anque poucas, houbo prumas galegas que tentaron vidas de santos. Non me dou a fachenda de consiguir unha lista someira de haxiógrafos galegos; pro acadei un catálogo con tres apartados; no pirmeiro, van os que esquirbiron vidas de santos galegos; no segundo, os que as fixeron de santos non galegos; no terceiro, os autores de léndas piadosas.

En canto ós pirmeiros, temos:

I

Gregorio de Lobariñas y Feijoo: "Historia de los Santos de Galicia" y "Topografía sacra de Galicia". Obras del siglo XVI y XVII, que se dan por perdidas.

Pedro de Miranda: "Elogios de San Rosendo.—Madrid, 1665".

Juan de Sarria: Vida de Santa Marina.—(Siglo XVII).

Juan Alvarez Sotelo: "Vida de Santa Marina de Aguas Santas".—(Siglo XVII).

Manuel María de Vila: "Compendio de la vida...del...Apóstol Santiago... (Santiago, 1819).

Andrés María Solla y García: "Vida y novena de San Andrés. — Santiago, 1862".

F. Alvarez Villamil: "El Santo Obispo Gonzalo.—Mondoñedo, 1879".

Manuel de Silva Villaronte: "Santoral Español.—Madrid, 1880".

Manuel Amor Meilán: "Santa Trahamunda, leyenda piadosa.—Pontevedra, 1900".

Antonio López Ferreiro: "Biografía de San Rosendo.—Mondoñedo, 1907".

Antonio López Carballeira: "San Rosendo.—Santiago, 1909".
Feliciano Calvo Bartolomé: "Santa Marina de Aguas Santas.—1915".
Manuel Amor Meilán: "Biografía de San Pelayo.—Santiago, 1922".
Eduardo Bermejo García: "Vida de San Valerio.—1940".
Francisco Vázquez Saco: "Un mártir lucense (Beato José María Díaz Sanjurjo.—Lugo, 1951".
Plácido Arias: "Novena biográfica de San Pedro de Mezonzo.—La Coruña, 1942".
Manuel-Rubén García Alvarez: "San Pedro de Mezonzo.—Madrid, 1965".
Marcos Parcero: "La monja de las Madres Mercedarias Sor María Josefa del Rosario.—(Santiago, 1812-1842)".

En canto ós segundos, temos:

II

Alfonso Bonhome: "Vida de San Antonio Abad.—Siglo XIV".
Atanasio Lobera: "Vida del P. B. Fr. Francisco Solano.—Valladolid, 1596".
Francisco de Quiroga: "Vida de Santa Catalina.—Toledo, 1608".
Francisco de Quiroga: "Vida de San José.—Toledo, 1613".
Francisco de Quiroga: "Vida de San José".—Toledo, 1613".
Juan Martínez Vaamonde: "Elogios de algunos santos y santas canonizados...—Maguncia, 1624".
Francisco Benavides y Troncoso: "Vida de San Vicente Ferrer.—1715".
Emilia Pardo Bazán: "(Vida de) San Francisco.—Madrid, 1882".
Gerardo Mullé de la Cerda: "Vida de San Isidro Labrador.—Madrid, 1891".
Luis Nieto Andrés: "Vida popular de San Francisco de Asís".—Santiago, 1910".

En canto ós terceiros, temos:

III

Tomás de Orense: "Poema de los milagros y vida de San Rosendo.—Sin fecha".
Antonio López Ferreiro: "La leyenda de San Pedro Mezonzo.—Santiago, 1880".
Manuel Curros Enríquez: "A Virxe do Cristal.—Orense, 1880".
Gerardo Alvarez Limeses: "Leyendas gallegas. Santa Trahamunda. Tuy, 1917".
Ramón Cabanillas Enríquez: "O bendito San Amaro.—Mondariz, 1926".
Xesús Conde: "Unha lenda de San Amaro".—(Editada hacia 1930).
José Millán: "Un viaje a la abadía de Armenteira, pasando por Poyo.—Pontevedra, 1933".
José Ramón Fernández-Ojea: "La leyenda de San Andrés de Teixido.—Madrid, 1943".
Julio Astray-Caneda Alvarez: "La traslación del Apóstol Santiago". Poema religioso.—(Santiago, fines del s. XIX).

Iste ensaio de Santos na Galicia pódenos poñer en contauto con novos factores, e dar augas a novos estudos; por exempro, esculcar o pulo vital dos Mártires, dos Doutores, dos Místicos, dos Pregadores, dos Misioneros, e doutras facetas e matices que, ben conxugados, abren un campo de investigación inmensa, nas diversas épocas históricas. Hastra nos heterodoxos, coma Prisciliano, poño por caso, podemos atopar probremas teolóxicos, que contribúan ó conocimento da espritualidade galega.

Obras xerais, pra ista laboura haxiográfica, non faltan; ahí temos as *Crónicas*, e *Cronicós*, das épocas respeutivas, preferibles os suxetos a ediciós críticas; o "*Viaje Santo*" de Ambrosio de Morales, escrito en 1573, acolle datos proveitosos; o mesmo se diga do P. Antonio de Yepes, na "*Corónica General de la Orden de San Benito*", eisí como na "España Sagrada" do P. Flórez. Pouca seguridade ofrece o P. Gregorio de Argaiz, na "Soledad Laureada...", nembargantes debe lerse. Boa fonte de homes, datos e feitos, poden agromar, ollando os Episcopolóxios das diócesis galegas; e, dende logo, non sería serio esquencer as Historias das Órdenes Relixiosas modernas, que tan inxente cantidá de varós santos deron, e dos estudos que sobre deles se fixeron. De romate, son eidos de conocemento (ó menos sentimental), os "Años Cristianos", os "Flos Sanctorum", e certas coleuciós civís, como a de "*Varones ilustres de Galicia*", que Xosé Pardiñas dou ó prelo na Cruña, o ano 1887.

Estamos en tempo de revisión moral, social e histórica. Afondamos na conceición do mundo, na conceición do home, e en toda crás de esforzo inteleitoal; pois ben, os Santos foron homes con *mensaxe*, dispostos a axudarnos nisa renovación do mundo; porque a santidá non morre cos Santos, senón que xermola a través dos tempos. Eis a derradeira razón pra que a figura do Santo sexa estudada íntegralmente, en toda a sua proieución histórica.

Fr. GUMERSINDO PLACER
Mosteiro de Poyo



LEMBRANZA DA REVISTA "NÓS"

Cúmplese neste ano o cincuentenario da aparición en Ourense da revista Nos; unha revista que enchéu un rol importantísimo no desenvolvemento da cultura galega ó longo dunha xeira de máis de tres lustros.

Pra falar desta publicación hai que ir á percura dos seus antecedentes no labor realizado, tempos antes, polo grupo do que se deu en chamar *Cenáculo ourensán,* do que era cabezoleiro Vicente Ris-

co. A ideoloxía culturalista revelada polos persoeiros daquel grupo —procedentes os máis deles da insatisfación, do inconformismo e da rebeldía— andivo a se alimentar no propio cerne da espritualidade galega. Nas esencias autóctonas, zugándoas no manantío natural da tradición, recolleron o pulo pra recrear a cultura do país, despóis de andar peleriñando por todas as cosmogonías en procura do insólito. E, xa que logo, a súa tarea viña calificada por un siño minoritario. Pois non esiste cultura posíbel sin unha minoría escolleita que constitúa o seu artellamento; non é posíbel unha política determiñada, sin un grupo que a teña concebido e que a leve a cabo. Todos os pensadores de hoxe están dacordo nestes dous principios sociolóxicos. E mesmo Arnold J. Toynbee ten construído unha das partes máis logradas da súa interpretación da orixe das civilizaciós, sobre do xogo sotil dos criadores de cultura e das minorías que se lles achegan e aceptan as súas doutriñas.

Os homes do Cenáculo ourensán —Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas...—, que de primeiras formaron nas fileiras dos "inadaptados", convertíronse, pois, a unha fe de reintegro ás esencias da súa terra. As circunstancias penosas porque atravesaba Galicia, e o mirala alonxada do seu esprito peculiar, fixéronlles aprestárense a intervir, a empregar a súa voz e a súa pluma ó servicio da cultura autóctona.

Preguntábanse daquela qué era Galicia, qué era ser galego. Sentían a Galicia como problema: problema o seu pasado e o seu porvir, o que tiña sido e o que podía agardar, o senso da súa historia e a súa realidade presente e latexante de cada hora. Debruzados sobre da terra natal, co corazón remexido e a ialma tensa, escoitaban os seus pálpitos. Cos ollos abertos e traspasado sentir, adentrábanse polos seus documentos ou a súa historia, polos seus vellos camiños, os seus moimentos, a súa tradición e a súa realidade vital, anceiosos de recompoñer a biografía do país.

A tarea non era agora deles sós. Outros homes, chegados doutras procedencias —escritores, artistas, poetas— coincidían tamén na angueira común. Os máis deles eran xa conocidos na obra de reconstrución cultural galega. Difirían, certamente, na aventura inteleitual que tiñan protagonizado. En liñas xenerás, a súa formación estaba vencellada a raizames máis populares que a que singularizaba ós membros do Cenáculo ourensán. Castelao, inda que universitario, vivía en direito contacto co pobo, do que zugóu a cerne sustancia pra o seu arte. Cabanillas, a pesares do tinguido humanista que adequirira nas aulas do Seminario, fixérase poeta civil na emigración. E Lousada Diéguez, profesor de Filosofía, veu polos camiños do tradicionalismo a traballar nos eidos da cultura galega.

Todos seis —Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Castelao, Cabanillas, Lousada Diéguez—, con algús máis de persoalidade menos acusada, planearon e fundaron a revista que, por iniciativa de Castelao, recibíu o título de Nos; un título que ía constituír unha definición. No outono do 1920 saíu do prelo, en Ourense, o primeiro número, baixo da direción de Risco. A síntese do ideal que axuntara ós seus fundadores, foi: "Categorización cultural do autóctono; soerguemento da espritualidade galega dende o plano da vulgaridade cotián, ó plano do trascendente, da universalidade. O senso unitivo que Nos traduce, venlle dado pola unidade fundamental dos

seus colaboradores". Estes —asegún se revela no editorial de presentación da revista— poden ser o que lles pete; pódense poñer en calquera das posiciós posíbeles respeito das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra, o desexo coleitivo de superación, a orgulosa satisfación de seren galegos.

As páxinas da publicación abríronse tamén ós escritores de fora. Teixeira de Pascoaes mandóu, pra o número inicial, un poema seu. Phileas Lebesgue, que emprincipiaba daquela a falar en Francia das nosas letras, figurou cun artigo traducido, no que se inxirían as súas versiós francesas de poemas galegos. O saber popular ocupaba unha seición, e noutra dábanse novas de todo o movimento literario de Galicia. Castelao avalióu a impresión con viñetas, cabeceiras, iniciás, frorós e colofós artísticos de feitío románico.

En cada entrega mensual, Nos ía tracexando un nidio vieiro, que compre conocer pra se decatar axeitadamente desta nova etapa básica no proceso da cultura galega contemporánea. Os traballos que reproducían teñen grande variedade e interés: Versiós ó noso idioma de textos de Yeats e do armoricán Hrand Nazarianh; estudos filosóficos de Leonardo Coimbra, de literatura portuguesa e de arte e literatura galegos; as pescudas arqueolóxicas de Cuevillas, ensaios económicos de Arturo Noguerol, "Diario dun viaxe" de Castelao; os comezos da primeira tradución a unha língua peninsuar da obra "Quod nihil scitur", de Francisco Sánchez; os achados iniciás da citania de San Cibrán de Lás; a "Estética da muiñeira", de Montes...

O labor foi máis lonxe, pois emprincipiaron a se publicar os resultados dunha importante obra feita en equipo: As fontes narrativas prá historia antiga de Galicia. Pero o labor interrumpeuse ó se ter que suspender a aparición da revista após do número dazaoito.

Pasados dous anos xustos, a súa edición reanudouse. Durante a nova etapa fóronse incorporando ás súas páxinas moitos nomes deica entón inéditos. E, por outra banda, déronse a conocer nelas, "A Edade do Ferro na Galiza" de Cuevillas, varios anacos do "Ulysses" de James Joyce, postos en galego do texto inglés por Otero Pedrayo, "A Espada Escalibor" de Cabanillas...

Mais arestora xa non eran somente o grupo *Nós* e o dos seus coetáneos os que dinamizaban o labor da publicación. A eles veuse amecer o desenrolado polo *Seminario de Estudos Galegos*, que complementóu, e continuóu, a xeira cultural aberta polos fundadores da revista.

Os homes que fundaron Nos e puñeron en marcha o novo ciclo espritual da nosa cultura, tiñan acretado que amaban a Galicia dende o cerne do seu corazón. O seu amor a Galicia e o seu rexeitamento da historia dexergábel, desvirtuadora do ser peculiar galego, levounos a percurar outra Galicia no pasado, no futuro, e máis na realidade mesma do país.

Naturalmente, os membros do grupo considerábanse unha *élite*. Eran, nefeito, homes intelixentes, cultos, de delicada sensibilidade artística e moral. E dende o plano desta condición foi como perci-

biron o chamamento da ialma do seu pobo. Xulgaban que, a base das *élites*, era como tiña de espertárese a conciencia durmida do país, reconstituída a súa tradición. Minorías —de inteleituás, de poetas, de historiadores, de gramáticos— foran tamén as que os precederan no empeño de avivecer a conciencia galega e de refacer a súa cultura. Mais a que eles compoñían chegóu a configurar a idea da reconstitución espritual de Galicia coa acabada precisión que os Precursores non fixeran máis que presentir.

Por reconstitución espritual entendían os definidores da chamada Xeneración *Nós*, a da persoalidade trascendental, tradicional, autóctona, enxebre, de Galicia; a volta á tradición auténtica galega, detida no seu desenrolo, á súa restauración e ó seu revitalizamento; non como unha recuada a un punto morto da historia, senón como arrinque de toda nova criación. Esta criación tiña que se faguer asegún o noso xenio peculiar, pola espontaneidade do pobo restituído ó seu ser enxebre, a reconquista de Galicia pola súa ialma eterna. En suma: a regaleguización de Galicia.

A xeneración da que falamos quería pra Galicia unha cultura de seu, verdadeiro producto da súa ialma orixinal. Emporiso desbotaba toda imitanza, toda importación de ideas feitas, elaboradas, e non acollía máis que a incorporación de cousas alleas de puro procedemento. Entendía que ser diferente é ser esistente; a idea allea debía ser conocida i estimada, pero non imitada senón superada.

O camiño que albiscaba aberto ás posibilidás de Galicia, viña ser: O que se nos ofrecerá ós galegos cando seipamos fundir en orixinal e fecunda unidade, dentro das nosas almas, a peculiaridade máis íntima da nosa caste e a peculiaridade máis viva da historia universal. Soio daquela acadaríamos ser "homes galegos".

A regaleguización de Galicia chegará polo camiño de un mergullárese nas esencias tradicionás, e polo do avincallamento ó mundo europeo. Vicente Risco espresóu este doble ouxetivo nas seguintes palabras:

"Eu quixera que a inteleitualidade galega se fixera tan siquera europea. Galicia na Edade Meia era Europa. Temos que reintegrar o noso esprito ó esprito da humanidade. Temos que poñer a cultura europea en galego. Europeísmo i enxebrismo conxugados dan o *atlantismo* (superocidentalismo - supereuropeísmo). Europa é unha ponte e máis un camiño. Querémonos asimilar os *istrumentos de superación*. Por riba de todo, erguemos o atlantismo como unha bandeira de *avant garde*".

Todos os escritores dos que temos falado afincan o seu esforzo cultural a traveso da revista Nós. Pero tamén na Editora do mesmo nome e no *Seminario de Estudos Galegos*, principás istituciós que coordinan o labor da inmensa maoría deles. Pero foi, en calquer caso a revista —da que agora se celebra o cincuentenario— a que ó longo dos anos que decorreron dende o 1920 ó 1936 puxo o seu acento anovador na liña recobradora da cultura galega contemporánea.

SALVADOR LORENZANA
Vigo

VACACIÓS DE AMOR

Na lonxana Edade Media escoitáronse os laios dos poetas que cantaban a ausencia do seu amor:

"seulete suy sanz ami demourée" [1]

O salouco trocóuse en reflesión no XIX. Ás mulleres que choraban tristeiras pola morte dos seus homes e aos guerreiros que tiñan saudades das súas damas nas cruzadas, suceden as viudas dos vivos, que sinten os seus corazós feridos pola súa viudedade obrigada por unha inxusta situación.

Transformada a estrutura económico-social, xurde entonces en Galicia unha literatura desgarradora provocada pola emigración. As vítimas protestan e revóltanse. Rosalía é unha vez máis o portavoz dos nosos paisanos:

"Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van:
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos i orfas
e campos de soledad;
e nais que non teñen fillos
e fillos que non tén pais.
E tes corazós que sufren
longas ausencias mortás.
Viudas de vivos e mortos
que ninguén consolorá" [2].

Atopámonos diante do mismo tema da soedade amorosa, inspirado por motivos diferentes, e polo tanto, tratado de maneiras distintas. A poesía medieval era puramente amorosa; os poetas do XII ainda non chegaran a investigar fondamente sobor das causas do sofrimento. Rosalía vai un grado máis lonxe que Christine de Pisan; a súa poesía é metafísica e social, namentras que a da poetisa medieval era somentes un sinxelo lamento.

O tema chámase na Francia "congé d'amour", ou seña, "vacaciós de amor". Antre os autores que o tratan, podemos facer unha división:

I — Por unha banda, temos a corrente preciosista da poesía galante, inspirada no "Roman de la Rose". O que fala é sempre o

[1] *Oeuvres Poétiques de Christine de Pisan*, publicadas por Maurice Roy. Tomo I. p. 12.

[2] Rosalía de Castro: "Follas Novas". Libro 5.º Ed. Castrelos, páx. 144.

amante, en primeira persoa, que conta as súas mágoas ocasioadas pola ausencia transitoria da dama.

Un Don Xuan da época, Jean de GARENCIERES, obrigado a deixar á súa doncela, láiase e cobiza a morte:

"Hélas! a qui diray je ma tristesse,
Ne la douleur que mon corps portera,
Puisque' ainsi est que ma belle maistresse
Plus qu'onques mais esloingner me fauldra..." [3].

Aconsella Garencières aos enamorados que non sallan a espediciós lonxanas, xa que éste é o millor medio de sere pronto olvidado.

"Je vous conseille, pour eschever tout blasme,
Que du chemin vous vueilliez deporter,
car maint amant y ont perdu leur dame" [4].

Oton de GRANSON pensa que o que o atrista máis fondamente é o estar arredado da súa muller:

"Lointain de moy, en estrange contrée,
Laisse mon cuer, m'amour et ma pensée,
Ou service de la plus belle née..." [5].

E Jean FROISSART esclama:

"Mon corps se part, li coers se pame,
car vo vair oel, qui sont droit dart,
L'ont si ataint que, sans le flame
Qui nuit et jour l'art et enflame,
N'arai sejour tempre ne tart..." [6].

Poesía vana e lixeira, propia dunha época de escesiva preocupación polo "eu" e ausoluta despreocupación polo "outro", daqueles tempos nos que a guerra e o amor eran os únecos valores importantes pra os homes.

II — Atopámonos pola outra banda con *Christine de* PISAN, que escribe os seus poemas movida polo recordo da morte do seu home. O motivo inspirador é esclusivamente persoal e individual.

A función social do poeta está ausente dela. Christine de Pisan non actúa endexamáis no nome do pobo; ela non pensa nos seus semellantes cando escribe (ao contrario do que fará Rosalía) sinon nela mesma, ainda que pode haber moitos espritos que se identifiquen co seu, xa que a súa poesía é sentimental, i en todos os homes aniñan certos sentimentos igoales:

---

[3] *Jean de Garencières*, por Arthur Piaget "Romania", 1893. páx. 422-481.

[4] Ibid.

[5] *Oton de Granson*, por Arthur Piaget. "Romania", 1890. páx. 420-421.

[6] Jean Froissart: "L'Espinette amoureuse". Páx. 118-119.

"A Dieu te dis, amis, puis qu'il le fault,
combien qu'assez seuffre de dueil et peine
pour ton depart qui me conduit et meine
de joye en dueil, ce m'est douleureux sault" [7].

Rosalía sirvese do tema pra censurar a emigración. O motivo inmediato do seu canto é a tristeza amorosa; o mediato é a denuncia das causas que provocan esa tristura: a obriga de emigrar.

Ela non canta aos cabaleiros que parten prá guerra. Canta aos probes que fuxen da fame:

"Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
i o pote do caldo
i a manta da cama.

Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono soio
ca roupa vestida".

"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.

Galicia está probe
i a Habana me vou...
¡adiós, adiós, prendas
do meu corazón!" [8].

A voz que ouvimos non é a do que se vai, que ainda pode distraguerse coa novedade do que ve, senón a da que queda na terra, tecendo soia a súa tea:

"O meu homiño perdéuse,
ninguén sabe en ónde vai...
¡Anduriña que pasache
con el as ondas do mar!
¡Anduriña, voa, voa,
ven e dime en ónde está!" [9].

Rosalía dalle a razón a Garencières ao afirmar que a ausencia mata o querer:

"—Que como poida se goberne Antona;
i anque dela me doio,
como de lonxe nada sei nin oio..." [10].

---

[7] *Oeuvres poétiques de Christine de Pisan.* Páx. 273-274.

[8] - [9] - [10] - [11] - [12] - [13] Rosalía de Castro: "Follas Novas". Páx. 142, 152, 165, 162, 170, 167.

Canta a espera desesperanzada da que se quedóu soiña:

"Todo volve, todo torna,
menos o ben que eu quería..." [11].

O home partíu; a muller non:

"Meu ben, ¿ónde moras?
—perguntéi chorando—
xa que ti morreche,
¿no mundo, qué fago
coma vós, ¡ou Torres!,
soia e sin amparo?' [12].

Somentes lle quedan os pensamentos tolos.

"Sin eles, meu Xaquín, ¿qué de min fora?
¡Soia aquí, donde un tempo houben contigo,
estalara de dór, tal como estalan
no lume eses espiños!" [13].

Os tempos pasarán, e os poetas continuarán a cantar.
E as xentes ouvirán cómo os seus cantos hanse de repetir ao longo da historia.

TERESA OTERO SANDE
Santiago

¿LIVING THEATRE?

As dúas xornadas en París do Living Theatre causaron sensación. Ximnástica, mimo, circo, yoga, saíuse ó cabo do teatro radiofónico, dos interminábeles diálogos en cámara. En fin o visual, os corpos en movemento, en berros, en grupos. A plástica en troques do verbo. A palabra ten sido restituida á literatura e o único que funciona é a linguaxe do xesto. Ben. Case tal cal, as ideas de Antonín Artaud trunfan ó cabo vinte anos despóis do seu pasamento. ¿Cómo? ¿Por qué? Velahí as duas grandes preguntas prantexadas arestora á crítica. Este breve artigo publicado na "Nouvelle Critique" non tenciona dárelles unha resposta global; é tan só un achegamento a un estudo encol da estética do Living Theatre.

A estética do Living está baseada nun principio sinxelo: todo o que é palabra pertesce á literatura, soio a linguaxe do xesto é específicamente teatral. *Os Misterios* e *Antígona* preséntanse do mesmo xeito: o actor trata de impoñer ao espectador certos tipos de comunicación baseados na agresión ou a comunión.

A fábula de *Antígona* se non amosa meiante un texto, sinón pola presencia dos actores que tencionan arrepiar ó espectador; de súpeto aquéles preséntanlle unha face hostil —a dos tebanos— con mentes de o poñer na posición de un cidadán de Argos; despóis tencionan facerlle vivir a batalla antre ambas cidades dando puñetazos no ár e simulando cuspirlle na cara. Ao remate da peza, a consecuencia da pasividade do pobo frente da tiranía, Tebas é invadida polos arxivos. Os comediantes baixan primeiro ao proscenio, contemplan ó público con olladas de pavura e persoíficando o terror recúan cara o fondo do esceario. O espectador é conminado a pasar da posición inicial de agredido que non pode responder á violencia, á de agresor responsábel da caída de Tebas. A súa pasividade ten levado ao pobo á súa perdición. De vítima, o espectador pasóu a ser verdugo. De igoal xeito, ao final dos *Misterios,* fostregados pola peste, os actores van morrer coa escuma nos beizos antre os espectadores; (houbo noites nas que se ten ouvido a alguén berrar: "¿Vannos deixar que morran así?").

Meiante estes diferentes procedementos quérese amosarnos a nosa culpabilidade frente á morte violenta dos tebanos e dos apestados. ¿Pero estes procedementos proporciónannos a posibilidade de reacionar? ¿Chantándonos na nosa lueta, non nos condean á impotencia? "Por sí, soia a esventura é mala mestra... os seus alunos adeprenden a ter fame e sede, pero raramente a ter fame da verdade e sede do conocemento. Os seus sofrimentos non chegan a faguer un menciñeiro do doente", decía Brecht.

Ás veces, a posta en escea trata de se manifestar polo erotismo. Ao remate do derradeiro cadro dos *Misterios* (a peste) ollamos desfacérense todas as régoas sociás, desencadearse todos os instintos dediante da inminente chegada da morte. Os actores imitan esceas orxiásticas, que son ilustraciós direitas do texto de Artaud sobre da descomposición dunha sociedade vítima da peste: "...¿Cómo expricar este vagallón de febre erótica nos doentes curados, que en troques de fuxir fican na cidade tencionando arrincar unha volutosidade aos esmorrentes ou aínda aos mortos acalcados baixo da pía de cadavres onde os metéu a casualidade?" (*O Teatro e o seu Doble*). Esta vez a violencia xa non ten por función culpar ao espectador, sinón seducilo meiante imaxes "atrevidas". A mala conciencia ten pasado a ser fascinación da decadencia e do cataclismo. En *Antígona* é outra crás de orxía. Pra celebrar a súa vitoria, Creón ordea bacanales. No Living, estas bacanales adoitaban a forma de danzas sin remate, dun puritanismo moi anglo-saxón, moi nórdico, moi lonxe da tolería solar que debía adonárese dos cidadáns dunha cidade grega após da vitoria. Aquén e alén do erotismo, a bacanal non acadaba o seu distanciameinto, pretendidamente brechtiano, sinón dunha friaxe, dunha frixidez de crego, e percuraba adoecidamente a súa resolución pola duración, o amoreamento, a superficie do tempo proclamándose falseiramente como fondura do tema.

Si a palabra non está desterrada de cheo, é empregada tamén con fins diversos. Mentras que en Brecht o texto dos "songs" permite a expricadeira e a crítica da fábula, en Xulián Beck o seu valor é diante de todo litúrxico. Pra a tirada dos Antergos, gabanza do home "prodixioso" cando domea á natureza, "monstro prodixioso" cando somete ao home, os comediantes vóltanse oficiantes que baixan ao patio de luetas, cos brazos en crus, salmodiando o texto con tonadas de negros-spirituals pasteurizados. Vencellos de comunión aos que veñen a se engadir vencellos de agresión cando cada comediante se chanta dediante dun espectador escandindo nos seus ouvidos a derradeira frase do texto. Ese pasaxe corresponde mesmamente á función que Beck asiña ao comediante: "Agardo que chegará un intre no que os comediantes se volvan guieiros, sacerdotes e poidan levar ao espectador no viaxe que eles fagan". A palabra é tratada como unha masa sonora. O seu siñificado non está xa no nivel do léxico sinón do fonético. Asume unha valencia incantatoria, case máxica. Asín, agredido, mirón ou comungante, o espectador a meirande parte das veces non pode sofrir máis que pasivamente ou visceralmente o espectáculo; si sae do papel que lle teñen imposto —por exemplo, respondendo ás provocaciós— o espectáculo remata.

Nembargante, por certas bandas, *Antígona* semella unha ilustración ao pé da letra de algunhas teorías de Brecht. Cada volta na acción vai precedida polo recitado dun resume do *Antigonemodel* que é un comento do persoaxe sobre dos seus propios actos. A crebadura da acción acentúase máis aínda pola oposición antre o inglés e o comento dito en francés cun pronunciado acento norteamericano. A identificación do espectador cos persoaxes é imposíbel: óllase a un actor do Living tomar unha distancia co persoaxe que el interpreta. Ademáis non hai continuidade no estilo de actuación dos ac-

tores principás: por exemplo, Beck-Creón pasa bruscamente dunha actuación grandilocuente a unha de cow-boy bébedo. Un ouvido afinado pode ás veces detectar o acento texano do presidente Johnson. Son os raros intres nos que o espectador non está pechado nun circo de arrepío, no que se lle deixa a facultade de se servir da súa razón. Porén, na medida na que, eiquí como noutros intres, as siñificaciós non están orgaízadas, ún pódese preguntar como eses fuxidíos expedentes á razón axudan á comprensión xeneral do espectáculo.

Podemos agora preguntármonos sobre do valor do postulado prantexado polo Living. ¿A prioridade acordada á linguaxe do corpo permite dar conta da complexidade dos vencellos antre os protagonistas da fábula, antre os actores e os espectadores? Sin a axuda dunha linguaxe artellada, ¿cómo siñificar os motivos, dacordo con Brecht, económicos —a loita polo ferro— da guerra antre Argos e Tebas? ¿Cómo siñificar a historicidade das relacións humás sin recurrir ao decorado, á vestimenta, á música sistemáticamente ausentes?

Certas civilizaciós teñen desenrolado unha rede de siños *xestuales* que permiten unha comunicación complexa; é así que o teatro Kathakali está baseado nos *mudras,* linguaxe das mans, semellante un tanto á linguaxe dos xordomudos, así como sobre dun simbolismo das coores moi elaborado. Pero no Ocidente o siño *xestual* non ten sido desenrolado, non permite máis que un tipo de comunicación rudimentaria, as duas únicas comunicaciós lexibles son o amor e o odio, o coito e a agresión. Se non sae da comunicación verdugo-vítima. Un teatro baseado en meios de comunicación probes, baseado no antropomorfismo pode difícilmente dar conta da complexidade das relaciós individuás e das relaciós sociás.

Por outra banda, pra Brecht, o conflito económico, político, ideolóxico, que se amosa na escea debe repercutir na sáa; debe *dividir* ao público, facer estourar as súas *contradiciós.* Pola contra, o Living na escea e na sáa, somente desencadea *conflitos físicos.* Gracias á técnica de dinámica de grupo en boga nos Estados Unidos, os actores tratan de *iniciar* aos espectadores na pavura, a culpabilidade ou o espritualismo. Os homes —o público— xa non están divididos polo seu lugar na sociedade e o seu grado de conciencia, sinón pola súa capacidade de reacción física: dunha banda os "vivintes" (living), doutra os "racionás" (fósiles).

Teatro do disfrute físico e da anguria física, teatro do instante (da anti-memoria), o Living, nemigo da consumación, soio pode ofrecer a consumación dos seus espectáculos.

¿É verdadeiramente o Living Theatre un teatro vivinte? ¿Non é máis ben unha tentativa —non unha percura— pra facer rexurdir unha forma pre-teatral de representación? Na súa función como nos seus meios, o Living Theatre non sería daquela un teatro de *acción,* sinón de *reacción.*

M. SYS
Trad. COSME BARREIROS
V i g o

EL POETA FELICIANO ROLÁN *

Feliciano Rolán ha muerto. Paladeó con resignada energía las heces del augusto trance. Supo sufrir, como un hombre y como un poeta, el definitivo quebranto. Descanse en paz. Logró ser, existir, y dijo con acento propio su palabra. La prematura desaparición del hombre no malogra el arraigo del poeta. La muerte sólo erradica falsas raíces. El espíritu no sucumbe al desencarnarse. Feliciano Rolán obtuvo, a costa de su vida, la conciliación absoluta de las vehementes antítesis que rugían agónicamente, "de mar a mar", en su pecho desbordado y generoso. Es y será siempre un poeta. Dejó ya de ser hombre. Descanse en paz.

Rolán cantó intensamente. En poesía —especialmente en poesía—, la calidad intensa alcanza una extensión que la cantidad no consigue. No importa, pues, que Rolán sea autor de un solo —y muy breve— libro. (Su ensayo primigenio, *Huellas,* no es aún propiamente un libro propio). No importa. *De mar a mar* —repitámoslo— se alza con jadeo de hombre y empuje de ola sobre el nivel usadero de la poesía más reciente. Constituye un poema tempestuoso, de ambiciosa síntesis, logrado legítimamente a fuerza de dolor. Este dolor no se plañe ni se contorsiona en alharacas líricas. La fusión o síntesis exacta de los dos elementos, de los dos mares que contienden, compensa la mutua agonía y nos da el sentido de sus desesperados alientos. La pasión del hombre se transfunde en la pasión del mar. Eso es todo. Colisión y transfusión magníficas. "De mar a mar", esto es, de potencia a potencia. El espíritu del hombre se vierte en el agua salobre y encorajinada, y el agua salobre y encorajinada se hincha de sentido humano al irrumpir en el pecho del poeta. Trasiego mudo de agonías recíprocas, el poema entraña conjunción de entrañas, pacto cabal. El cantor se zambulle en el piélago de su dolor sin nombre, enajenado por una violenta sacudida telúrica, cósmica: ¡Vivir! Este es el acento y esta es la significación del poeta Rolán. Numen de altanería, voz nueva, pero no incipiente, su porvenir poético no ha de remansarse en el olvido.

Feliciano Rolán supo sacudirse del anonimato con la sobria enunciación de sus primicias. El joven poeta gallego correspondió dignamente al patrocinio que le brindaron las columnas de *El Sol* ofre-

---

* En la villa marinera de La Guardia —su lugar natal— se organiza un homenaje a Feliciano Rolán, el malogrado poeta de *De mar a mar.*

Con tal motivo, traemos a estas páginas el artículo que Juan José Domenchina le dedicó con ocasión de su muerte, acaecida en 1935, a los 28 años de edad. El texto que reproducimos, figuró en un folleto impreso entonces en Madrid, donde coincidieron, con colaboraciones de escritores gallegos —como Cunqueiro e Iglesia Alvariño— las de ilustres figuras de las letras castellanas de aquella hora, como Juan Ramón Jiménez, García Lorca, Díez Canedo y Benjamín Jarnés, entre otras.

ciendo en ellas lo más logrado de su obra. Obtuvo eso que se dice "una consagración definitiva". Esto es: el juicio de los mejores le fue favorable. Pero los éxitos —y más los éxitos que se estiman precoces— resultan siempre onerosos. Feliciano Rolán, tiempo después, hubo de sufrir las consecuencias de su imperdonable triunfo. Una marejadilla superficial —y no de bajos fondos— le convirtió en náufrago. Y el intrépido nauta, elegido de las deidades marinas, tan ducho en señorear procelas, sucumbió en un estanque. Su obra *De mar a mar* no cupo en el criterio —sin duda angosto— de unos jurados omisos, y encalló en el concurso nacional de literatura correspondiente a 1934. Este vejamen no lo pudo superar el poeta. Ya herido de muerte, exageró la magnitud —pura insignificancia— de la ficticia catástrofe. Mas, a la postre, la injusta preterición se redujo a ceniza ante el inequívoco ademán reivindicatoria de Juan Ramón Jiménez. Patrocinando y dirigiendo personalmente la edición de la obra postergada, Juan Ramón Jiménez deshizo la repulsa injerta en omisión que el oficioso dictamen oficial suponía, erigiendo la verdad del poeta por sobre los exíguos y veleidosos pactos de la política literaria. Y esto no quiere decir que algunos de los competidores galardonados o estimulados en aquel concurso no fueran dignos del galardón o de la consolación económica que respectivamente se les otorgaba, sino que Feliciano Rolán merecía un reconocimiento explícito y de primer orden, como el que obtuvo, sin mengua de la equidad, Vicente Aleixandre. El éxito ulterior de su obra, unánimemente proclamado —y tan oportuno en mitigar las postrimeras angustias del poeta doliente—, corrobora mi aserto.

Rolán ha muerto muy joven. Su contextura atlética se desmoronó al soplo de una enfermedad implacable. Ultimamente, el cíclope, nada propenso a la quejumbre, se dio por vencido. "Ahora no puedo con el alma. Sólo soy huesos y piel. Nunca fuí pesimista; pero el dolor de pleuras, la tos horrible, la fatiga respiratoria, la falta de fuerzas, el agotamiento extremo, me abaten". Para colmo de infortunios, no le asiste su propia fe. Se extenúa en alternativas de ánimo y desánimo. Le afligen atroces suspicacias. "Me emocionó su artículo de *La Voz*: fuí feliz aquel día. Pero al siguiente, o poco menos, otra vez la duda... Cierto que mi debilidad extrema (acababa de sufrir una abundante hemoptisis) facilitaba mi disgusto. Empecé a "cismar" (no sé si será esta palabra pura, castellana; pero en Galicia se usa mucho, y es exactísima), como después de recibir su primera carta "cismé" muchas veces, concediéndome todo lo más, que sí: que mi libro no estaría mal, pero que no era la cosa buena que necesito desde que estoy enfermo —por ver casi con seguridad que ya no podré hacer otra— para conservar la ilusión de vivir, para justificar mi misma vida. Y "cismo" entonces que usted, Juan Ramón Jiménez y Ernestina de Champourcin, me han alabado, animado y ayudado generosamente, por la bondad de ustedes, "considerándose" de un pobre enfermo, pero no por mi valor... ¡Que sé yo!". Fiel a su destino, murió dudando, en vibrante agonía. Los dioses son harto crueles. Sólo otorgan el don supremo de la vanidad, de la fe a ultranza en el valer propio, a los deficientes mentales. ¡Ya es desdicha!

Feliciano Rolán, poeta absoluto y pura memoria, exige un homenaje auténtico. Este homenaje, póstumo por desgracia, no ha de constituir ningún espectáculo, incompatible con la espontaneidad de los sentimientos verídicos. Ha de ser un intento de correspondencia tácita. Con que cada lector se busque en el espíritu del poeta es suficiente. Al hallarse en él, habrá correspondido a una dádiva noble e insigne con lo mejor de sí propio. Y habrá logrado corresponder con el poeta.

JUAN JOSÉ DOMENCHINA
Madrid

DIBUXOS DE NEGROS, por Castelao [1]

Agora, co mundo negro americán ou africán presente a cotío nos noticieiros, e nos seus aspeitos máis tráxicos, aparecen en Galicia os *Dibuxos de negros* de Castelao. Uns dibuxos datados hai trinta anos e, pra máis, feitos por un home que morréu fai vinte.

Fan compaña ós dibuxos unhas verbas de García Sabell. Compre leelas, pois que os conceutos, as súas precisiós somente poden seren refrexadas esvaídamente, sen acadar o seu tono intencional, concreto, informativo, cheo de finura no análise e na esposición. O rumbo do pensamento imposto pola presentación de Domingo García Sabell non fai máis que facilitar as solicitaciós deitadas polos dibuxos.

Seguindo a García Sabell traspasamos a visión dos dibuxos coma simple testemuño, coma documento apañado namentras se vai polo camiño, coma imaxe pillada nun espello. Son, de certo, captación dunha realidade fuxidía, refleisión inmediata e siñificativa dunha interinidade. Pro hai espellos i espellos, e hai, pra máis, aquel que leva o espello ó lombo, e póno eisí ou eisí no camiño. Isto é o que nos ven decindo García Sabell. Non os deixemos caír —ós dibuxos— nunha imaxe de cousas, nun ouxeto que, co seu marco, penduramos na parede e alí queda. Precisamente non podemos "deixalos estar". Pois que o persoal do dibuxante acolleuse na intrincada rede que dá figura e coloca a empresa humá nun devir histórico. Emporiso istes dibuxos feitos alén-mar hai trinta anos andan a facérennos un aceno a nós os galegos.

A obra de Castelao, toda ela, non é obra feita por sí mesma que xa rematada teña ser de seu, propio, illado, impoñente —ún pensa en Atenea saíndo cas súas propias armas da cabeza de Zeus. Xustamente pode calificárese a obra de Castelao como obra interesada; dito como cando se fala da aición dun "home interesado", isto é, dunha aición ben norteada aínda cando non amosa o rumbo abertamente. Perden istas obras parte do seu valor cando se miran afastadas dos seus canles nutricios. A laboura de Castelao foi sempre a prol de, ó servicio de, á disposición de... Galicia e máis dos galegos. Uns fins que teñen de pensárese como determinantes e condicionantes da súa vida humá. Foi un artista mergullado nos feitos vivos, latexantes, sangantes dunha moi precisa situación histórica; feitos que marcaban a unhas xentes, a uns homes: os galegos. E na "emanación", na orixe e na saída dos dibuxos no interior do home Castelao está a configuración —deformación si se quere— do home pola circunstancia histórica. Son cousas ben sabidas, pro compre, cando se fala de arte, decilas outravolta como se fosen novas, pra acougar a vaídade, e, por sobre de todo, pra que medre a verdade de que o arte non dá vida ó mundo, nen o pàre nen o eleita, pro alúmeao.

Os dibuxos non afirman unha vida trouleira, un pobo felís nun paradiso. O negriño neoiorkino, o vendedor da lotería, mesmo os beiladores entremedias de

[1] Doce láminas. Comento de García Sabell. Galaxia, 1970.

palmas e bananeiras, os negros da illa vexetal e máis o da rúa asfaltada non son outra cousa que abeirados habitantes dun arrabaldo no habitat do home branco. I entremedias dos músicos e do rebulicio corporal traspasa unha melanconía, unha tristura que poida que ó desterrado Castelao o levara á lembranza doutros abeirados nunha fisterra.

A técnica dos dibuxos lévanos, outravolta, á intención, á vontade e máis á responsabilídade acollida polo artista. As tintas dánnos un dibuxo traballado, moldeado; pro os dados técnicos son servidores, que non amos, da obra. Castelao, que non predicóu o silencio, nen a mansedume, é natural que non parase na percura de idiomas, novas escrituras ou requintadas caligrafías. A tinta sirve pra siños e símbolos ben coñecidos por todos. Pra alumear o que estaba na sombra, pra que a lus chegue a toda a comunidade, como era a súa preocupación, non acaen os reviramentos técnicos. A língua ten de ser directamente comprensíbel pra unha millor percepción e comunicación, acordada cos reales saberes do home da sociedade do seu tempo.

Cando se quere que a "obra artística" non seña un esperimento, cando non se poden deixar as "finalidás" pra un porvir lonxano, non corresponde dar paso a meditaciós, aduviñaciós ou interpretaciós imprecisas e ambivalentes por mor de se achegar ós novos ritmos culturás e ás máis novas trasformaciós sociás. Pra nós, pra os nosos labregos, pra o noso pobo, nista fisterra, as mudas non dan pra moito. Temos de aproveitar a lus do sol, a lus eléitrica pra avantar, sen ficar quedos agardando unha lus atómica; fagamos a carreiriña que podemos e achegarémonos a ise gran chimpo que todos arelamos.

XOHÁN LEDO

SÍNTESIS HISTÓRICA DO SÉCULO XVIII EN GALICIA, por Ramón Otero Pedrayo [1]

Pra don Manuel Murguía o século XVIII foi, en Galicia, tempo de crueldade e de tristura: "Aquel más que triste y más que cruel siglo XVIII en el cual parece que cesó toda vida entre nosotros excepto la del dolor..."

Pra don Ramón Otero Pedrayo, historiador de hoxe, o XVIII siñifica algo "ben feito, ben rematado, podente e tranquilo".

Leendo o seu atraente e doado libro, ún sinte que o mestre ten saudade dun tempo que coñece coma si o vivira. A don Ramón sin dúbida gostaríalle parolar cos inxenios semellantes ao seu, que daquela brilaban: O Padre Feixóo "economista, crítico moral, censor da superstición"; o Padre Sarmiento, "zahorí de novos saberes"; o sabio polígrafo Cornide; as grandes figuras do foro como Bernardo Hervella, Vicente Álvarez de Neyra; o grande erudito e bibliotecario Valle Inclán...

A don Ramón gostaríalle visitar os pazos onde os señores tiñan *mesa franca* e un fato de criados, maordomos, encarregados, caseiros de foro, cabezaleiros de foro, dezmeiros, curiales, escribáns... Os fidalgos mantiñan igoalmente xentes adoitadas que sabían pescar troitas, asar cabritos "ao espeto", apurar o cobro de rendas e intrigar na curia, pois todos tiñan un pleito cando non tiñan dous...

Certas casas ilustres empregaban enanos que lles facían xogos e gracias.

Galicia no século XVIII tiña un millón e medio de habitantes (un millón catrocentos mil, precisa Labrada).

Entre as clases fitadas coma de pouca produción industrial contábanse 973 escribanos, 3.815 taberneiros e 8.150 monxes.

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1969.

Na realidade, todos os estamentos eran de pouca actividade comercial. O transporte, o comercio, os cartos foron pasando a maus dos maragatos, dos leoneses e dos riojanos.

A Galicia do XVIII mantiña os seus vellos e fermosos nomes e as vellas (e lóxicas) xurisdiciós do medievo.

Inda non a ciscaran, por mor da servil imitanza do centralismo francés, en catro ridículas "provincias". Como a fabulosa Cibola, Galicia tiña 7 cidades; tiña tamén 101 vilas.

As 7 cidades da Galicia histórica foron as seguintes: Santiago de Compostela (capital do reino, cidade santa), a Cruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui.

O mestre Otero Pedrayo conta coma eran daquela as sete cidades:

Tui, o mesmo que todas as bispales, era unha *vila morta*, fermosa e valeira. Os bós artesáns traballaban na casa e non saían moito dela. A fidalguía galega non gostaba de se peneirar moito polas rúas.

As cidades bispales e fidalgas semellaban acrópolis de autoridade, veneración e curtesía.

Nas festas pola proclamación de Fernando VI en Lugo, brila a pompa dos catro gremios: San Antonio, Santa Catalina, o Neno Xesús e San Roque...

Ourense era un pobo feudal, artesán e labrego, e non lle faltaban curiales: 11 escribanos, 7 pendolistas, 3 abogados, 3 doutores, 2 mestres, 2 boticarios... As viñas chegaban ás portas, e hastra metíanse na cidade. Daquela era doado o traballo das viñas, até o século XIX non se coñocéu a *filoxera*.

Pra Santiago de Compostela, o século XVIII é a gloria da composición barroca concebida "sub speciae aeternitatis". Xuntando as parroquias achegadas, a cidade santa galega contaba 5.500 veciños.

A Cruña erguíase coma unha capital burocrática; nembargante o peso da xente de toga e da rancia fidalguía, eisiste nela un certo esprito democrático e popular; as casas nobres, como a de Cornide, mistúranse coa xentil artesanía de feitío. A Cruña ten grandes abogados, estrelas da *Real Audiencia*, coma os xa citados Hervella e Neira. Ten sabios coma o Cornide.

Mondoñedo, outra cidade bispal, valeira e fidalga. O ano 1740 siñala a apertura do pleito entre os ediles do Auntamento e o bispo. Os ediles teimaban de encher os primeiros bancos da capela maior o día do Corpus. O bispo tíñaos reservados pra os *familiares*. Cruzáronse longos escritos e memoriales; non se chegóu a un acordo e o asunto pasóu a vía xudicial.

Tamén Betanzos adoece da pasión galega polos pleitos e, no século XVIII, tivo ún dos máis raros que se recordan no país: a loita xudicial pola devolución e posesión de un cadavre arrincado do convento das Agostiñas cando celebraban a misa de *Requiem*. As monxas gañaron en Segunda Instancia na Chancillería de Valladolid e a parte contraria tivo que devolverlles o corpo en litixio.

Das 101 vilas da Galicia a máis doada e xentil foi Pontevedra, "a boa vila" do Padre Sarmiento. Tamén, de todas as cidades e vilas galegas foi a probe Pontevedra a que máis sofréu na guerra de Sucesión.

Cecáis iste penar explícanos a decadencia: de 7.000 veciños que Pontevedra tivo no século XVI, non lle quedaban no XVIII máis que 1.500. Mais o que non podía perder (onte coma hoxe) era a doce paisaxe, a gravedade, a elegancia do vivir sosegado...

Ferrol, feitura do XVIII borbónico, nacéu entón coma arsenal, centro defensivo do Atlántico. Fundado por decreto real o día 21 de setembro do ano 1733, o novo esquema loita e vence ao antigo Ferrol dos pórticos escuros, da Eirexa de San Xiao, das Curuxeiras, dos Irmandiños, da Casa de Andrade.... Trunfan as liñas do inxenieiro Sánchez Bort. O novo Ferrol —aclara don Ramón— vai producir un novo tipo de estudantes, profesionales, de traballadores, de vagos e de parásitos. Nos derradeiros anos do século XVIII, o Observatorio da Mariña estudaba o paso de Mercurio polo disco do sol acontecido o 7 do mes de maio.

Vigo, a gran capital e porto vindeiro da Galicia, non era máis que unha aldea de mil almas que tiña tres gremios: carpinteiros, xastres e zapateiros.

Inda non morrera daquela (¿morréu hoxe?) a Galicia feudal. As aldeas —define o mestre Otero Pedrayo— semellaban estáticas, cristalizadas arredor da Eirexa.

Unha boa parte da terra era patrimonio da Eirexa, que inda non perdera a forza material e as rendas. San Martín Pinario, por exemplo, tiña 22 cotos, 600 beneficios e 6.000 vasalos.

No século XVIII a Eirexa galega tiña pulos pra refacer os grandes mosteiros históricos, como Lourenzá, Samos e Sobrado dos Monxes.

Os mosteiros e os pazos de Arousa, das Mariñas, do Riveiro de Avia servían coma contrapunto das 7 cidades.

A forza dos cregos chegaba até amedrentar aos pecadores, escribindo os seus nomes nunha tabliña na porta da Eirexa.

Os bispos tiñan *mesa franca* coma os fidalgos.

O pobo pasaba fame, que socorrían os grandes bispos filántropos de Compostela: Frei Antonio Monroy, Bartolomé Raxoi e Lousada e Frei Bastián Malvar e Pinto.

Máis de douscentos mil labregos ficaban na tráxica situación descrita polo sabio benedictino Padre Feixóo: "Yo a la verdad sólo puedo hablar con perfecto conocimiento de lo que pasa en Galicia, Asturias y montañas de León. En esta tierra no hay gente más hambrienta ni más degradada que los labradores. La habitación está igualmente rota que el vestido".

Ano terrible de fame foi, debido ao intenso chover, o do 1768.

O pobo galego tiña medo á fame, aos lobos, aos impostos direutos e indireutos: alcabalas, portazgos, "monopolio de la sal", "servicio de millones" (tributo sobre a comida e a bebida).

No exceso dos impostos que lles caían no lombo chegábase a inxustas duplicidades: tributo polas ovellas e tributo pola lan, polas castañas no souto e polas castañas recollidas...

Cada ano, as 7 cidades da Galicia nomeaban (elexido entre unha lista de nomes fidalgos) ao chamado *diputado de millones*. Os *diputados de millones* das sete cidades celebraban logo unha xuntanza na Cruña onde nomeaban entre eles ao diputado do reino nas Cortes.

O século XVIII na Galicia duróu 135 anos.

No ano 1835 ao último diputado do reino, meu tatarabóo o marqués de San Martiño de Hombreiro, retiráronlle as credenciales por decreto do Ministro do Interior, outro galego, o señor Moscoso de Altamira.

Foi o mesmo ministro quen, no ano 1834, firmóu o decreto que siñaba a creación dos novos "partidos judiciales" e o fin das vellas xurisdiciós da Galicia histórica.

O século XVIII retiróuse paso a paso.

VICTORIA ARMESTO

ESCOLA DE MENCIÑEIROS, por Alvaro Cunqueiro [1]

A Literature galega chegóu xa ao intre das reediciós. Esto quere decir que tras do libro galego empeza a haber un público lector que permite que a laboura editorial se desenrole con certa aparencia de normalidade. Hastra hai ben poucos anos os libros aparecían en tiradas mínimas, condenadas a dormir en gran parte nos alzadoiros das librerías ou nos rochos das editoras nun maino podrecer. Cando a obra de Cunqueiro póidase enxergar, nun prósimo futuro, cunha perspeitiva crara e desapaisoada, haberá que apuntar no seu favor, méritos intrínsecos aparte, este feito de verdadeira trascendencia: Cun-

[1] Editorial Galaxia, 2.ª edición. Vigo, 1969.

queiro é o escritor de posguerra que máis fixo pola creación dun público lector en galego. Fora dos nosos eidos tamén a obra do gran fabulador traballóu eficazmente en favor das nosas letras. Os que vivimos fora de Galicia e nun ámeto editorial vivo, sabemos cánto fixo Cunqueiro —e a súa obra, naturalmente— por dar fé da esistencia dunha Literatura galega viva. Hoxe escríbense en Italia tesis doutorales encol da obra galega de Cunqueiro. En Barcelona —curiosamente, muito menos en Madrid— o nome de Cunqueiro conta nos plans dos editores, vértense as súas obras ao castelán e por reflexo empezan tamén a interesar obras de outros autores que de non ser pola incidencia cáseque multitudinaria do nome de Cunqueiro difícilmente houberan rebasado a nosa fronteira lingüística. Estas obras —a de Blanco Amor, a de Neira Vilas, por exemplo— teñen entidade por sí mesmas, valor propio pra botarse mundo adiante con toda diñidade, pero foi Cunqueiro quen abríu o camiño e creóu un ambente de curiosidade que hoxe a todos beneficia.

Escola de Menciñeiros aparecéu en primeira edición no ano 1960, cando as letras galegas encetaban a andadura da súa relativa normalidade. Daquela semellaban estas prosas abrir un camiño novo do noso escritor: un achegamento á realidade galega inmediata, sen perder nada da gracia maxinativa, do seu espléndido desplegue verbal. O mester literario de Cunqueiro arrequentábase así cun alento de humanidade despóis dos prodixiosos exercicios de estilo que foran *Merlín e familia* e máis *As crónicas do sochantre*. Prometeunos daquela —vai pra dez anos— unha obra, *A casa*, que todos estamos a agardar cunha impacencia que non míngoa cos anos. Dende aquela tense convertido Cunqueiro nun espléndido prosista castelán. E ninguén estime nesta frase a máis pequena reticencia. Cunqueiro é un escritor profesional e ten dereito a percurar unha valoración cabal do seu mester aló onde lla dean. Esixir ao escritor galego a máis rigorosa fidelidade idiomática sería pedirlle o heroismo da pobreza. Lóxicamente habería que esixirlle o mesmo ao profesor que exerce en cátedras alleas ou ao rentista que invirte aló donde os seus cartos son mellor pagos. Non quixera facer o "eloxio e nostalxia de Cunqueiro" e dalo por escritor morto prás nosas letras. Quixéramos nembargantes que a súa obra galega, e concretamente o xiro que estimabamos supuñan estas historias de menciñeiros, non quedaran en promesa.

Nunha escolma da obra de Cunqueiro habería que inxerir íntegras as páxinas desta *Escolma de Menciñeiros*. Nelas está o mellor da súa obra. As figuras de Perrón de Braña, de Borrallo da Lagoa, dos dez menciñeiros, cadaquén co seu mundo enriba e co mundo de Cunqueiro ademáis, constitúin o punto de madurez dun increible talento de escritor. As páxinas que complementan o libro son simplemente ésto, unha *addenda* escintilante, un complemento engaiolador pero que non engade nada á galería de espléndidos tipos tan arraizadamente inxeridos na realidade galega de hoxe e de tempre. A segunda parte do libro ——"Novidades do mundo e fauna máxica"— é un divertimento delicioso, unha paseata de animalias sorprendente, un fantástico bestiario típicamente cunqueirán. Pero as figuras dos menciñeiros siguen clavadas, ca súa sabencia anterga, na memoria do lector que sinte a brevedade das semblanzas e volve unha vez máis —unha e outra, sin fatiga— ás páxinas primeiras.

Arredor de Cunqueiro hai xa toda unha leenda, e non me refiro ao seu copioso anecdotario real ou apócrifo, senón á incapacidade que se lle apón de acabar un libro sin canseira. *As crónicas do sochantre* e máis o *Simbad*, poderíanse alegar en contrario como libros ben trabados, nos que o desplegue maxinativo mantense sin fatiga aparente hastra a páxina derradeira.

Pero a realidade é que Cunqueiro é máis un narrador que un novelista. Máis que unha obra pecha, un universo enteiro e ben trabado, Cunqueiro espón historias que requiren un fío vencellador, e logo traballa estas historias cunha demorada teimosía de ourífice. O que se ten por repentismo ou por facilidade maxinativa non é máis que espresión dun mundo seu, un mundo nidiamente cunqueirán feito de gracia e fantasía, a cuio servicio está unha prosa verdadeiramente funcional; funcional no senso de que axústase doadamen-

te, cunha auténtica fidelidade instrumental, á realidade creada —maxinada— por Cunqueiro. Pero ocurre ás veces que o traballo desta prosa é tan preciso e lampexante que o lector —non Cunqueiro— toma esta prosa por unha finalidade en sí.

Esta segunda edición de *Escola de Menciñeiros* vai precedida polo limiar de García-Sabell que xa levaba a primeira. Este limiar por sí sólo esixiría un longo comento. O ensaio de García-Sabell encol de Cunqueiro e o mundo dos menciñeiros é do mellor saído da pluma do noso ensaísta —xunto cas súas *Notas encol da fame galega,* e máis o fecundo e ás veces irritante traballo encol de Sartre. Nesta relectura, ao cabo de dez anos da primeira, descúbrese de novo canto hai de fondura e novidade nesta áxil pescuda arredor da nosa meiciña popular. Parola aguda de contida sabencia, arredor dun xeito básico de manifestación da Galicia labrega. E as páxinas finales de García-Sabell, baixo o tíduo "Cunqueiro, home creador" son o máis acabado estudo encol do mundo e o mester literario de Cunqueiro. Mester cuio segredo está no seu xeito misterioso de percutir, ca verba luída, na sensibilidade do lector. Na súa habelencia pra xirar a gracia levián e crecha da palabra, cun faíscar irritante que dispara a maxinación do lector fora da obra literaria pra recollela logo nun xogo sotil que sólo é posible nun literato puro, un esnaquizador souril das ríxidas semánticas, que traballa a fala, fidel e libre, coma un eido propio. García-Sabell danos unha das claves pra achegarnos á comprensión da gracia e do misterio de Cunqueiro: "A forza da obra de Cunqueiro non está no que ela posea de sólido, senón, xustamente, no feito notábel de adequirir volume e urdime sonoras sin apenas materia que a sustente".

B. LOSADA

¿PROCESO A LA IGLESIA GALLEGA?, por José Alvilares [1]

O estudo de Alvilares cínguese a un dos períodos máis probremáticos da historia da Igresia galega: o século XIX. Antre outras razós o século XIX é probremático porque comenza con el o proceso de liberación social e política que agromóu nas modernas libertades. A Igresia, dunha maneira ou doutra, tuvo que estar presente.

Contén o libro tres ensaios: a) Rosalía de Castro, la Iglesia como comunión (pp. 19-21). b) Manuel Curros Enríquez, la Iglesia y el mundo (pp. 93-174). c) Algunos aspectos de la Iglesia en otros textos gallegos (pp. 175-235).

O primeiro ensaio amósanos a vivencia relixiosa de Rosalía. É unha vivencia persoal. A door adequire na súa fala, que é a fala do pobo, resoancias metafísicas. Rosalía fai probrema da súa fe e fai teoloxía nas apararentemente inxenuas perguntas que fai ó destino e a Deus. Rosalía non se arrepón á estructura eclesial, por eso o seu testemuño non ten contido social. Ten valor individual dende unha perspeitiva antropolóxica.

Na recomposición da vivencia relixiosa de Rosalía, que Alvilares fai con agarimo e delicadeza, apenas topamos ca presencia da Igresia-Institución. Por eso dí con acerto Alvilares (p. 90) que a Igresia non se manifesta na obra de Rosalía cunha determinada presencia, sinón como unha ausencia, como un vacío. Compre perguntarse si unha Igresia, que non é capaz de achegarse a ún dos espíritos máis sensibres do momento, é unha Igresia que sabe estar no mundo como Sacramento de Salvación. Este vacío é xa unha acusación que ten que pesar moito no xuicio que o lector emita neste proceso aberto, que é o libro de Alvilares.

O segundo ensaio céntrase sobor da aristada figura de Curros. O noso gran poeta foi home de ideas sociaes e políticas. Foi un loitador. O seu ideario re-

[1] Ed. Marova, Madrid, 1969, p. 255.

lixioso acepta a Igresia, pro unha Igresia disposta no mundo a servir a causa da paz, da xusticia, da fraternidade e do amor. Dende o momento que a Igresia se adica a acrecentar os seus privilexios, as riquezas e os poderes, a Igresia, *dí Curros, traiciona a Xto. É desta maneira que a Igresia non funda no mundo* o reino de Xesús, sinón o reino da mesma Igresia (p. 159). Pra mellor lograr os seus humáns designios a Igresia vencéllase cos partidos políticos conservadores e absolutistas. Na polémica currosiana a Igresia queda reducida a un partido político antiliberal (p. 159). E Curros é un militante activo do partido liberal.

Compre suliñar, como o fai Alvilares, que o xuicio flaxelante de Curros diríxese contra a estructura eclesial, non contra o Dogma. E a sátira que, en certas ocasións, parece incluir a Deus, enderéitase principalmente á imaxen de Deus que ofrece a relixión oficial (p. 157-9). De todas maneiras recoñecemos que se lle escapa a Curros a pruma en certos momentos. Pro recoñezamos tamén que a estructura eclesial non permitía con facilidade ser ó mesmo tempo ortodoxo e liberal.

No terceiro ensaio, e cinguíndose sempre á literatura en galego (quezáis esto limitóu excesivamente o material de traballo), Alvilares recolle a opinión que lles mereceu a varios autores a Igresia do seu tempo. A concrusión non pode ser máis triste: — No orden político vemos que o clero masivamente se vencella ó partido absolutista, primeiro, e despóis ós conservadores de turno. Empréganse os púlpitos e as pastorales nas campañas políticas. O pequeno fato de cregos liberales son declarados sospeitosos e non poucas veces son perseguidos con desterros e con cárceres.

—No orden económico a Igresia é un poder opresor. Os catastros, os libros de contas dos cabildos e mosteiros, así como os arquivos das curias dan testemuño de canto estamos decindo. Era unha Igresia poderosa sobor dun pobo de miserabres. Dende esta perspeitiva compre xulgar os escritos dos inteleituales galegos. afiliados ó partido da oposición ou sinxelamente abertos ás miserias.

— No orden ideolóxico a Teoloxía vivía allea ó mundo da téinica e do progreso. No mesmo senso se comportaba o clero. Quezáis a súa aititude regresiva foi favorecida polo optimismo fachendoso dos que coidaban que a cencia iba descartar á relixión, á Igresia e a Deus do mundo. Froito, quezáis, desta loita é o cisma que aínda hoxe se amostra antre parte do clero galego e dos inteleituales. Os cregos ven nestos o instrumento demoníaco pra desfacer a Igresia. Os inteleituales, da súa banda, xulgan ó clero como unha crase social máis ben burda, que emprega as súas mañas en manter unha situación beneficiosa. O tempo foi achegando as duas posicións, pro de vez en cando non deixan de escoitarse ainda bulras e sarcasmos que nos lembran as vellas loitas.

Certo que a Igresia galega foi moito máis que esto. Non podemos esquencernos dos cregos dos pobos, vencellados á súa parroquia e que deron testemuño de Xto. en tódolos tempos. Non podemos esquencer ós homes de cencia, que deron gloria a Galicia, aínda sendo coengos. Pro o recoñecimento destas individualidades non pode facer negar a realidade dunha estructura asoballante.

O libro de Alvilares, escrito en elegante castelán, abre perspeitivas moi interesantes pra xulgar a historia de Igresia galega.

O libro, é un proceso aberto. Pode parecer que sobran fiscales e faltan defensores. Non poucos dirán que non debemos xulgar ós mortos. Pro o atento lector comprenderá que non se trata de condenar ós mortos sinón ós vivos. Trátase de condenar o espírito autoritario e fachendoso que acouba aínda en certas estructuras da Igresia e que o Vaticano II non foi capaz de eliminar. Non é un proceso despiadado e coleitivo ó pasado, é un proceso a un presente —fillo daquel pasado— que sobrevive en privilexios, pactos e alianzas, que nos amosan unha Igresia pouco atraente ós homes do século XX, que son ós que esta Igresia se ten que ofrecer e servir.

XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ

INTRODUCIÓN Á ECONOMÍA GALEGA DE HOXE, por O. L. Abad Flores, X. M. Beiras, X. Isla, S. Martínez-Risco, M. Orjales, C. Otero Díaz, D. Quiroga [1]

Nunha época, como é a nosa, na que se fan equipos prás cousas máis vans e choqueiras, resulta confortador que un fato de homes xunten os seus esforzos pra nos amostrar ordeadamente e con sinxela craridade o panorama de problemas que latexan na economía galega de hoxe. Coñecer ises problemas non supón que se vaian resolver, pro supón de certo que se non se resolven non será por falla de ideas craras no país tocantes á súa índole, as suas raigañas, ó seu celme, nin por insuficencia de prantexamentos axeitados pra que, co esforzo de quenes corresponde, se puidera poñer o ramo á obra. Esta é a primeira impresión do leitor que enceta e remata dun pulo —talmente é áxil, atraínte e celmoso— o libro que Galaxia pubrica coma terceiro volume da sua nova coleición "Enquisa", e do que son autores especialistas coma o Abad Flores en economía campesiña, Beiras e Otero Díaz nos problemas de base da economía galega, Isla Couto na estrutura do sistema financieiro, Martínez-Risco nas nosas institucións xurídicas, Orxales Pita na urdime sociolóxica do país, e Domingo Quiroga en economía pesqueira.

Tiñamos xa referencia, pois tivéramos ocasión de escoitalo cáseque enteiro, do ciclo de conferencias que a agrupación cultural O Facho, da Cruña, orgaizara hai algún tempo no paraninfo do Instituto "Eusebio da Guarda", ciclo que —decíase no programa de man— "responde a unha conceición integral da problemática galega, no cal as diferentes leiras ou tenzas espritoales ás que se adica o home galego ó longo da sua vida non representan illas ou fragmentos desvencellados antre sí, senón eslabóns dunha cadea que, arrincando do comenzo dos tempos, proiétase cara o futuro constituíndo o transfondo histórico de Galicia e, ó mesmo tempo, da humanidade enteira". Agora aquelas conferencias trasmútanse en sete traballos compridos que ofrecen unha primeira chave de interpretación do que a nosa economía resulta ser nos nosos días. "O equipo que nil colabora —díse na presentación diste volume— podería ampliarse de certo, e de certo ampliaráse en vindeiras ocasións, coa participación doutros estudosos, profesionás i especialistas de ben probada solvencia cos que conta o país. Seña ésta, xa que logo, unha primeira mostra sistemática do labor coleitivo de análise ó que xa está sometida a nosa realidade socioeconómica aitual. Coidamos que ben podemos tiduar o seu contido como *Introdución á economía galega de hoxe*". Vexamos o que esta introdución contén.

Mario Orxales Pita, sociólogo, abre o volume cun traballo encol da "Problemática sociolóxica das comunidades galegas", no que se definen con moito rigor os diversos grupos sociás que constitúen o país e que caraiterizan, con pesos específicos diferentes, as suas diferentes comunidás. O traballo desenrólase en dous degraos. No primeiro séguese o curso eisistencial do indivíduo que nace e medra nunha desas comunidades galegas, e dos problemas que a estrutura da sociedade vai facer incidir nise proceso da sua formación humá. No segundo pásase da perspeitiva do individo á do país mesmo. "No que ó país se refire— escribe Orxales— toda a problemática que rematamos de analizar no individo reflexaráse á sua vez na problemática social que latexa no seo das comunidades galegas". O remate do ensaio resume o problema máis radical: "En definitiva, todo o dito tenciona demostrar como o ser mesmo de Galicia, a sua dimensión coleitiva, atópase dividida en circos pechados e afastados, a consecuencia de conflitos de clase e problemas institucionás. Tamén Galicia, como pobo, está introvertida, e ó igoal que os seus habitantes, non pode desenrolar plenamente a sua persoalidade social. Nestas circunstancias, o seu talento, que é a sua cultura —no senso amplo do termo— xaz no letargo".

Abad Flores ocúpase da "Reforma agraria do minifundio". Nunha progre-

[1] Galaxia, Col. Enquisa III. Vigo, 1969.

sión sistemática de razonamento sin creba algunha, o autor percorre os diversos problemas que xurden nos presupostos dunha política de reforma agraria axeitada a estruturas minifundísticas. "O proceso de reforma agraria —escribe— ten de ser mesmamente un proceso de ausorción de esplotaciós. I esta ausorción somentes se pode realizar de duas maneiras. 1.ª Pola venda de terras duns agricultores a outros residentes (...). 2.ª ... asociación de empresarios agrícolas, sempre que as esplotaciós, en conxunto, acaden a magnitude económica e téinicamente viable...". O análise das implicacións de uns e outros procedementos, e o balance xeral dos problemas, conduce ó Abad Flores a se pronunciar en todo caso por unha indispensábel normatividade do proceso, e a afirmar "quen conciba unha reforma agraria indicativa co alcanzo aitual desta verba, concibe algo ausolutamente estéril, e que abandonar ó xogo capitalista dos incentivos o futuro do agricultor galego, non é máis ca un suicidio social no que o colapso atópase ó cabo do longo e magoento camiño da subsistencia que hoxe estamos a andar".

Domingo Quiroga fai "Algunhas reflesiós encol da economía pesqueira galega". Coa sua agudeza proverbial e o seu fondo conocemento da economía pesqueira, Quiroga dá un repaso ás orixes da estrutura aitual da pesca marítima en Galicia e deseguida entra a tracexar a dualidade, tan inzada de problemas graves, que amostra o seitor, deténdose no comento da política seguida nos derradeiros lustros co seitor pesqueiro español, e singularmente no ocurrido coa produción de peixe conxelado. "Resumindo, e na miña estimación —conclúe— esta axuda do Estado pra os diversos seutores das pescarías poidera esceder os sete mil millós de pesetas. (Isto calculado a primeiros do sesenta e oito). I anque esta inversión debe retornarse e paga o seu intrés, atópase, coma todas, sumisa a discusión e a riscos". O balance dises riscos non semella nada outimista. Pois "si a preocupazón nas nosas pescarías sigue sendo outer cretos do Estado, fomentar astaleiros ou con engado de nós mesmos pescar fuxindo das regras impostas polos feitos biolóxicos i económicos, arribaremos axiña a un punto de cuios riscos non soio a F.A.O. nos adevirte, senón do que hai xa algunhas amargas esperencias".

Da contribución de Otero Díaz, "A industrialización de Galicia", non é doado facer eiquí unha síntese espresiva. Abonde sinalar que o desenrolo do traballo tenciona demostrar catro puntos principás: 1.º "Que polas suas notas estruturás Galicia non poderá ser nunca unha rexión progresiva e comenentemente poboada sin industrializárese. 2.º Que o retraso de Galicia débese a un aicidente histórico, non a falla de aptitudes prá ubicación industrial. 3.º Que Galicia reúne as condicións fundamentás e posúe os medios naturás pra se industrializar. 4.º Métodos, políticas i estímulos pra fomentar un desenrolo industrial comenente a Galicia".

Sebastián Martínez-Risco Macías ocúpase dun tema no que xa nos ten dado probas ben firmes do seu saber: "As instituciós xurídicas e a vida económica e social de Galicia". O ensaio, moi riguroso, cheo de acertos espresivos, e apoiado nunha ben escolmada bibliografía, arrinca de prantexar a "ecuación dos conceitos" (dereito e vida social, dereito e vida económica), pra deseguida tracexar a relación home-terra, e logo estudar as diversas instituciós xurídico-consuetudinarias con proieición na vida social i económica galega, deténdose con singular atención nas que "acobexan formas de vida comunitaria". Como remate sinala as liñas direitrices dunha "revitalización das nosas vellas instituciós xurídico-agrarias".

Xaime Isla Couto estuda a relación "Estrutura financieira e desenrolo rexional", proxeitáda sobor da realidade galega. Arrincando dunha requintada síntese do proceso histórico de perda de vitalidade da economía galega e deténdose despóis a analizar o fenómeno da "colonización financieira", fai unha revisión das diferentes instituciós que integran a estrutura financieira do país, nun análise crítico de gran lucidez. "A conclusión que se desprende diste esquema... é a eisistencia antre nos dun *gap*, un valeiro ou lagoa de crédito, unha verdadeira anemia financieira, e nun doble sentido: dunha banda, como

carencia de fondos ou capitales pra a indispensable axuda ou aitivación dos seitóres básicos da nosa economía; e doutra banda, como falla tamén de poder de decisión propio, de espíritu de iniciativa empresarial, e como estado de atonía coleitiva pra asumir con coherencia e dinamismo esas mesmas angueiras". O trazado das liñas de aición posíbeles pra remediar esas taras estruturás ocupa a derradeira parte do ensaio. "Somentes recreando o aparato institucional —remata— revirándoo totalmente pra proñelo ao servicio da comunidade —e non ao revés, como se foi galvanizando deica hoxe— somentes socializando no senso máis plenamente, e máis fecundamente vital, poderán esconxurarse os perigos que ameazan por unha banda e pola outra... pra salváremos a libre eisistencia coleitiva".

Pecha o volume o traballo de X. M. Beiras "O problema da planificación en Galicia". Iste traballo denso comenza prantexando os problemas de base de toda planificación, a súa doble versión "indicativa" e "normativa", dexergadas as duas dende a perspeitiva dunha economía atrasada como a galega, a función da dimensión rexional nesa mesma perspeitiva, e os atrancos fundamentás pra unha política de planificación axeitada á econmía galega. Nesta fase final do seu traballo, o autor afirma "que a problemática galega de hoxe, contemplada no contexto hispano, require unha planificación normativa, sometida a control democrático, elaborada i executada a nivel do chamado ente socioeconómico rexional e integrada e artellada a nivel suprarrexional".

L. T. B.

GALICIA FEUDAL, por Victoria Armesto [1]

Hai anos Victoria Armesto ofrecéranos co seu libro *Dos gallegos: Feijóo y Sarmiento* unha visión sorprendentemente aguda e fidel da persoalidade das dúas grandes figuras da Galicia do XVIII. O libro de Victoria Armesto supuña un xeito de achegamento á historia, inédito entre nós: a visión ás veces irónica, desmitificadora, deixando sempre a salvo a correcta interpretación dos feitos e a persoalidade das figuras —grandes ou mínimas— da Historia. O procedemento non era novo. En Italia fixera algo semellante Indro Montanelli. A novedade do gran xornalista italián —que non sei si é descobremento seu, pero certamente foi el quen o botóu polo mundo endiante co ésito das ediciós multitudinarias— basábase en adxetivar aos persoaxes ao xeito de hoxe. Esta sinxela reviravolta devoltábanos a súa face cotián, desbotába o peso abafante dunha perspeitiva respeitosa imposta por séculos e séculos de prosa doutoral. Decir que César levaba bisoñé ou que Alcibíades era un tolo esmorgante desnarigador de estatuas non era faltarlle ao respeto aos mitos consagrados senón achegalos ao noso tempo, facelos ouxeto dunha laboura de achegamento anecdótico que está dentro da mellor tradición xornalística. Pero en Montanelli o ésito do procedemento acabóu empurrándoo á caricatura. As súas derradeiras obras dan a impresión de que construi páxinas á percura do achado burlesco, do simple xogo de agudeza verbal. Corre entón o risco de caricaturizar as figuras históricas, de deformalas nun xogo desconcertante en troques de achegalas ao lector non especializado. Na obra de Victoria Armesto a Historia pesa sempre máis que a anécdota. Nesta *Galicia Feudal* é doado perceber a sólida apoiatura bibliográfica, a meditación asisada. Nunca a súa reviravolta é inoportuna, nunca ven crebar o axustado desenrolo da narración cun elemento forzado e artificioso. Victoria Armesto non é un historiador profesional, pero sabe manexar os datos con seguridade, e, o que é mellor, sabe axustalos no contexto do seu tempo e presentalos do xeito máis comprensible e válido pra o lector de hoxe. A súa obra está lonxe nembargantes do que ven chamándose "divulgación histórica" que non é máis, muitas veces, que un desplegue impertinente de imaxinación arredor duns feitos deformados. Penso que nin o máis

[1] 2 volumes. Editorial Galaxia, Vigo, 1969.

severo ordeador profesional de feitos históricos terá nada que reprocharlle a esta Historia do Medioevo galego. Os feitos están ehí, na súa grandeza ou na súa desgraçia, espostos con esixente rigor. Pero os persoaxes, os actores da Historia, están vivos, suliñado o seu perfil de homes ou mulleres —véxase a figura de Doña Urraca— que responden a pasiós, a cobizas ou a móviles arraizadamente humáns, e polo mesmo constantes atraveso dos tempos e das xentes. A Historia de Galicia na Idade Media é por veces unha trama inestricable na que os sucesos se encabalgan nun coadro cáseque caótico. As loitas nobiliarios dos séculos XIV e XV non son, malia todo, un desplegue gratuito de brutalidade, non responden esclusivamente a unha vocación de violencia, senón que clavan as súas raigañas na realidade de un país frustrado cando no intre preciso, faltoulle unha empresa esterior pra dar forma ao sentimento nacional latente. Estes dous séculos dramáticos están vistos por Victoria Armesto cunha espléndida craridade, moi lonxe da mitificación cabaleiresca que podería facer por exemplo de Pedro "Madruga" un héroe da nosa historia, cando non é máis que o espello da nosa frustración. Outras figuras mitificadas pola literatura romántica están situadas cun sólido axuste histórico —penso en Pardo de Cela especialmente—. A acción dos Reis Católicos está vista sin a xenreira indiscriminada da historiografía romántica galega, e por eso mesmo é doblemente eficaz cara a comprensión do que a súa obra en Galicia supuxo cara a despersoalización do país. Hai un intre decisivo prá Historia de Galicia, o da independencia de Portugal, que Victoria Armesto esplica seguindo a tesi xa tradicional de González López e percurando a súa base nun conflicto de intereses entre as sedes compostelana e bracarense, paralelo ao crecente influxo en Galicia da corte castelán e dos seus axentes, os monxes de Cluny. Moitos puntos escuros da Galicia medieval quedan sorprendentemente crarificados cunha esplicación ouxetiva e sinxela a un tempo. Especial engado teñen pra o lector galego os perfís humanísimos duns persoaxes como Xelmírez —poucas veces tan ben visto na súa doble dimensión da máxima figura do medioevo galego e factor de integración do Reino na órbita castelán, preocupado esclusivamente pola primac'a de Compostela— ou de Diego Peláez, que tivo a escura conscencia dunha vencellación atlántica con Compostela coma centro espritoal, único xeito de manter a persoalidade dun país alonxado cada vez máis das fronteiras bélicas onde se facía a Historia. Espléndida é tamén a visión do Pelerinaxe, co fondo dunha Galicia campesiña que vía pasar polos camiños o espectáculo da grande romaxe como algo lonxano e alleo, un pouco ao xeito coma os hispánicos de hoxe ven pasar —entre curiosos, bulreiros, desconcertados e imitativos— a cabalgada turística dos homes do próvido Norte.

Galicia Feudal non é sólo un ben composto libro de divulgación. Non hai nel certamente traballo de esculca persoal. A novedade está na agudeza interpretativa, que tantas cousas pode esplicar por outra parte tamén ao erudito, Victoria Armesto asentóu sólidamente a súa obra nunha base bibliográfica de probado rigor, e deunos unha síntesi sustancialmente válida —fora as discrepancias de detalle, que lóxicamente teñen que esistir—, unha síntesi viva, atractiva e rigorosa de mil anos da nosa historia. Hai un intre concreto de este milenio —todo o relativo á tradición xacobea— que Victoria Armesto aborda cun tacto e unha mesura exemplar, aínda que no sustancial, dentro sempre da interpretación de Américo Castro. Este episodio, sempre discutible, é o de maior posibilidade polémica. Victoria Armesto mantense nunha posición probabilista, cunha certa inclinación en favor da intuición unamuniana de que os restos do sartego catedralicio correspondan a Prisciliano. A teoría, indemostrable certamente, ten un engado romántico —e unha base lóxica— que non pode pasar inesquecida.

O libro de Victoria Armesto é máis que un "reportaje histórico" como dí a faixa editorial, é un traballo sólido i espléndidamente traballado de achegamento á Galicia medieval, con contribuciós importantes no análisi e na interpretación dos feitos.

B. LOSADA

CANTA DE LONXE O CORAZON DO TEMPO, por Manuel Casado Nieto [1]

Canta de lonxe o corazón do tempo, non é un tíduo escollido somentes en función da cristaleira dunha libreiría. Quero decir que o tíduo esprica xa con craridade manifesta o contido da obra. Iste contido poderíase resumir nistas verbas: Galicia vivida dende lonxe a traverso da intimidade do poeta que sinte o corazón magoado polo tempo, entendendo íste tanto nun senso metafísico (manriqueño), coma nun senso máis concreto (a historia).

Se toda a poesía xurde dunha vivencia radical, ista obra que estamos a comentar non é certamente unha esceición. Niste caso, a vivencia é o sentimento da terra lonxana:

"a terra queda alá, verde e celmosa"

O poeta parte dise feito esencial na súa existencia: a propia condición de emigrante. No máis fondo da ialma, ise sentimento é a fontana da que xurdirá toda a poesía:

"Eu son, Señor, un emigrante,
un emigrante galego.
Un entre tantos,
que se alonxaron da paisaxe propia...
... ...
Todo o mundo é camiño
pra camiñar os homes pra o desterro."

Igual que Rosalía, o poeta ve o mundo a traverso da súa esperencia de emigrado; pra il o mundo non é coma prós demáis, poisque a propia existencia aparece coma algo problemático. Aillado, convertido nun "home do lonxe", intenta crarexar o senso do seu propio destino. I é iste esforzo que latexa por tódalas páxinas do libro coma un *leit motiv* o que o vertebra dándolle unha certa unidade de siñificación:

"xa nos coñecemos se somos da eternidade,
ou de mañán, ou de onte, ou de hoxe".

Pro hai outra unidade máis fonda aínda: a que xurde da terra, da paisaxe. Aparece así a concencia dunha Galicia sentida en comunión de dor, en imaxe afervoada e doente. O poeta chega a identificarse ca terra, nunha fusión casi panteísta:

"E penso que a Terra son eu, é a miña muller, son os meus fillos
E que todos nós somos iso: a Terra."

A terra queda así convertida nun conceito: a Terra. Coma se fora unha divinidade. Cecáis é iste un dos máisimos logros do libro. Non se sabe ben se as metáforas, o xogo de imaxes non son máis que unha maneira de chegar ao home, ou se o home non é máis que un xoguete asoballado polas condicións materiales que o rodean. Dista maneira, a poesía convírtese en berro de protesta:

"¿Qué nos queda, meu neto? Pouca cousa:
arrecendos, paxaros, volvoretas...
escarabellos da pataca, vermes...

Ista gravedade testemuñal fainos aparecer o libro de Casado Nieto co a máisima actualidade en canto ao seu prantexamento poético:

---

[1] Prólogo de Basilio Losada. Epílogo de Ramón Otero Pedrayo. Colección "Salnés". Editorial Galaxia. Vigo, 1969.

"só comeron touciño e pan de broa...
pra non saíren enxamáis de probes..."

Todo o que temos dito hastra eiquí non quer decir que non haxa no libro que comentamos evocacións puras da paisaxe, onde a ialma do poeta se deteña sinxelamente enfeitizada polas cousas:

"... eu soio sinto
ver ermas as cortiñas...
i as hortas do regato... Eran un mimo!"

Non faltan tampouco algúns dos temas "clásicos" da nosa poesía "garimosa". (Véxanse algúns títduos: "Noite na breixa", "Responso á soedade en ritmo de gaita", "Un recuncho na lareira"). Mais aínda nistes poemas as concesións ao folklorismo son mínimas. E cando parecía que o poeta iba caer nas banalidades de cotío, o verso crébase deixando ver a entraña doente que levaba dentro:

"A dor, a dor é a que tece
versos, sospiros, salaios...
... ...
¿Salaios? Berros tamén."

Poesía testemuñal e poesía íntima fundidas nunha síntesis harmónica, porque o autor percura fuxir sempre de todo extremismo doutrinario. E cando o tema lle daría pé pra desbafarse con saña, entón escolle a ironía:

"Un longo palmear ponlle remate
ás verbas do tecnócrata, tan sabías."

Dende o punto de vista formal, chámanos a atención a sinxeleza dos medios expresivos. Pro no nos deixemos engañar: trátase dunha sinxeleza difícil. Son versos moi traballados. Calquera se pode decatar da preocupacións do autor por algúns elementos formales: poemas con ritmo de aspeuto modernista, insistencia na repetición dunha vocal pra lograr harmonía imitativa, etc... O lenguaxe é moi coidado, moi medido. Non hai desafogo do sentimento, polo contrario, os millores versos son aqueles en que se logra contér o sentimento cando o leitor esperaba velo estalar:

"il quedóuse, i eu marchéi.
Quén daquela llo dixera!:
Hoxe a casa do meu pai
ten tamén as portas pechas.

M. P. A.

CATÓN GALEGO, por Ben Cho Sey [1]

No intre histórico cultural do que estamos sento testigos, o sino da máis crara galeguidade é a cada vez máis abondosa edición de libros en língoa galega. A partir disto, tamén se manifesta "espontáneamente" na xente o interés pola nosa fola especialmente propalado polo conocido eslogan "Falemos galego", que levan ben á vista moitos coches de propietarios galegos. E terciando con estes feitos estase difundindo e afincando con manifestacións de renovado sentimento cristián, a misa rezada en língoa galega. Pois ben. Un país onde se dan estas mostras de estimación do propio idioma precisa que se

[1] Edicións O Castro. A Cruña, 1969.

teña presente o ensino deste idioma na escola de primeiras letras. Neste caso os nenos han de contar con libros onde estea metodizado o proceso do ensino da leutura e da escritura da língua galega que máis adiante halle permitir o pracer de entender, de falar e de escribir a dita língua.

Pensando nesta custión xa antes de agora, houbo quen levóu á imprenta algunha obra adicada pra leutura dos nenos galegos, que dinde agora contarán cón un novo libro concebido pra o ensino do galego nas nosas escolas. Este novo libro chámase CATÓN GALEGO, e o seu autor Ben Cho Sey, que nón ten nada de chino, pois nacéu en Ourense no seo de unha familia fidalga de moi probada enxebreza.

Inda que este *Catón* nos lembra aquel onde nós empezamos a deletrear frases en castelán, está moi lonxe do seu devanceiro polo tempo e polo sentido didáitico que dirixéu a armazón do seu contido. A lóxica ordeación do texto asegún a dificultade e función de cada fonema dá a entender a competencia do autor, familiarizado cos novos sistemas. En follas precisas e dun xeito esquemático, os sinos levan á par de sí a imaxe crara, espresiva, infantil, viva que as fixará na memoria do neno porque están á par da mentalidade infantil. Por isto, o *Catón Galego* coidamos nós que é unha feliz aportación ó probrema do ensino do galego nas nosas escolas.

Xuntamente coas bondades pedagóxicas o *Catón Galego* amostra a súa beleza tipográfica de formato, papel e gaiolantes coores. Con todo o dito vai a miña felicitación pra o amigo Ben Cho Sey.

M. TORRES

TEMAS ESPAÑOLES EN LAS TABLITAS DE LA BICCHERNA Y LA GABELLA DE SIENA, por José Filgueira Valverde *

Trátase dun interesante catálogo dos temas españois que aparecen na coleición de taborelas pintadas que servían de tapas aos libros-rexistro das oficinas que durante séculos gobernaron a vida económica de Siena.

Estas oficinas —a Biccherna e máis a Gabella—, estaban rexidas por maxistrados que se renovaban cada seis meses. Con cada maxistrado renovábase igualmente o correspondente libro-rexistro, libros de pergameo que levaban como tapas unhas taborelas pintadas. A coleición abrangue un periodo que vai desde 1258 a 1682 e consérvase no Arquivo do Estado, no Palazzo Piccolomini.

Dentro desa coleición, arredor dunha dúcea de taborelas conteñen temas españois. Corresponden a distintas épocas e, naturalmente, a distintos artistas: Sano di Pietro, Giovanni di Cristófano, Francesco da Andrea, Neroccio di Bartolomeo, Giorgio di Giovanni, Ventura Salimbeni, Francesco Vanni. No traballo de Filgueira Valverde que reseñamos, estas taborelas con pinturas de temas españois aparecen reproducidas, cada unha delas coa súa correspondente nota erudita, todas moi precisas, craras e detalladas.

P.

* Pontevedra, 1969.

ACTUALIDADE DE GIDE

O 22 de novembro do 1869 nacía, en París, André Gide. Remata, pois, de se cumplir o centeario do seu nacemento. "Poucos escritores exerceron sobre varias xeneraciós un influxo igoal ó seu. Pro, deste influxo, desta obra, ¿qué resta dazaoito anos despóis da morte de Gide?, pregúntase unha revista literaria francesa, no editorial dun número no que Jean-Louis Curtis, Pierre de Boisdeffre, Marcel Schveitzer e outros, estudan a "actualidade" de Gide.

Curtis sinala que dazaoito anos despóis da súa morte, Gide está tan esquecido que ningunha manifestación oficial sinalóu o centeario do nacemento dun escritor que tivo un primeiro lugar no mundo das letras durante meio século. "Xa ó día seguinte da súa morte, os comentos dos autores da nova xeneración, aparecidos na prensa, decían a súa indiferencia cando non o seu desdén; e Jean Paulhan puido escribir que "a morte de Gide foi ben acollida: foi acollida por unha manchea de inxurias".

Jean-Paul Sartre, en troque, soupo falar de Gide no tono que conviña, aínda que o seu homenaxe dirixíase ó home *engagé,* que tiña tomado posición en custiós como a do colonialismo, e cuio valor moral era, pra todos, un exemplo de libertade; pro non falaba nin do poeta, nin do novelista, nin do crítico, nin do memorialista...; de nada, ó cabo, do que fai que un escritor sexa un escritor, ademáis de ser un home honrado. Hoxe é o silencio, o buraco negro. "Eu supoño —dí Curtis— que aínda se lé a Gide, porque o editan en coleiciós de faldriqueira".

I engade Curtis: "Díse que os problemas que el prantexóu están depasados, pro están depasados mesmamente porque el os *descobríu.* Afírmase que o mundo de hoxe prantexa outras custiós, pro o achegamento gidiano de non importa cal problema, sigue a ser exemplar... E no que toca ó seu influxo, tan agresivamente negado arestora por certos críticos e certos grupos literarios, digo eu que fai falla estar cegato pra non ollalo por toda parte; pro talmente difuso, e tan ben asimilado —como o do surrealismo—, que a marca de orixe non é visíbel. O aire inteleitual que non alentamos, está aínda embebido dun osíxeno que Gide secretóu".

E remata Curtis sinalando que "a idea de que toda obra de arte debe *inquedar,* ser *provocante,* tan querida hoxe por moitos críticos tan enfáticamente instalados no conforto inteleitual do día, é unha idea posta en circulación por Gide".

ORDEADOR DO IDIOMA CATALÁN

PEDRO Mas i Perera ven de publicar un documentado estudo no que fai un análise demorado da obra realizada por Pompeu Fabra, nos eidos da unificación da lingua catalana. Veleiquí algunhas das súas afirmaciós:

As publicaciós do Institut d'Estudis Catalans, ó levar ó catalán a institucíós académicas do estranxeiro, onde eran lídas e consultadas por estudosos de todos os países, necesitaban presentar unha ortografía definitiva que pres-

tixiaran a súa gramática e sintaxis xa restauradas. Asistido polos demáis membros da Seición Filolóxica, i en especial polo poeta Josep Carner e o hebraísta Frederic Clascar e máis tarde polos seus alunos, Fabra adicóu a súa vida a remodelar a língua catalana, trasformándoa en áxil instrumento tanto prá comunicación normal como prá científica e literaria.

O 24 de xaneiro do 1913 apareceron as *Normes ortográfiques de l'Institut d'Estudis Catalans*. As normas atoparon grandes oustáculos; ergueron enérxicas protestas e un grande revóo que polarizóu a firme oposición de un grupo de prestixiosos inteleituás. Pero cando o presidente da Mancomunitat de Catalunya dispuxo que toda a documentación desta institución se redaitase con suxeción ás "Normes" e fixo un chamamento a todos os cataláns pra que as adoitasen, a súa autoridade moral conseguíu a inmediata e xeneral aceptación da nova ortografía.

Un detido esamen da prensa, do libro, dos documentos e os manuscritos daquel tempo, amosan elocuentemente a decidida transición operada cara o novo sistema ortográfico do catalán; pesie ós recalcitrantes, a reforma ortográfica acadóu un ésito rotundo. No 1917 o Institut editóu o "Diccionari ortografic" redaitado coa direición de Pompeu Fabra.

A promulgación das "Normes" non implicaba a súa fixeza dogmática: algunhas das grafias ían resultar, dado o seu caráiter experimental, provisionás i esixirían, xa que logo, unha revisión, tal como sucedéu en toda língua culta. Nembargante, os feitos teñen demostrado que, a pesares da súa —digamos— "improvisación", as reitificaciós inxeridas despóis foron moi poucas.

A fixación da ortografía catalana era xa, daquela, unha realidade incontrovertíbel que documentaba o trunfo do criterio científico de Pompeu Fabra, así como demostraba que os gramáticos tiñan emprincipiado a se convertir en colaboradores eficentes e indispensábeles dos escritores, na restauración do idioma.

No 1918 o propio Institut publicóu a "Gramática catalana" de Pompeu Fabra, cumiación do seu voluminoso tratado do 1912. Según Coromines, esta obra, cinguida á doutriña esencial, despoxada de dogmas léxicos e literarios, amosa a importancia do aspeito codificador dunha reforma lingüística trunfante.

KEROUAC E A "XENERACIÓN BEAT"

NUNHA vila de Florida, nos Estados Unidos, finouse o novelista Jack Kerouac, predecesor do movemento *Hippi*. "Pra min —ten escrito Kerouac— enxamáis houbo máis persoas que os tolos, os chiflados, os loucos por vivir, por falar, por se salvar; desexosos de todo a un tempo; os que nunca bocexan nin dín un lugar común; sinón que alabarean, alabarean e alabarean, como fabulosos foguetes que estouran antre as estrelas".

On the read (*No camiño*), novela traducida a once idiomas, antre eles o castelán, pasa por ser a biblia da xeneración *beat*. Tardóu en escribila tres semás i é un arroutado e pululante itinerario de encontros e adeuses a traveso de pobos mínimos i exóticos, como Gregoria, que aparez ó cabo da narración, á que os protagonistas chegan pola Estrada Panamericana, moi perto xa do Trópico de Cáncer. Tras da evasión fonda e a conduta marxinal, o autor remata dando, dende o seu "Cadillac", un tristeiro abur ó antigo compañeiro de vieiros e reveses, o singular Dean Mariarty.

Case todas as súas novelas (*Big Sur, The Town and the City, Lonesone Traveller, México City Blues*), escritas en primeira persoa, describen experiencias do autor cando viaxaba polos Estados Unidos en auto-stop ou en trens de mercancías, na percura "dunha vida que non estivera afastada da imaxinación".

Giancarlo Vigorelli, un crítico italián, dos primeiros conocedores de Kerouac, manifestóu recentemente que na literatura *beatnik* de Kerouac o que menos se salva é o propio Kerouac. Os escritores que duran e que durarán sempre —engade— son os poetas: Ginsberg, Ferlinghetti, Corso, e sobre de Kerouac estará decote, non por diletante, sinón por tráxico, William Borroughs. É unha opinión.

O fin de Kerouac ten sido, nembargante, tráxico: a súa obra máis achegada, a partir de *The Dharma Bums* —por certo traducido ó catalán— é unha sucesión de arroutádas histéricas, de *intervalla insaniae*, reflexo clínico *dos seus soños baixo dos efeitos das drogas*. É decir, soños máis artificiás que verdadeiros. Kerouac quixo, en valuto, outorgar presunta universalidade ós seus postreiros delirios. Motivación pueril. "O feito —escribe— de que todas as persoas soñen cada noite, vencella á humanidade nunha especie de, digamos, Sindicato Anónimo, e proba tamén que o mundo é un verdadeiro ouxeto trascendente".

PINTURAS DE COLMEIRO EN PARIS

ENTRE os días 20 de xaneiro ao 7 de febreiro, presentóu o pintor Manuel Colmeiro unha mostra da súa obra máis recente na "Galerie Camille Renault", de París. A exposición, que tivo grande ésito, foi acollida moi louvatoriamente pola crítica. Un dos máis importantes críticos franceses de arestora, Pierre Gaspar, fixo a seguinte, breve pero sustanciosa, presentación da obra do artista de San Fiz de Margaride:

"A humanidade da pintura de Colmeiro inspírame estas liñas. A luz de Galicia, as súas paisaxes, as súas esceas da vida cotián, son unha especie de leición de paz, un xeito de aito de fé. Onde dí Galicia, poderíase lér: Galilea. É a simplicidade que se respira no Evanxeo, o mesmo amor, nunha palabra.

Nese país dos contrastes violentos que é España, Galicia representa o equilibrio. A luz e as sombras non son nunca violentas. Aquí non é a linguaxe da pasión a que falta na paisaxe, como en Castela ou no Sul, sinón a bondade, a sereidade.

Non compre que o pintor nos traduza. Case sin pintar, dános a moral do que se olla. Colmeiro é o intérprete discreto que nos conduz e nos pon na evidencia da armonía da que nós compartillamos. Eu atopo nas súas telas o mesmo que me retén dediante das telas de Cezanne: o lumioso mensaxe da razón.

A misión do artista é revelármonos a coherencia do mundo que nós sabemos descobrir sós, e meternos na unidade deste conxunto. Esto está perfeitamente conseguido na obra de Colmeiro. Que proceda de Galicia ou de outra parte, non importa. Esta obra sitúanos na nosa patria, unha patria ecuménica".

NOTAS

EN DOUS grosos volumes acaba de se publicar a correspondencia de Gide con Roger Martin du Gard, o autor de *Les Thibault*. O tomo primeiro abrangue os anos antre 1913 e 1934, e o segundo antre 1935 e 1951. Son unhas mil trescentas páxinas que documentan a amistade de dous escritores de primeira liña no noso século. Na correspondencia pode advertirse a importancia que Martin du Gard daba ás opiniós de Gide, quen era o primeiro leitor das páxinas daquél. Foi Gide, por outra banda, quen recomendóu pra se publicar o manuscrito de *Jean Barois*, a obra inicial de Martin du Gard. Á súa vez, éste gravitóu resoltamente na composición de *Les Faux-Monnayeurs*, como o reconocéu o propio Gide. Estas cartas contribúen tamén a revelar interesantes aspeitos da persoalidade de André Gide.

EN Lisboa, ós cincoenta e oito anos de edá, finóu o novelista Antonio Alves Redol, criador en Portugal de un xénero popular de vasta audencia: o neorrealismo rexionalista, que a traveso dos brasileiros José Lins do Rego e Jorge Amado marca unha época literaria. O Ribatexo —paisaxe e pobo— foron esceario natural das súas novelas, trasladado máis tarde ó Alto Douro dentro do ciclo *Port-Wine*. O seu primeiro libro, *Gloria, uma aldeia do Ribatejo*, data do 1938 i é un ensaio etnográfico sobre daquela bisbarra.

A NOVELA *Portnoy's Complait*, de Philip Roth é nestora un dos meirandes ésitos nos Estados Unidos. A xuicio de algús críticos, o autor de *Godbye Columbus* acadóu na nova obra a forma ideal do relato xudeu-norteamericano.

"Realizóuno —dí Johns Greenfeld— así, sinxela e brillantemente, guindando ó seu protagonista xudeu-norteamericano no sofá do sicoanalista e permitíulle berrar, delirar e descobrírese a sí mesmo. O resultado non é só ún deses seguros acertos no sempre escurecido eido do humor, unha novela que é besbelliza e doorosamente conmovedora, sinón tamén un libro gorentosamente parrandeiro, ausurdo, exhuberante, salvaxe e reloucante". Con *Portnoy's Complaint,* Philip Roth amécese ós mellores novelistas xudeus dos Estados Unidos: Salinger, Bellow e Malamud.

SON sete as Cantigas de Martín Códax, cantigas de refrán en estrofas paralelísticas, por onde entra coa súa melodía o mar namorado. Sobre *Cómo cantar y tañer las cantigas de Martín Códax* ven de publicar agora un interesante estudo, Rodrigo A. de Santiago. Somente a solo de voz e acompañamento de viola de arco —escribe o autor— e algún instrumento rítmico, neste caso o *adufe,* é posíbel a interpretación de tan sentidas páxinas musicás. Veleiquí, pois, o seu acompañamento, inda que tampouco exclúe que fose a zanfona ou viola de roda o instrumento acompañante. Pero Rodrigo A. de Santiago tamén se pregunta: ¿Por qué a viola e non a gaita ten de ser o instrumento acompañante dos troveiros galegos, cando a gaita é un instrumento máis propio das razas celtas que non a viola?

PAOLO Milano, crítico literario de "L'Espresso", despóis dun viaxe ós Estados Unidos, refírese ó caso dunha ducia de ademiradores de James Joyce que decidiron xuntárense pra lér, coa presencia dalgús amigos, *Finnegans Wake* en forma integral, ininterrumpida e, por suposto, en alta voz. A leitura duróu dous días e duas noites. "Eu estiven antre os auditores —dí Milano— pouco máis dunha hora. Tempo dabondo pra me confirmar en duas persuasiós: que *Finnegans Wake* é un poema oral imposíbel de se entender a boca pechada; e que os ingredentes italiáns —léxicos, históricos e ideolóxicos— son innumerábeles e aínda non dados a conocer enteiramente e na súa unidade".

A COLLANA Letteraria Documento, coa direición de Nanni de Stefani, recolle en douscentos discos microsurco unha serie de textos célebres en prosa e verso, literarios e dramáticos, ditos por conocidos actores. O disco é acompañado pola reprodución da obra íntegra. Teñen aparecido, antre outras, *A Divina Comedia,* en dazaoito discos, en versión ó coido de Natalino Sapegno, e *Orlando furioso,* sete discos, ó coido de Italo Calvino.

O CENTRO Cultural Portugués de París organizóu naquela capital unha esposición adicada a Voltaire, polo que éste ten de vencello literario á terra de Camoens. Como é sabido, a Voltaire seducíao a lembranza de Portugal. O rasto queda na súa obra: *Candide;* o poema encol do terremoto de Lisboa; o atentado contra D. José I polos nobles; a Inquisición, etc. Manuscritos, cadros, esculturas, medallas e ouxetos diversos, amén de ediciós orixinás, enriqueceron a mostra en tres seiciós: As obras de Voltaire que se refiren a Portugal; Portugal na época de Voltaire; e Voltaire e Portugal (traduciós portuguesas da súa obra e crítica portuguesa).

O RIJKMUSEUM —Museu Real de Amsterdam—, creado no 1808, decidíu conmemorar o tricentenario da morte de Rembrandt Harmensz van Rijn (1606-1669), coa realización dunha mostra escepcional. De antre as moitas obras pintadas polo grande artista holandés, escolléronse só vintecatro, sin ter en conta a época na que foron pintadas, sinón a súa perfeición indiscutíbel. Os Estados Unidos de América contribuiron con catro telas; Inglaterra, Alemania Oicidental, Suecia e a Unión Soviética, con dúas cada quen; e Alemania Oriental, Austria, Portugal e Irlanda, con unha. A exposición outivo o propósito agardado: xuntar no país de orixe do autor, e por primeira vez, un grupo das mellores obras de Rembrandt espalladas polos principás museus do mundo.

PORTUGAL prepárase pra celebrar o primeiro centenario da chamada "Xeneración do 1870", pléiade de homes ceibes que actuóu movida por un mesmo ideal: o de integrar a Portugal na cultura europea. Asegún Antero de Quental, a xeneración do 70 tivo programa, peró carecéu de doutrina. Antero, Eça de Queiroz, Oliveira Martins, Ramallo Ortigão, Guerra Junqueiro, Teófilo Braga, a traveso da súa obra crítica e creadora, foron, denantes que outra cousa, os integradores de Portugal, país mergullado daquela en prexuicios e ortodoxias medievás.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	70	ptas.
Estranxeiro	85	"
Suscrición anual, 4 números ..	240	"
Estranxeiro	280	"

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP. FARO DE VIGO